



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 145

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 16 de marzo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

#### ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 46932 (09/PNP-003403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.2 46969 (09/PNP-003407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar ao Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.3 47261 (09/PNP-003431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.4 47381 (09/PNP-003442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.5 47539 (09/PNP-003454)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en  
relación coa protección das persoas desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.6 47584 (09/PNP-003456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en rela-  
ción co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo  
respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para  
o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o per-  
soal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.7 47696 (09/PNP-003465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodas Chapela, Daniel  
Sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos  
recursos consignados para a acuicultura intensiva nos orzamen-  
tos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticul-  
tura ou a pesca artesanal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.8 47768 (09/PNP-003472)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis  
Sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parla-  
mento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego  
do infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

### Punto 5. Interpelacións

5.1 46769 (09/INT-001784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis  
Sobre o impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescri-  
ción de enfermaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

5.2 47102 (09/INT-001798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a  
centros privados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

5.3 47451 (09/INT-001822)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Solla Fernández, Eva, e catro deputados/as máis  
Sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos  
casos de aborto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

### Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 48099 (09/POPX-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis  
Sobre a valoración das políticas de igualdade do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

6.2 48112 (09/POPX-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Jorquera Caselas, Francisco Xesús  
Sobre o sector eólico galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

6.3 48123 (09/POPX-000175)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Sánchez García, Antón  
Sobre o balance do actual proxecto de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

### Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48113 (09/PUP-000256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa  
Sobre a redución de orzamento destinado á xestión de servizos  
de internamento de menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.2 48120 (09/PUP-000257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis  
Sobre a valoración do proceso de fusión iniciado polos concellos  
de Cotobade e Cerdedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.3 46947 (09/POP-004434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
González Santín, Juan Carlos, e tres deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación dalgunha medida para a devolución das cantidades debidas aos contribuíntes polo cobramento indebido do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

7.4 48098 (09/PUP-000255)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a demora na aprobación dun protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.5 48006 (09/PUP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis

Sobre a incidencia que vai ter a disposición derogatoria única da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos concellos que se rexen polas súas normas subsidiarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.6 47351 (09/POP-004509)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valoración das ofertas presentadas no concurso eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.7 47364 (09/POP-004516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.8 47552 (09/POP-004541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da tarxeta *Benvida*, de achega de cen euros ao mes para os nenos que nazen a partir do 1 de xaneiro de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

7.9 46604 (09/POP-004397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da caída dos tráfico de mercadorías nos portos galegos e, en concreto, nos da Coruña e Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración das políticas de igualdade do Goberno galego.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o sector eólico galego.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx.15.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o balance do actual proxecto de goberno.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar ao Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 20.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 25.), *Sra. Acuña Do Campo (S)* (Páx. 26.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 27.)

---

*A señora Adán Villamarín (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 28.)*

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Beiras Torrado (AGE). (Páx. 29.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 32.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 33.), Sra. Prado Cores (BNG.) (Páx. 35.) e Sr. Dorado Soto (P). (Páx. 36.)*

*O señor Beiras Torrado (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 38.)*

*O señor presidente, ao abeiro do disposto no artigo 108 do Regulamento da Cámara, explusa da sala o señor Beiras Torrado (AGE). (Páx. 39.)*

*Suspéndese a sesión mentres o señor Beiras Torrado abandona a sala e retómase a continuación.*

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 39.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Baamonde Díaz (P). (Páx. 40.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 42.) e Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 42.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Fernández Rodríguez (M) (A señora Fernández Rodríguez comunica que as deputadas do seu grupo parlamentario van abandonar o salón de sesións pola expulsión do señor Beiras Torrado) (Páx. 44.) e Sr. Ron Fernández (AGE). (Páx. 44.)*

*O señor Baamonde Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 45.)*

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fajardo Recousó (AGE). (Páx. 46.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 48.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 49.), Sra. Quintas Álvarez (S) (Páx. 50.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 51.)*

*Nova intervención do señor Fajardo Recousó (AGE). (Páx. 52.)*

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 55.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 57.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 58.)

*Nova intervención da señora Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para a acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 62.), *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 63.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 64.)

*O señor Rodas Chapela (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 65.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parlamento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego do infarto agudo de miocardio.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 70.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 71.)

*O señor Núñez Centeno (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 73.)

### **Votación das proposicións non de lei**

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto: *aprobado por unanimidade, con 69 votos a favor.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar o Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hos-

---

pital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria: *rexeitado por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal: *aprobado por 63 votos a favor, ningún en contra e 6 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas: *rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica: *rexeitada por 30 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal: *aprobada por unanimidade, con 69 votos a favor.* (Páx. 76.)

*A señora Acuña do Campo dá lectura ao texto transaccionado co Grupo Mixto.* (Páx. 76.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parlamento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego do infarto agudo de miocardio: *aprobado por 40 votos a favor, ningún en contra e 29 abstencións.* (Páx. 76.)

*Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e media.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescripción de enfermaría.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 81.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña).* (Páx. 88.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e catro deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 90.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 94.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución de orzamento destinado á xestión de servizos de internamento de menores.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 96.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 97.)

**Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación dalgunha medida para a devolución das cantidades debidas aos contribuíntes polo cobramento indebido do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 100.)

**Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia que vai ter a disposición derogatoria única da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos concellos que se rexen polas súas normas subsidiarias.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 103.)

**Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valoración das ofertas presentadas no concurso eólico.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 105.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.** (Punto sétimo da orde do día.)

---



Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 108.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da tarxeta *Benvída*, de achega de cen euros ao mes para os nenos que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2016. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 111.)

*Remata a sesión ás sete e trece minutos da tarde.*

---

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días a todos e a todas.

Retomamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración das políticas de igualdade do Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don José Luis Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, vouno distraer uns minutos desa dúbida hamletiana que ten vostede sobre o traballo na empresa privada.

Sabemos que vostede ten traballado duro, que fixo méritos para ter un currículo axeitado. Por exemplo, amosando sensibilidade dabondo co sufrimento das persoas. Vostede, xunto cos seus, expulsaron a mocidade galega do mercado laboral, devaluaron os salarios e suprimiron dereitos. Os beneficios empresariais medraron ao mesmo tempo que empeoraba o nivel de vida da maioría da xente.

Por se non chegaba, vostede regalou o vento de Galicia a algunhas empresas a cambio de investimentos ilusorios, permitiu un pelotazo co hospital de Vigo pagando máis do duplo do seu custo real, privatizou sen criterio todo tipo de servizos públicos en favor duns poucos. É a folla de servizos dun executivo ao servizo dos mercados das grandes corporacións, con receitas de austeridade e contrarias ao crecemento que teñen fracasado aquí e en todos os lugares de Europa, como agora mesmo reconece o presidente do Banco Central, o señor Draghi.

Pero hoxe queríamos falarlle de políticas de igualdade, en primeiro lugar, no mercado laboral. As mulleres galegas teñen máis dificultades para acceder ao emprego, máis dificultades de permanencia e menos oportunidades de promoción que os homes, claro, e reciben salarios que son de media vinte e tres puntos máis baixos que os seus compañeiros masculinos.

Está demostrado que existe unha relación en todos os países entre menor equidade doméstica e menor participación no mercado laboral. En Galicia, por cada hora de traballo familiar non remunerado que fan os homes, as mulleres fan catro horas, consecuencia: tres de cada catro mulleres teñen traballos a tempo parcial; tamén teñen maior temporalidade, e reciben, finalmente, pensións moito máis baixas. Corríxome: dos empregos temporais, de cada catro, tres están ocupados por mulleres.

As mulleres non nacen, fanse, dicía Simone de Beauvoir. ¿Que fan vostedes culturalmente para axudar a que sexan mulleres? Estudantes de formación profesional, as mulleres son os dous terzos na rama administrativa, o 94 % na rama de imaxe e perruquería, o 86 % na rama de servizos sociocomunitarios e o 88 % na rama téxtil; naturalmente, as ramas que teñen peores salarios. En cambio, soamente representan o 3 % en automoción, o 8 % en enerxía, o 14 % en informática e o 17 % en instalacións e mantemento, que son, obviamente, as especialidades mellor retribuídas.

Señor presidente, se a política en emprego non dá resultados, se a formación dá isto que acabo de dicirle e se a conciliación non está desenvolva, ¿quere dicirnos que vai facer pola igualdade? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, falaba vostede de moitas cousas ao inicio da súa intervención, entre elas, da reforma laboral. Tiven ocasión a semana pasada de asistir convidado polo señor Cándido Méndez á súa despedida como secretario xeral da UXT, tocouse ao lado a Nicolás Redondo –non fillo, senón pai– e falamos, entre outras cousas, das dificultades que teñen os gobernos de entenderse ás veces coas organizacións sindicais. Vostede recordará, señoría, cando houbo dúas folgas xerais contra Felipe González polas súas reformas laborais; é máis, nunha delas Nicolás Redondo, secretario xeral da UXT, abandonou a acta de deputado do Partido Socialista Obrero Español. Alí tamén estaba o ex presidente Rodrí-

guez Zapatero e tamén se recordou como o señor Rodríguez Zapatero –vostede debería sabelo porque era alto cargo dese goberno– tivo dúas folgas xerais polas súas políticas laborais. Por iso, señoría, gustaríame simplemente que para efectos de igualdade, vostede teña unha igualdade de trato coa historia do Partido Socialista Obreiro Español e co presente do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Señorías, pero como hoxe aquí entendo que vimos falar doutra cousa, da igualdade das mulleres, *(Murmurios.)* permítame que dea resposta a parte da súa pregunta.

Mire, señoría, é evidente que aínda seguimos sufrindo a desigualdade efectiva e real entre as mulleres e os homes, sen dúbida. O pasado 8 de marzo tiveron a oportunidade con outros membros do Goberno de estar no acto institucional da Xunta de Galicia para celebrar xustamente ese compromiso. E aí había varias mulleres que deron a súa testemuña. As mulleres de maior idade recoñecían que estabamos nunha situación moito mellor da que tiveron elas durante a súa mocidade. Sen embargo, as mulleres máis novas reclamaban que había aínda moitas cousas por facer. Eu estou de acordo coas dúas e o que me preocupa é o testemuño das segundas, é dicir: aínda quedan moitas cousas por facer.

Señoría, por iso aprobamos o VI Plan galego de igualdade, o único que ten unha memoria económica, 220 millóns de euros. Por certo, de todos os plans de igualdade aprobados pola Comunidade Autónoma, cinco dos sete foron aprobados polo Partido Popular. Agora presentaremos o seguinte plan, ata o ano 2020. Por iso, señoría, imos seguir traballando no eido da igualdade.

Señorías, cando me falan vostedes dos problemas laborais da muller, eu comparto esa tese, pero permítame que polo menos lles dea os datos. Miren: poboación activa, no ano 2002 só o 42 % das mulleres formaban parte da poboación activa, hoxe o 47,7 %, uns 5,7 puntos máis; a poboación ocupada feminina no ano 2002 era do 40 %, hoxe do 47 %, sete puntos máis, e a poboación parada feminina no ano 2002 era o 61 % e hoxe o 50 %, é dicir, once puntos menos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, estou convencido de que vostede se alegrará

igual ca min se lle dou o dato que acaba de saír publicado: Galicia foi a segunda comunidade autónoma onde subiron máis o salarios das mulleres. E seguro que se alegrará tamén se lle digo que no ano 2015 hai 13.400 mulleres, segundo reflicte a EPA, que atoparon traballo.

Señoría, se me fala de igualdade, estou de acordo con vostede: queda moito por facer. Pero, con todos os respectos, este goberno traballar pola igualdade traballa. Lamentablemente aínda *(Murmurios.)* sen os datos e os resultados que nos gustarían. Pero, señor Méndez Romeu, falar de igualdade dentro do Partido Socialista hoxe é imposible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, permítame que adiviñe do que falou vostede alí co señor Redondo e todos eses sindicalistas, sei que o tema sindical o pon especialmente. ¿Dixéronlle talvez que estaban emocionados, encantados e que aplaudían e respaldaban a súa reforma laboral, ou estaban simplemente falando devagar sobre o que foi a historia cando eramos máis novos e todo isto? Señor Feijóo, sexamos serios. *(Murmurios.)*

Están ben os datos que vostede me dá a condición de ter presente que nos últimos sete anos con vostede baixou o número de ocupados neste país e medrou o paro. A partir de aí podemos falar.

Mire, señor presidente, política súa de igualdade: reducir os orzamentos de emprego á metade, eliminaron 211 millóns de euros cada ano. Esa é a realidade en políticas de emprego. ¿E sabe canto baixaron os orzamentos de igualdade? Informo á Cámara, que vostede xa o sabe: nun 78 %. Pero, ¿de que me está falando, señor Feijóo?

Atención ás mulleres en situación de violencia de xénero. Ano 2008, a Xunta garantía entre salario e prestacións sociais de trinta e catro a corenta meses de cobertura, e vostedes hoxe garanten seis meses, a sexta parte, señor Feijóo. E, sen embargo, a violencia repuntou desgraciadamente e temos a peor cifra do Estado.

Se non lle gustan as cifras e prefire os datos simbólicos, mire para o banco do Goberno, ten catro conselleiras sobre dez, e para elas tivo que darlle a cada unha (*Aplausos.*) media consellería, e todas xuntas soamente xestionan o 13 % do orzamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Está aí...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Lexislación do Goberno amigo: restricións na interrupción do embarazo para as mulleres... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...de dezaseis e dezasete anos, dificultades das mulleres para acceder aos tratamentos de reprodución asistida e o escándalo da atención lamentable ás mulleres con aborto euxenético.

Señor Feijóo, con estes antecedentes, a verdade é que non me estraña nada que vostede aupe e se abraza e encumbre o señor Baltar; o mesmo que en lugar de facer convocatorias públicas para a cobertura de postos de traballo prefire citar a xente en condicións humillantes na suite 505. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Méndez Romeu.

Rolda de peche, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, creo que debería retirar vostede o comentario que fixo sobre as conselleiras deste goberno. (*Aplausos.*) Creo que si, debería retiralo; alá vostede, señoría. É o seu concepto de igualdade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, con oito...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Se as mulleres do Partido Socialista están a favor dos seus comentarios non o retire. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Acuña, ¡silencio, por favor! Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...este goberno tivo oito consellerías... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...durante moito tempo, oito consellerías; o titular das mesmas, das oito consellerías do Goberno, cinco eran mulleres e tres homes. ¿Dígame que Goberno na historia de Galicia tivo menos do 40 % de homes no seu Goberno? En consecuencia, con dubidoso cumprimento da Lei de igualdade, pero ao revés.

Mire, señoría, se vostede ten ese concepto do Goberno, das conselleiras que o conforman e das súas capacidades é o seu problema, eu vou seguir traballando coas mulleres (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, señoría, señoría... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. ¡Señora Acuña!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...as axudas económicas periódicas...

**O señor PRESIDENTE:** Señora Acuña, silencio, silencio. Señor Lomba, silencio. Por favor, ¡silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, as axudas económicas periódicas ás vítimas, Galicia é a única comunidade autónoma que as ten. Levamos nove anos consecutivos, recesión incluída. Tan só hai unha comunidade que empezou no ano 2014, que é Estremadura.

Pero os galegos e as galegas dedicamos os nosos impostos, unha parte –seguro que insuficiente– a axudar as vítimas

de violencia de xénero. Levamos investidos 22 millóns de euros, e temos atendido con esas axudas 3.000 mulleres. Señorías, levamos apoiando oitenta centros de información ás mulleres e incrementamos o presuposto último un 36 %. Creamos un Observatorio Galego das Vítimas de Xénero. Abrimos o primeiro e único centro integral para tratar as mulleres con violencia de xénero e amparalas. Incluímos currículos nas nosas escolas públicas para advertir do disparate machista que se produce contra as mulleres. E o Plan de dinamización das mesas locais contra a violencia de xénero estámolo coordinando con todos os concellos.

Señoría, podemos aproveitar esta sesión de control para falar ou para acordar, eu creo que sería o lóxico; tamén a podemos aproveitar para facer un cruzamento de reproches partidistas. Eu, dende logo, vin a esta pregunta para falar e para acordar. Creo que é o que nos pide toda a sociedade galega. Se vostedes seguen utilizando tamén isto para facer un cruzamento de reproches partidistas, dáme a sensación de que as súas opcións de perder se multiplican por dez.

Multiplícamos por dez moito máis as prazas das escolas infantís; por iso este goberno cando chegou tiña 13.000 prazas de escolas infantís e hoxe hai 20.500 prazas de escolas infantís, un 60 % máis. Señoría, cando chegamos ao goberno, de cada 1.000 nenos e nenas había 21 prazas de escolas infantís...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...hoxe hai 33. Señoría, cumprimos as ratios da Unión Europea. E o compromiso non é facer o que fixemos, non, o compromiso é seguir traballando. E por iso no próximo curso empezarán a funcionar catorce novas escolas infantís máis.

Señoría, sobre a historia das reformas laborais o que lle podo dicir é que... (*Murmurios.*) ...a Fundación de Estudos de Economía Aplicada di textualmente:...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...“A reforma laboral si creou emprego”. As súas reformas laborais, señor Méndez Romeu, como vostede sabe e a historia o acredita, creou paro.

Grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o sector eólico galego**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, entre vostede e eu, agora que non nos escoita ninguén, ¿preséntase ou non? (*Murmurios.*) Mire, non sei se se vai presentar, o que si sei, señor Feijóo, é que a primeira vez que se presentou vostede chegou á presidencia da Xunta alimentando dúas falsidades:

A primeira, a da imposición do galego. Agora é o propio Consello de Europa quen advirte do efecto demoleedor para as políticas de normalización do noso idioma do mal chamado “Decreto de plurilingüismo”, e denuncia que o seu Goberno incumpre a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias subscrita polo Estado español.

E a segunda falsidade, señor Feijóo, foi a de que o concurso eólico do anterior Goberno era ilegal. E agora o Supremo di que o que foi ilegal foi a anulación daquel concurso, que incorreron vostedes en desviación de poder. E o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acaba de dicir que o que si é ilegal é o concurso eólico do seu Goberno.

Mal que lle pese, señor Feijóo, a xustiza di que a ilegalidade a cometeron vostedes, foron vostedes os que crearon unha situación de inseguridade xurídica. E a consecuencia é a ruína dun sector no que eramos punteiros. Cando vostede chegou á Presidencia da Xunta eramos a maior potencia eólica do Estado español, agora somos a cuarta, señor Feijóo.

O ano pasado en Europa medrou o investimento na enerxía eólica nun 40 %. Só en Alemaña se instalaron máis de seis mil megavatios; en Galiza cero, señor Feijóo. Anunciaron que co novo concurso se ían investir 6.000 millóns de euros, que se ían crear entre empregos directos e indirectos

13.200 postos de traballo, e resulta que nos últimos anos o resultado das súas políticas foi cero megavatios instalados, cero euros investidos e nin un só posto de traballo creado.

O seu Goberno acaba de presentar o Plan estratéxico de Galiza 2015-2020. Pretenden aumentar nun 30 % o consumo de enerxías renovábeis. ¿Pode dicirme como o pensan facer, señor Feijóo?, ¿con decisións que provocaron a parálise e a ruína do sector?, ¿permitindo que o Goberno central dite políticas que anulen por completo o noso potencial neste eido?, ¿aplaudindo que o Goberno central decretase o parón das renovábeis?, ¿aplaudindo tamén que penalice o autoconsumo eléctrico?

Señor Feijóo, unha vez máis a súa irresponsabilidade e sectarismo saíronlle moi caros a este país. Por iso, ¿vai asumir responsabilidades polo fiasco provocado polas decisións do seu Goberno no sector eólico galego?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Jorquera, na mesma intimidade que vostede me fai esa pregunta, a primeira, se imos ter candidato ou non. Mire, señoría, ao que imos aspirar é a que o Partido Popular sexa o primeiro partido que teña candidato á presidencia da Xunta de Galicia. Ese é o noso obxectivo, señoría. Para nós Galicia é o máis importante, nacemos aquí, imos seguir traballando aquí. (*Aplausos.*) E para o Partido Popular, señoría, o obxectivo é que teñamos un candidato antes que o resto das forzas políticas. Non lle direi se vostede vai ser candidato ou non porque non teño ningún interese en amolalo.

Mire, señoría, dúas razóns sobre o concurso eólico:

A primeira, nós anulamos o concurso eólico porque así nolo mandaron os galegos. No ano 2009 presentámonos ás eleccións como vostede sabe e no programa electoral (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) do Partido Popular –permítame que lle cite–: “O PPdeG” –dicía o programa electoral– “revisará de oficio todo o procedemento do concurso eólico, procedendo, se é caso, á súa anulación e a unha

nova convocatoria. Así mesmo,” –di o programa electoral– “a resolución final de adxudicación será aprobada polo Consello da Xunta, máximo órgano colexiado do Goberno galego”. Señoría, anulamos o concurso eólico porque era un compromiso electoral votado en urna.

Señoría, ademais anulamos o concurso eólico porque, certamente, vinte sentenzas confirman que a anulación do concurso eólico do Bipartito é correcta, incluída unha sentenza do Tribunal Supremo. Non debería vostede de evitar esta información á Cámara.

E a segunda razón, señoría, pola que anulamos o concurso eólico foi unha razón sobrevida; é certo, enterámonos despois. Permítame que cite unha declaración valente e sensata e moi reveladora sobre o concurso eólico do Bipartito. Leo textualmente: “Para min os problemas políticos máis serios proviñan do modo en que o conselleiro Blanco e o vicepresidente Quintana instrumentaban este proceso, que non ofrecía garantías desde a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental, da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban cada oferta”. Prosigo: “De feito, premeron o acelerador e levaron adiante o proceso. Chegouse ao mes de setembro sen que se constituíse a obrigatoria comisión de valoración, da que formaba parte xunto con sete membros da Consellería de Industria cadanseu representante das consellerías de Medio Ambiente, Política Territorial e Medio Rural. Tiven que reclamarlle a súa constitución”. Prosigo: “Mentres, en paralelo, funcionaba unha mesa de traballo da consellería, que co apoio dunha consultora externa era quen efectivamente procedía á selección dos proxectos”. Prosigo: “No tramo final do proceso, último trimestre de 2008, tiven practicamente tomada, polo menos en dúas ocasións, a decisión de cesar o conselleiro de Industria. A súa actuación era inadmisíbel e dunha gran deslealdade”. Fin da cita, señor Jorquera. Consulte o libro, titúlase...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...*O futuro é posible*, páxinas 400, 402 e 404.

Señoría, non podo estar máis de acordo con este relato, é o relato que coñecemos todos os galegos daquela. Por iso, señoría, a anulación do concurso eólico do Bipartito (*Murmurios.*) foi correcta, foi procedente e foi lóxica. Vostede

comprenderá que con estes antecedentes un Goberno responsable o que tiña que facer...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...é o que fixo, e o que está avalado por vinte sentenzas dos tribunais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...incluída unha do Tribunal Supremo: anular o concurso eólico do Bipartito.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Señor Feijóo, para vostedes Galiza será o máis importante, pero a realidade é que van deixar o noso país como un farrapo de gaita.

Mire, vostede é experto en negar a evidencia. ¿Sabe cantos empregos había en Galiza vencellados ao sector eólico? Uns 5.600. ¿Sabe cantos hai agora? Sobre mil. Perdéronse máis do 82 %, señor Feijóo.

Non sei se sabe vostede que as sentenzas non se miden ao peso. Abonda con que unha sentenza declare ilegal o concurso eólico do seu Goberno para que sexa ilegal dende o momento en que a sentenza sexa firme. E abonda con que o Supremo ratifique que foi ilegal a anulación do anterior concurso para que aquela anulación sexa ilegal.

Xa sei que a vostede lle gustan moito as citas. Mire, vou citar o que di o Supremo, o que di a xustiza, señor Feijóo. Di que vostedes anularon aquel concurso baixo a escusa de “evitar a consolidación dunha suposta situación ilegal que non existía”. Fin da cita, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

¿Sabe que di o Tribunal Superior, dado que lle gustan as citas, señor Feijóo?, ¿sabe que di o Tribunal Superior? Que “a actuación da Xunta foi arbitraria, contraria á igualdade de

trato e contraria a dereito”, señor Feijóo. Fin da cita. (*Aplausos.*) E por iso obriga agora a Xunta de Galiza a volver ao punto cero na valoración das ofertas.

As súas frivolidades saénnos moi caras, señor Feijóo. Acusámolo nesta cámara nunha ocasión de actuar de bróker en vez de presidente da Xunta de Galiza. Fixémolo cando vostede viaxou a México para negociar a venda de Barreras a Pemex a prezo de ganga. Quizais xa estaba ensaiando naquela ocasión deixar a política para pasar á actividade privada. Mire, agora a prensa mexicana inclúe a Barreras na lista de activos non produtivos que Pemex pensa vender para reducir débeda. ¡Que gran negocio para o noso país fixo vostede!

Como co sector eólico, vostede non só provocou a ruína do sector, senón que agora haberá que asumir o pago de indemnizacións millonarias e o resarcimento do lucro cesante. Pero en vez de admitir o seu fracaso, señor Feijóo, como sempre vostede prefere negar a evidencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Jorquera.

Rolda de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, ¿vostede di aquí que o concurso eólico da Xunta de Galicia actual está anulado?, ¿manteno? O concurso eólico da Xunta de Galicia non está anulado, non hai ningunha sentenza firme que anule o concurso actual.

Señor Jorquera, non podemos dicir solemnemente que un concurso eólico está anulado cando non o está. Hai vinte e unha sentenzas, dezasete a favor da Xunta de Galicia e tres delas están en trámite e ningunha é firme, señoría. O que si hai é sentenzas firmes que anulan dos tres concursos que fixo o Bipartito dous: anulado o concurso de parques eólicos singulares, 100 megavatios; anulado o parque eólico empresarial, 565 megavatios. ¿De que me está falando, señor Jorquera?

Os concursos que vostedes fixeron están anulados polos tribunais de forma definitiva e o concurso que está en trámite non hai ningunha sentenza firme que teña anulado o concurso

da Xunta de Galicia. Pídlle respecto para a Xunta de Galicia e pídlle respecto para a verdade, señoría. *(Aplausos.)*

Señoría, o que nós fixemos durante este tempo, onde como vostede e eu sabemos caeron as primas cando vostedes querían traballar co eólico, todos os españois e galegos estábamos pagando as primas do eólico, e agora non hai primas; agora non gastamos diñeiro en subvencionar as enerxías das empresas eléctricas, esas das que vostede presume.

Señoría, nós o que fixemos foi adxudicar concursos e megavattios, si, un 60 % máis que vostedes. Temos uns 759 megavattios adxudicados. Si, señoría. Comprendo que é un problema este do eólico, pero hai que ter os antecedentes e hai que estudalos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Uns 759 megavattios, un 60 % máis que o seu Goberno.

O que fixemos, señoría, é pedir-lles a esas empresas 137 millóns de euros do canon eólico, cousa que vostedes lles pediran cero. Uns 137 millóns de impostos están pagando as empresas eólicas en Galicia. Por iso con vostedes estaban moi contentas e con nós non recorren, señoría. Esa é a gran diferenza entre defender os intereses de Galicia e simplemente dar a determinadas empresas megavattios. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿vostede cre honradamente que 1.000 millóns de euros investidos xa nos plans industriais, 1.000 millóns, e 2.000 empregos creados é pouco balance, a pesar de primas cero?

Señoría, mañá no Consello da Xunta imos aprobar dous novos parques eólicos, dous: na Baña e na Pastoriza; novos, 36 megavattios; investimento, 50 millóns de euros, pero sen primas, señoría, sen subvencións. É dicir, o que queira investir no vento galego que invista e que pague o canon eólico. Con vostedes nin pagaban nada, ¡e aínda encima os subvencionaban!

Mire, díggollo con todo respecto, señor Jorquera, o que fixen na anulación, ademais de comprometerme cos galegos no programa electoral, foi o que quería facer o anterior presidente e non lle deixaron. Pero tivo a gallardía de contalo aos galegos e dicirnos realmente o que estaba pasando no seu Goberno, e creo que iso o dignifica como persoa e como presidente do Goberno de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por iso, señoría, eu fixen o que tiña que facer. Lamento profundamente que lle fagan a vostede facer este papelón. ¿A quen está defendendo, señoría?, ¿cales son os intereses do BNG no concurso eólico?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, por favor, señor presidente. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, ¿foi boa para Galicia a anulación? Si. E dígo-lle unha cousa: foi moi boa para o BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Un dos mellores favores que lle puido facer un Goberno ao BNG foi anular o concurso eólico do BNG.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o balance do actual proxecto de goberno**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Antón Sánchez García, portavoz do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días, señor Feijóo.

Vostede pediu retirar un comentario do señor Méndez Romeu que expresaba datos obxectivos e verificables que reflectían unha realidade. Se iso é así, e pareceulle moi grave ese comentario, o que é grave é a realidade. E preguntolle se vai vostede retirar os comentarios que fixo defendendo o indecente comportamento do señor Baltar, abrazo mediante. Respóndame, porque hai unha pregunta que vostede non me vai contestar e seguro que lla vou facer posteriormente.

Por certo, vostede anulou o concurso do Bipartito porque o levaban no programa do 2009; no programa do 2009



tamén levaban o traslado de Ence da ría de Pontevedra, señor Feijóo.

A pregunta que sei que vostede non me vai contestar é: ¿cantos megavatios do seu concurso eólico están instalados hoxe en día, en 2016, señor Feijóo? Seguro que non me vai contestar.

Vostede coas súas decisións e só coas súas decisións meteu o concurso eólico e o sector eólico nun calexón sen saída. A última sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que ordena retrotraer as actuacións ás fases de valoración, é a puntilla definitiva a un concurso que xa estaba morto.

O modelo do concurso, señor Feijóo, xa estaba morto e está morto, pero vostede non construíu outro modelo alternativo e viable. Na defensa exacerbada do oligopolio eléctrico, vostedes frearon un dos sectores onde en época de crise se podía estar creando emprego e riqueza neste país. ¿Que vai facer a este respecto, señor Feijóo?, ¿vai asumir responsabilidades políticas?

O proceso esperpéntico da presentación e retirada da Lei de acuicultura e esta sentenza que finiquita definitivamente o seu concurso eólico son dúas mostras máis dunha historia chea de fracasos, dun Goberno fracasado que non foi quen de sacar adiante ningún proxecto estratéxico para dotar de futuro os galegos e as galegas.

Señor Feijóo, vostede non é o que necesitamos. Precisabamos dun modelo de organización político-administrativa racional, axeitado e adaptado para este país, e o que nos deu vostede foi Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, unha por lexislatura. Precisabamos un proxecto industrial serio para a transformación do leite, e deunos vostede a estafa de Alimentos Lácteos. Precisabamos outro modelo enerxético, viable para a maioría, democrático, descentralizado, e vostede dános a parálise das renovables. Precisabamos a xente formada neste país, e vostedes expúlsaos. Prometeunos unha caixa galega, e temos un banco venezolano e regalado a prezo de saldo. Precisamos ter uns representantes exemplares, limpos e democracia, e vostede dános a Pokémon, a Pikachu, a operación Zeta, e dános sobre todo a Baltar e abrazos a Baltar. Fracaso tras fracaso.

E mentres pensa no seu futuro persoal, señor Feijóo, o país segue sen solucións. Vostede atópase no medio e medio dunha porta xiratoria, atrancándoa co pé mentres decide o seu futuro. E mentres vostede está parado nesa porta xiratoria o que está atrancando é o futuro do país.

Señor Feijóo, o seu Goberno non dá máis de si. A decisión importante agora non é a nova etapa do señor Feijóo, é a nova etapa para Galiza. Señor Feijóo, convoque eleccións; este país necesita futuro e vostede non é capaz de darllo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E repito: ¿cantos megavatios se instalaron do seu concurso eólico, señor Feijóo?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente.

Señoría, iso de convocar eleccións xa o dicían vostedes cando presidían a Mesa de idade cando comezamos a lexislatura no ano 2012. *(Risos.)*

Comprenderá vostede que se lle fixera caso á metade do que me din sería isto unha cousa bastante distinta a unha democracia consolidada, a un Parlamento estable e a un Goberno que ten a maioría na Cámara.

Como vostedes empezaron a lexislatura sendo nove e agora de momento son seis, falar de fracaso, señorías, é moi curioso. Pero, en fin, é a estabilidade que nos proporciona a multimarca populista AGE, Anova e Podemos; *(Aplausos.)* é esa a estabilidade que nos proporciona. Alá vostede, señoría. Porque en Galicia gústanos unha marca que leve sempre o nome de Galicia. Entre Podemos, AGE e Anova ningún leva o nome de Galicia; agora o que manda non é ningún galego, é o señor Pablo Iglesias. Aquí non, aquí de momento o Partido Popular ten conta do seu, o Goberno está ordenado e gobernando. E por iso, señorías, falar de fracaso político por parte da súa formación ou ex forma-

ción, ou non se sabe o que é, en fin, señorías, sigan vostedes en confluencias.

Mire, señoría, nós levabamos un compromiso, que era ir diminuindo o paro. Ese era o compromiso do presidente democrático deste goberno. O principal problema de Galicia era o paro, díxeno na sesión de investidura, e tamén engadín que entendiamos que no ano 2015 poderíamos empezar a plantexar datos favorables. Finalizado o ano 2015 temos 19.000 ocupados máis, datos da EPA; temos 19.300 afiliados máis, datos da Seguridade Social, e temos 23.500 parados menos, datos do INEM. É dicir, señorías, todos os indicadores acreditan que hoxe en Galicia estamos creando emprego e hai máis afiliacións á Seguridade Social.

Xa sei, señoría, que a vostede lle preocupan asuntos concretos. Nós facemos algo máis que detectar os problemas e, dende logo, facemos moito máis que facer pancartas. Porque o Goberno está para solucionar problemas, non para facer pancartas, señorías.

E por iso na pesca podemos dicir que hoxe estamos pescando máis e estamos ingresando máis pola pesca, tanto na baixura como no cerco.

E por iso no lácteo, señoría, hoxe en Galicia preséntanse empresas que queren investir no sector lácteo e propoñen ofertas de 150 millóns de euros para investir na transformación do leite.

Por iso, señoría, cando chegamos ao Goberno había dificultades en PSA Peugeot-Citroën. Xa sei que para vostedes o de PSA-Peugeot é unha cousa de invasión dunha multinacional; xa sei que vostedes non queren que se amplíe PSA Peugeot-Citroën. Pois mire, señoría: dous millóns de furgonetas e acordos de todos os sindicatos salvo un.

Mire, señoría, nós cando chegamos ao Goberno as gradas do naval estaban baleiras, hoxe hai 1.800 millóns de euros en pedidos do sector naval.

Señoría, o que si está claro é que nós estamos traballando por Galicia. Non nos interesan máis cuestións, e estamos mellor preparados que cando chegamos.

Xa sei, señorías, que para vostedes é moito máis importante un tuitter enxeñoso que un presuposto rigoroso. Pero, en fin, nós non vivimos nin de slogans nin de pancartas nin de twitter.

Mire, señoría, fracaso é daqueles que non saben o que queren...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...para Galicia: autodeterminación si, autodeterminación non, *autodeterminación ya veremos*; en fin, *lo que diga Pablo Iglesias*.

Señoría, aquí non é o que diga Pablo Iglesias, aquí o que diga o pobo de Galicia.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si estamos de acordo, señor Feijóo, o que interesa é que o diga o pobo de Galiza, e teno que dicir e vaino dicir e xa o está dicindo. Porque a vostede preocúpalle o superficial do asunto, as multimarcas, fala de Podemos. Evidentemente, vostede non quere contestar ao que se lle pregunta: ¿cantos megavatios se teñen instalado do seu concurso eólico, señor Feijóo?, ¿cantos megavatios se instalaron neste país nos dous últimos anos, señor Feijóo? Conteste, señor Feijóo, non escape polas ramas.

¿Presupostos rigorosos? Pois se os seus son presupostos rigorosos, ¡que veña Deus e que o vexa! Artificios contables en tal caso.

O seu cinismo non ten límites. Fala vostede do sector lácteo, señor Feijóo; ten a valentía de vir aquí falar do sector lácteo, señor Feijóo. ¿Que fixeron vostedes polo sector lácteo?, ¿que proxecto industrial propuxeron para o sector lácteo deste país, señor Feijóo?, ¿onde están esas empresas que veñen investir a este país?, ¿onde estiveron durante estes sete anos, señor Feijóo? Os gandeiros galegos cobran o prezo máis baixo de todo o Estado español nos últimos dous

anos e medio, señor Feijóo. ¿Non ten nada que ver vostede con isto, señor Feijóo?

Da pesca fala vostede. Tamén pode estar contento da xestión da pesca nestes últimos sete anos.

En definitiva, señor Feijóo, como vostede non foi capaz de contestar a ningunha das cuestións que se lle plantexou, temos que concluír que é certo que vostede non ten proxecto de futuro para este país.

E vostede pregunta cal é o noso modelo. E ¿cal é o seu, señor Feijóo?, ¿o modelo de Rita Barberá?, ¿o modelo do financiamento ilegal do Partido Popular, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿o modelo da imputación do Partido Popular por financiamento ilegal, señor Feijóo? ¿O seu modelo é o modelo do señor Baltar na Deputación de Ourense, señor Feijóo, presidente dunha Deputación de Ourense que leva destruído a economía produtiva desa provincia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...durante anos, señor Feijóo?

Vostede non reduciu o desemprego, señor Feijóo. Dende que vostede goberna destruíu 130.000 empregos neste país, señor Feijóo –datos do IGE–, 130.000 ocupados menos que cando vostede chegou. Eses son datos.

Evidentemente, vostede falárame de Pablo Iglesias, de Podemos, de cousas que teñen pouco que ver con Galiza. Nós queremos falar de Galiza, señor Feijóo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Silencio, por favor.

Rolda de peche, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, vostede di que non baixa o paro en Galicia. Claro, se lle dá igual o que diga, ¿non?, se estamos acostumados.

Mire, o crecemento da economía galega, que nos gustaría que fose maior, pero é o máis alto dende o ano 2008. E temos menos paro rexistrado do que había no ano 2015, no ano 2014, no ano 2013, no ano 2012, no ano 2011 e no ano 2010. Compare febreiro de cada un deses anos e comprobará que o que estou dicindo é exactamente igual. E temos máis afiliacións á Seguridade Social das que había no ano 2015, no ano 2014 e no ano 2013.

Xa sei que a vostede estes datos lle dan igual. Danlle igual, señoría, porque vostede non vén aquí facer política, vostede vén aquí facer outra cousa: simplemente unha emenda á totalidade ao que fixeron todos os galegos nos últimos trinta e sete anos. Vostede vén aquí simplemente desprestixiar as institucións, pero esa é cousa súa, incluso os sistemas democráticos que nos demos coa Constitución española e co Estatuto de autonomía.

Por iso, señoría, apéname escoitar as cousas que escoito nalgunhas sesións de control. ¡Alá vostede! Crin que podería cambiar o portavoz da multimarca AGE-Anova-Podemos. Vexo que proseguen vostedes por esa liña.

Por certo, señoría, para facer parques eólicos o primeiro que hai que facer é ter liñas de evacuación, e a primeira vez que temos liñas de evacuación é agora. Nin o Bipartito nin ninguén conseguiu da Red Eléctrica española liñas de evacuación para sacar a enerxía eólica galega. Por iso, señoría, agora poden facerse os parques porque hai liñas de evacuación para o vento galego. Agora si, agora si, señoría, (*Aplausos.*) agora si.

Pero, señoría, fala vostede –o falar non ten cancelas–, di que os nosos presupostos non son rigorosos. ¡Home!, non sei cantos concellos de Anova, AGE e Podemos teñen presupostos. Creo que onte conseguí os votos favorables do seu grupo, e ninguén máis votou a favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Moi rigoroso non parece, nin sequer o señor Sánchez, que veu a Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señor Fajardo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...intentar que vostedes o voten en Madrid e que o señor Pablo Iglesias non saia coa súa, consegue que o Partido Socialista os vote a favor. Iso si, o Partido Socialista non está

de acordo coa súa formación pero abstense. Esta figura bíblica de Pilatos xa a coñecemos desde hai máis de dous mil anos, señorías. *(Risos.)*

Pero, con todo o respecto, creo que gobernamos mellor que vostedes por terra, por mar e por aire, señoría. Gobernamos mellor que vostedes por aire, sen dúbida, porque nas Rozas había un soar, moitas veces comentado, e agora estase constituíndo un parque aeronáutico, o maior que se fixo en España. Mire, señoría, gobernamos por terra porque cando chegamos ao Goberno PSA Peugeot tiña dificultades *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e agora a planta de Vigo ten posibilidades xa non de facer...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...dous millóns de vehículos novos, senón de seguir traballando...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e de seguir creando riqueza. E tamén gobernamos mellor que vostedes por mar. ¿Sabe por que, señoría? Porque cando chegamos non había un barco nunha grada e agora hai 1.800 millóns de euros para facer barcos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E dez anos despois de que Astano nada fixera, agora estanse facendo, por fin, estruturas eólicas mariñas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Fajardo, gobernamos mellor que vostedes por terra, por mar e por aire. Si, señoría.

Mire, señoría, eu non vou negar a crise...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e non vou esquecer que os físicos galegos están en paro. Agora dígolle unha cousas con absoluta cordialidade: soamente hai algo peor que a crise económica, e é que algún día gobernasen vostedes en Galicia.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e tres deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar ao Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade**

*(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! Por favor, un pouco de silencio. Se hai que saír que se saía, pero en silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

Estou dicindo que silencio, se non, non lle darei a palabra ata que haxa certa orde na Cámara para que poida falar a señora Adán.

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través da súa vicevoceira e deputada, Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Engadirase no punto 1 in fine o seguinte: “Tendo preferencia aquelas iniciativas que pertencen á Economía Social.” Engadirase no punto 2.2 despois de “...destinados ás empresas...” o seguinte: “...e entidades de economía social...” Engadirase no punto 2.5.2 in fine o seguinte: “...e centros da administración pública, con prioridade naqueles de maior tamaño”.*

*Engadirase un punto 2.7: “2.7 Cubriranse na administración autonómica os permisos por maternidade, paternidade, adopción e lactación”.*

*Engadirase no punto 3.1 in fine o seguinte: “E igualar o período da baixa por paternidade ou maternidade análoga (parellas mulleres) facendo a ambos intransferibles para fomentar a corresponsabilidade”.*

*Engadirase un punto 3.5:*

*“3.5 Cubriranse na administración central os permisos por maternidade, paternidade, adopción e lactación”*

*Emenda de supresión: Do punto 2.5.4.*

*Emenda de substitución.*

*O punto 1.4 substituirase polo seguinte:*

*“1.4 Inclusión na Unidade Galicia Emprende unha unidade técnica especializada en emprendemento feminino cos seguintes obxetivos:*

*a) Desenvolver e dotar orzamentariamente o Plan Emega. Avaliando posteriormente o resultado de maneira anual (mantemento das empresas ou iniciativas económicas ao longo do tempo).*

*b) Poñer en marcha un Plan de formación en xénero, innovación e calidade no emprego, destinado ao persoal xestor e investigador que desenvolve a súa actividade profesional en administracións, organismos de interface, centros tecnolóxico,...*

*c) Fomentar a innovación, a investigación, a cooperación, a formación en habilidades directivas e de xestión entre as mulleres coordinándose coas iniciativas postas en marcha polas universidades galegas ou outros axentes.*

*d) Facilitar o contacto entre iniciativas empresariais ou/e de economía social para fomentar o asesoramento entre as mesmas.*

*e) Estimular a adopción por parte das empresarias galegas de estratexias para a innovación e o emprego de calidade.*

*f) Reducir a desaparición de empresas femininas a través da detección precoz de dificultades.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Adán, pode proceder xa.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Bo día, recuperada xa a voz, señoras deputadas, señores deputados, non podemos saudar o Goberno para substanciar esta iniciativa respecto da igualdade, logo da celebración dun 8 de marzo, e tamén dun debate na Cámara, na sesión de control ao presidente, a respecto da igualdade.

Eu quixera comezar cunha pequena reflexión sobre o 8 de marzo, porque sempre nestes últimos anos ocorre, pero este ano tal vez con maior insistencia, ¿non? Quero lembrar que o 8 de marzo é unha data de reivindicación, unha data que ten máis de cen anos, que xorde dende mulleres vencelladas ao socialismo, ao comunismo, ao activismo, que no seu momento efectivamente buscaban transformar o ámbito laboral como ámbito de explotación clarísimo das mulleres, que segue sendo. E hoxe atopámonos no que podemos denominar como unha especie de banalización das datas. Levántaste un 8 de marzo, étrache un *whatsapp* con ramos de flores no que te felicitan por ser muller, e as tendas de roupa felicitante por ser muller, os anuncios de televisión felicitante por ser muller. Non é unha celebración nin da nosa anatomía nin da nosa bioloxía, nin tan sequera, como se fixo referencia antes, da formación cultural de ser mulleres, senón que é unha data para a reivindicación das desigualdades que seguen vivindo, que seguen estruturando a nosa sociedade.

Eu quería dicir isto dende esta tribuna, porque este ano a verdade é que aínda incluso en moitos dos anuncios institucionais tiñas case que apagar a radio e dicir: ¡pero que pasa! Non é un problema de que necesitemos un día para sentirnos... ¡Oe, mira, fíxate, somos mulleres! Non, non, estamos moi orgullosas de ser mulleres, e o que reivindicamos o 8 de marzo é que todas as mulleres teñan os mesmos dereitos laborais, de conciliación, políticos, sexuais, reprodutivos, que teñen os homes, que si, efectivamente, o mundo está construído en masculino.

Nós este ano traemos o debate á Cámara de algo que non é novidoso, senón que é o debate a respecto da situación laboral das mulleres, e da situación de conciliación das mulleres e dos home en Galiza.

A primeira situación eu creo que é moi coñecida, porque os datos que os sindicatos fan públicos o 8 de marzo son

moi, moi clarificadores. Tres cuestións fundamentais: menor taxa de actividade das mulleres que dos homes, maior taxa de desemprego das mulleres que dos homes, e fenda salarial. Estes tres puntos mantéñense invariables ao longo dos anos. Esta menor taxa de actividade, por moito que hoxe o señor Feijóo quixera colgarse medallas, segue sendo un dos maiores problemas que teñen. Pero se analizamos o emprego feminino, aínda tendo unha menor taxa de actividade, ¿como é esa actividade? Pois traio uns datos que eu creo que son importantes. Dende o 2009 perdéronse 53.000 empregos de mulleres a tempo completo e aumentaron en 15.000 os empregos a tempo parcial. Consecuencia: precarización do emprego feminino.

Esa é a realidade. As mulleres teñen un emprego cada vez máis precario, un emprego cada vez máis a tempo parcial, ao mesmo tempo que seguen mantendo, como tamén os datos así o demostran, todas as tarefas do coidado case en solitario. Un 93 % das tarefas de coidado son realizadas por mulleres. Díciase antes por parte do señor Méndez Romeu que cando un home dedica 1 hora do seu tempo ao traballo do coidado, a muller está dedicando 4 horas do seu tempo. Isto é máis ou menos unha análise dos usos dos tempos, que, se o sumamos día a día, mes a mes, ano a ano, entendemos que as carreiras profesionais, ou as carreiras vitais, sexan diverxentes necesariamente, porque o tempo é finito, e as 24 horas do día son 24 horas.

É verdade que ademais están atravesados por índices –como xa se fixo antes referencia– de actividades, unhas, que concentran un maior recoñecemento social e, outras, que concentran menor recoñecemento social. Veuse nos ciclos formativos, onde se nos deron os datos, pero tamén o podemos ver nas carreiras profesionais de grao, de posgrao e nos máster. Seguimos vendo ese fenómeno aínda de tesoiras, onde as catedráticas son un 20 %, mentres que o alumnado que comeza a universidade é máis ou menos parello, 50 % e 50 %, e incluso ás veces é maior en feminino.

E diráseme: Bueno, é que son as universidades que veñen de antigo. E en universidades novas, como pode ser a Universidade de Vigo ou a Universidade da Coruña, cunha plantilla de catedráticas e catedráticos tamén podemos dicir que recentes, mantéñense exactamente as mesmas porcentaxes. É dicir, non é soamente un problema do nivel de envellecemento que teñen as universidades, senón que invaria-

blemente existe unha repartición asimétrica no tema do xénero.

Por iso que, dada esta situación, e escoitando ao señor Feijóo, ¡home!, que o Goberno galego nos últimos sete anos estivera volcado na igualdade, francamente é absolutamente inasumible.

Lei de investigación: nin referencia ás mulleres galegas, nin referencia, aínda que se presentaran emendas e non foran asumidas. Aprobouse que debía facerse o segundo Programa galego de muller e ciencia. Non temos coñecemento del, non sabemos qué está facendo a Unidade de Muller e Ciencia, non sabemos qué está facendo para que as mulleres investigadoras teñan ese pulo necesario para non ter un *gap* curricular cando teñen, por exemplo, que plantexarse unha maternidade, non sabemos nada ao respecto.

Lei de emprendemento: non se asumiu ningunha emenda a respecto de introducir unha perspectiva de xénero, de transversalidade e de igualdade, ningunha. Nós incluímos aquí que na unidade Galicia Emprende se introduza esa perspectiva. O outro día dábanos os datos o propio director do Igape, e falaba de que, dos 2.200 proxectos desa unidade, 400 foron proxectos femininos, e preguntábaslle se eran diferentes, se tiñan unha dificultade maior para acceder ao financiamento, se efectivamente son proxectos distintos, porque a formación, como xa falamos antes, é unha formación distinta. Claro, non hai datos, porque non hai unha unidade específica dentro de Galicia Emprende que atenda os proxectos en feminino. E nós cremos que iso é unha mágoa, porque, ademais, recolle a propia lei que debería selo.

E, por último, estamos coa Lei de economía social, e máis do mesmo, nin unha perspectiva de xénero en algo tan, tan feminizado como é a economía social e as cooperativas. Polo tanto, ¿perspectiva de xénero? Cero. ¿Traballo pola igualdade? Francamente, ritual, ritual no sentido que dicía antes, que o 8 de marzo se banaliza como unha data, nada máis. Fíxense que nin tan sequera o Partido Popular foi quen de elaborar ese plan galego de emprego feminino ao que obriga a Lei do traballo en igualdade, ao que obriga a Lei de traballo en igualdade, e que foi unha das promesas da investidura de Feijóo no ano 2009. Dende entón non sabemos nada dese plan de emprego feminino, que debería aumentar as taxas de actividade, que debería corrixir o paro feminino,

e que, sobre todo, debería dicir algo a respecto da fenda salarial, que quero recordar que é unha das máis altas do Estado español, das máis alta de Europa e que conleva que as mulleres, posteriormente, cando sexan maiores, teñan as pensións máis baixas, polo tanto, do Estado español e as máis baixas de Europa. Esa é a realidade das mulleres galegas.

Recoñezo que a campaña institucional sexa dicir que as mulleres galegas son un piar. Ben, son un piar con dificultades, porque teñen dificultades para acceder ao emprego, dificultades para conciliar a súa vida laboral e familiar e moitas dificultades cando son maiores para sobrevivir coas súas misérrimas pensións, e cun sistema de dependencia cada vez máis laminado e cada vez máis en mans do sector privado.

Por iso esta iniciativa se divide en dúas partes, unha dedicada ao emprego e ao desenvolvemento da Lei do traballo en igualdade das mulleres galegas, elaborando ese plan de emprego feminino necesario, e unha segunda respecto do ámbito da corresponsabilidade da conciliación, con deberes para o Goberno galego, referidos á creación de prazas de escolas infantís. Podíamos rebater os datos que hoxe nos deu o señor presidente cando fala dese 33 % non de prazas públicas, non de prazas públicas, senón de prazas sostidas con fondos públicos, onde unha parte moi importante que está computando son as que se dan a través dos diferentes cheques que están postos en funcionamento, pero non na creación desas prazas.

Nós tamén aquí, nesta iniciativa, reivindicamos todos os espazos necesarios, dende os comedores, dende as ludotecas, dende a creación de recursos, que tamén estaban incluídos na Lei do traballo en igualdade e que non se desenvolveron, para a corresponsabilidade. Pero tamén poñemos de manifesto a necesidade de que o Goberno do Estado modifique a Lei de permisos de maternidade e paternidade. É certo que facemos aquí referencia aos permisos de maternidade. Hai uns días, pais reclamaban o seu lexítimo dereito –e por aí comeza a corresponsabilidade– a facerse cargo das tarefas do coidado e ter unha baixa de paternidade similar ou equiparable á baixa de maternidade.

Todo iso asumímolo nesta iniciativa como necesario, porque, se de verdade queremos a igualdade, dous son os piares básicos, non soamente o esforzo das mulleres: esa igualdade laboral e a igualdade nas tarefas do coidado na

conciliación, na corresponsabilidade. Creo que o termo adecuado aquí sería corresponsabilidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** É fácil o 8 de marzo facer recoñecementos ao traballo das mulleres, que nós tamén asumimos, porque unha parte importante de que esteamos nesta Cámara as mulleres é visibilizar o traballo que fixeron as mulleres. Pero o máis importante é pensar como no futuro podemos recuperar esa igualdade efectiva no ámbito laboral.

Por iso quero rematar esta iniciativa cunha das frases que máis me gusta, dunha activista feminista latinoamericana, que di: “Si que nos queda moito por facer, pero, compañeiras, cos pés no chan e os ollos nas estrelas”.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Para a defensa da emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Novembro de 2015, Núñez Feijóo: “Baltar nin sequera está imputado. Non me tremerá a man á hora de tomar unha decisión se se produce algún tipo de actuación xudicial”.

Xaneiro do 2016: imputado por cohecho e tráfico de influencias.

Febreiro de 2016: Baltar imputado por acoso sexual.

A 5 de marzo non só non é cesado, senón que Núñez Feijóo e algún dos deputados desta Cámara o respaldan no congreso do Partido Popular.

Pregúntome se treme ou non treme a man do señor Alberto Núñez Feijóo e se, como dicía esta mañá, está tan volcado na igualdade. Nós, obviamente, sabemos que non, e esa é a importancia que ten para o presidente a igualdade e que temos as propias mulleres, mulleres que soportamos

todo tipo de discriminación e de desigualdade, tamén da que vén dirixida polas medidas políticas que toman os gobernos, incluída a fenda salarial da que falaba a señora Adán.

Temos en Galicia unha fenda salarial dun 22 %, que no caso das mulleres de máis de 65 anos, como indican eses estudos das organizacións sindicais, chega ata o 45 %, e un 23 % no caso das mozas menores de 25 anos.

E a pesar de sabelo, a pesar de saber como afecta gañar menos ás pensións futuras e á capacidade adquisitiva actual das mulleres, non se fai absolutamente nada. Non hai nin unha soa medida sobre a mesa para reducir esa fenda salarial, e polo tanto parécenos axeitado que, como propón a iniciativa, se estuden posibles medidas que se teñan que implantar de xeito rápido. Hai que implantalas xa, porque, dende logo, a fenda salarial non se vai resolver en dous telexornais, e polo tanto é imprescindible comezar a implantar medidas. Non se pode asinar ningún convenio colectivo máis que contemple diferenzas salariais entre mulleres e homes para os mesmos postos.

Temos certa discrepancia coa orientación relativa ao emprego, e por iso plantexamos esta emenda. Nós consideramos que está bastante centrada no emprendemento, que é unha das cousas que tamén utiliza o Goberno, e que para nós é a nova denominación que se lles dá ás traballadoras e traballadores autónomos. Tamén está bastante centrado nas iniciativas empresariais e na dirección empresarial e menos noutros aspectos da vida laboral; é dicir, centrado nas directivas, na innovación, no emprendemento.

Con todo, en aras de chegar a acordo, nós imos apoiar igualmente a iniciativa, e plantexamos esta emenda propondo que se inclúan tamén as iniciativas de economía social especialmente, porque estamos a debater agora mesmo a Lei de economía social e sabemos, ademais, que as mulleres son a meirande parte das compoñentes das cooperativas de Galicia; polo tanto, pedimos que se inclúan nese punto 1.1 e 2.2.

Propomos tamén unha redacción no punto 1.4, relativo ás axudas ás autónomas, ao Plan Emega, que avalíe tamén o resultado das medidas. Porque sucede en moitas ocasións que se poñen en marcha iniciativas “de emprendemento” –entre comiñas– autónomas ou cooperativas e que logo, ao

cabo dun ano, ao cabo de dous anos ou ao cabo de tres anos, non hai unha avaliación da continuidade. Polo tanto, para saber a utilidade desas medidas e desas axudas tamén hai que avalialas.

Que inclúa a investigación, non só a innovación, e tamén a cooperación. Que o obxectivo non só sexa o de economía puramente competitiva ou liberal, senón outro tipo de economía.

No apartado e), que a innovación non sexa só, obviamente, outra vez o obxectivo, senón tamén o emprego de calidade. Porque estabamos falando de que temos sobre a mesa a precariedade laboral que sufrimos as mulleres relativa á duración das xornadas, relativa aos dereitos das xornadas. Polo tanto, para apoiar as iniciativas empresariais tamén sería imprescindible que se dotasen de emprego con calidade.

Relativo á corresponsabilidade tamén o temos defendido nesta Cámara, e pedimos que no punto 5.2, que fala das escolas infantís nos polígonos industriais –co que nós estamos de acordo–, se inclúan tamén esas escolas infantís para os centros da Administración pública, priorizando os de maior tamaño. Temos centros de Facenda, temos centros sanitarios, temos centros de Xustiza, e a día de hoxe son escasísimos os que contan con algún tipo de escola infantil.

Relativo aos permisos de maternidade, paternidade, adopción e lactancia pedimos que se inclúa un punto que solicite que se cubran eses permisos na Administración, porque vimos o outro día na Comisión 5ª como non se está a facer, e o Partido Popular votou en contra de cubrilos.

Pedimos tamén que esas baixas maternais se estendan ás baixas paternais, que sexan intransferibles e que ademais teñan a mesma duración, para impulsar esa corresponsabilidade.

E remato xa. Entendemos que a igualdade debe ser unha tarefa prioritaria deste Goberno, e parece ser, pola importancia que se lle está a dar non só na sesión de control, senón nestas bancadas, e co caso que se lles fai ás imputacións por acoso sexual, que non está a ser así.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bo día a todas, señorías. Bo día, presidente. Moitas grazas.

Na década dos sesenta e dos setenta, o 8 de marzo as mulleres berrabamos polas rúas: “Queremos emprego, traballo xa temos”. Era o Día da muller traballadora. Era unha reivindicación das feministas nos anos sesenta, pero é unha reivindicación que a día de hoxe segue a estar en vixencia, pois se as cousas mudaron non foi para mellorar, máis ben todo o contrario, pese ao que dixo o señor Feijóo.

Son unha muller de 64 anos e teño experiencia para falar deste tema. Sei que as cousas van para atrás. A reivindicación de que queremos emprego, traballo xa temos, nestes tempos require de matices moi importantes. Queremos emprego en igualdade; queremos emprego digno; queremos emprego con dereitos. Emprego feminino, acompañado de medidas e recursos para a conciliación e a corresponsabilidade.

Esta PNL que estamos a debater demanda ao Parlamento de Galiza que inste o Goberno de Madrid a que asuma e leve a cabo unha ampla batería de propostas que redundarían nunha maior e mellor accesibilidade ao mercado laboral, e tamén ao mercado empresarial, por parte de nós, por parte das mulleres. Unha incorporación en igualdade de condicións; unha incorporación en igualdade de formación; unha incorporación en igualdade de retribución salarial, igual que os homes.

E achega a proposta do BNG medidas prácticas para a mellora da conciliación e da corresponsabilidade. Medidas que, por outra banda, favorecerían a natalidade e a calidade de vida das mulleres e das familias. En definitiva, un beneficio para toda a sociedade galega en xeral. Esta PNL vai contar co voto afirmativo do Grupo Mixto.

Din que a pobreza, señorías, ten rostro de muller. E os datos que aportan os sindicatos de clase –Comisións Obreiras, UXT e tamén a CIG– polo 8 de marzo, Día da muller traballadora do ano 2016, constatan que a situación sociolaboral das mulleres galegas segue a ser unha situación de precariedade;

de segregación ocupacional; de desemprego; de fenda salarial con respecto aos homes; de persistencia do teito de cristal; de insoportable violencia de xénero. E non quero falar xa máis do señor Baltar, ¡xa me farta o señor Baltar!, o que quero é perdelo de vista. ¡Fagan algo, señorías do Partido Popular!

Déficit en conciliación e corresponsabilidade, brechas en pensións e protección social, factores todos estes que evidencian a insuficiencia e a ineficacia das políticas de igualdade e de loita contra a pobreza que vostedes están practicando.

Tamén, segundo os sindicatos de clase, os datos do ano 2015 din que os contratos temporais na Galiza acadaron un 92,6 %, mentres que os indefinidos e a tempo completo apenas supuxeron un 4,62 %.

Do incesante aumento de persoas desempregadas, 125.517 son mulleres, o que supón un 53,8 % do paro rexistrado. A taxa de actividade das mulleres é do 48,7 %, e a do emprego do 39 %. Este dato representa unha brecha de entre 10 e 9 puntos, respectivamente, en relación cos homes.

Ademais, a diferenza entre os salarios medios anuais de mulleres e homes, segundo a última enquisa de estrutura social, foi de 5.264,34 euros; o salario medio feminino foi o 76,6 % do masculino. E tamén o incremento do número de mulleres con xornada a tempo parcial no total do emprego feminino pasa do 21,1 % o ano 2001 ao 23,1 no 2015; tres puntos máis tras a reforma laboral do Partido Popular.

As medidas que desenvolve e propón esta iniciativa son de xustiza, realizables, asumibles por calquera goberno democrático que teña entre os seus obxectivos a igualdade de oportunidades para todas e todos. Así que espero...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** ...que sexa aceptada polo menos polas mulleres desta Cámara.

Grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente. Bo día, señorías.

Pois, efectivamente, señora Adán, a desigualdade entre os homes e as mulleres está moi patente no mundo da prostitución, pero tamén no mundo laboral. O machismo cébase no traballo feminino, e esa tan lamentable fenda salarial é o máis claro expoñente, pero, dende logo, non é o único.

Ademais o machismo, nesa tarefa de perpetuar as diferenzas entre os homes e as mulleres, conta con aliados, si; conta coas políticas e cos orzamentos que fan determinados gobernos conservadores, que, sen dúbida, axudan a manter no tempo esa dominación exercida polo home sobre a muller tamén no traballo. E aliados como os gobernos do Partido Popular, que a pesar do que hoxe nos dicía o señor Feijóo –sempre tan exacto en todos os seus datos e tan crible, tan fiable–, a verdade é que as súas políticas e os seus orzamentos están desandando o camiño que fixeran outros. E para demostrar que o señor Feijóo non dixo a verdade, unha vez máis, nesta Cámara voules recordar que foi el precisamente, cando chegou ao Goberno, o que paralizou a Lei de traballo en igualdade; que foi ao chegar Feijóo cando desapareceu –como vostede nos recordaba– o Plan de emprego feminino e tamén o Programa Muller porque si; programa que pretendía incrementar a presenza da muller nas profesións máis masculinizadas.

Todas estas medidas tomadas polo señor Feijóo demostran que, ou non lle importa ou non se entera, e ao mellor é que non o sabe, que a brecha laboral segue incrementándose día a día e que xa está en Galicia nun 23 %. Ao mellor é que o señor Feijóo non sabe ou non lle importa que, efectivamente, 3 de cada 4 contratos a tempo parcial aquí en Galicia son de mulleres. E ao mellor o señor Feijóo non sabe que, contravindo a Lei de igualdade, o PP tamén está a parcializar o subsidio de subsistencia. Eu pregunto, señorías, ¿como se pode parcializar a subsistencia? Eu non sei se queren que as mulleres sobrevivan, pero poquito.

Tamén o señor Feijóo non sabe ou está de acordo con que máis de 94.000 mulleres cobren en Galicia menos de 160 euros ao mes; con que máis de 162.000 mulleres en Galicia non cheguen ao salario mínimo; con que, efectivamente –xa se dixo aquí–, 120.000 mulleres estean en Galicia no paro; e que ademais, desas mulleres paradas, o 43 %

leven máis de dous anos nesa situación, e, polo tanto, non cobran prestación.

Ao mellor o señor Feijóo non sabe ou está de acordo, parécelle ben, a situación que teñen as mulleres no rural galego, onde só o 5 % delas se xubilan coa pensión íntegra. Dito doutra maneira, o 95 % das mulleres do noso rural –que é o 80 % do noso territorio– nin sequera están cotizando correctamente á Seguridade Social, aínda que son elas as que máis tempo adican a traballar nas explotacións agrarias e gandeiras.

Pero o que máis debería sonrojar as bancadas do Partido Popular é a situación laboral que teñen as vítimas de violencia de xénero dende a chegada do señor Feijóo. Na época do Goberno bipartito, e para cumprir co recollido na Lei autonómica do 2007 –que seguro vostede coñece moi ben, señora Adán–, contra a violencia de xénero en materia laboral, utilizábanse os programas de cooperación; programas que contemplaban para as mulleres vítimas un traballo a xornada completa durante doce meses, programa ao que se podía acceder durante todo o ano. Tal non o digo eu, senón que todo isto se pode ler na disposición adicional cuarta da Orde do 29 de decembro do 2008, para o fomento de emprego a través dos programas de colaboración, Orde, señorías, que contaba cunha dotación orzamentaria de 60 millóns.

Pois, moi ben, vexamos o que fixo o señor Feijóo pola igualdade e comparemos esa orde coa mesma orde para o fomento de emprego que a Xunta publicou para este ano, para o ano 2016, onde só figura 1.300.000 euros –60 antes, agora 1 millón–; onde se marca un prazo de solicitude de trinta días...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...–remato, presidente, pero isto paréceme importante–, do 31 de decembro ao 31 de xaneiro, polo cal, as vítimas de violencia que non estean nesas datas non poderán acceder. Ademais, a duración do contrato recórtase a tres meses, se é a tempo completo, e a seis se é a tempo parcial.

Señorías, está claro que o machismo ten un bo aliado no Partido Popular, e por todas estas razóns imos apoiar a iniciativa que hoxe nos presenta o Grupo Parlamentar do BNG.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Oubiña.

**A señora OUBIÑA SOLLA:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Bos días tamén ás persoas que nos acompañan desde a tribuna.

Ante todo, dicir que comparto a puntualización feita pola señora Adán en relación co día 8 de marzo como reivindicación, non como día de celebración.

Fai vostede, señora Adán, na súa extensa proposición non de lei, referencia aos datos que recollen distintos estudos sobre a situación que padecen as mulleres de vulnerabilidade laboral, dificultades para conciliar ou fenda salarial, entre outros, que compartimos, como non podía ser doutro xeito.

É certo que as mulleres teñen moitas máis dificultades á hora de acceder ao emprego en igualdade de condicións que os homes. Ese problema, evidentemente, non é novo. Estas dificultades tamén se daban en épocas anteriores e con outros gobernos, e sen dúbida a crise económica agrava esta situación.

A mellor política de igualdade, señorías, é, sen dúbida, a creación de emprego, e niso está a traballar este Goberno. Se repasamos os datos do ano 2015, en Galicia pechouse cun incremento no número de mulleres ocupadas, segundo os datos da EPA; e con maior incremento tamén a xornada completa. Pero tamén é certo que non hai igualdade sen corresponsabilidade. A conciliación non é un problema das mulleres. Homes e mulleres deben ser solidarios e deben ser corresponsables.

Fomentar medidas tanto de emprendemento feminino como de conciliación e corresponsabilidade, que todos eses estudos apuntan como un dos principais problemas aos que se enfrontan as mulleres á hora de acceder ao emprego en igualdade de condicións, son nas que está traballando a

Xunta de Galicia para combater ese desequilibrio e reducir a brecha salarial.

Medidas como axudas económicas destinadas aos homes para reducir a xornada laboral polo coidado de fillos e fillas menores. O bono conciliación para as mulleres que non teñen unha praza na escola infantil da Xunta e teñen que acudir a unha escola infantil privada. O bono de coidado no rural, onde non exista unha escola infantil á que poidan levar aos seus fillos. Ou as casas niño, destinadas ao coidado ou á atención personalizada dos nenos nos domicilios de coidadores acreditados.

Tamén podemos falar do 96 % de prazas en escolas infantís ou de máis dun 22 % en prazas de comedores escolares dende o ano 2009. Así como a actuación conxunta coas asociacións empresariais para financiar por parte da Xunta de Galicia a construción desas escolas, en polígonos industriais, que aquí se demandaron. Ou tamén, como non, máis prazas públicas en residencias, centros de día e discapacidade. E tampouco podemos pasar por alto a medida posta en marcha pola Xunta de Galicia do teletraballo e flexibilidade horaria, que favorece a conciliacións de máis de 8.000 empregados públicos. E tamén podemos falar, xa que se falou das pensións, do complemento adicional dun 5 %, un 10 % ou un 15 % para mellorar as pensións de xubilación das mulleres segundo o número de fillos.

En canto ao emprendemento feminino, que é a segunda parte da iniciativa, destacar o Plan Emega, que dende o 2009 permitiu crear máis de 500 postos de traballo ás emprendedoras e que este ano, sobre todo, primará os proxectos do ámbito rural, así como tamén os proxectos de investigación ou tecnoloxía levados a cabo por mulleres, fomentando ese acompañamento que vostede pide ás novas emprendedoras a través da Unidade Galicia-Emprende.

Recordar que todas as políticas de emprego da Xunta de Galicia teñen xa unha discriminación positiva en favor das mulleres. A confirmación tamén neste sentido á que fixo referencia a señora Acuña, da confirmación que fixo o presidente Feijóo o pasado 8 de marzo, de que a Xunta aprobará este ano, por primeira vez, un programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Remato xa porque xa non me queda máis tempo.

Dicir que non imos apoiar esta iniciativa. ¿Por que non imos apoiar esta iniciativa? Primeiro, porque a Xunta de Galicia acaba de activar a Axenda 20 para o emprego, que entre as súas medidas está a posta en marcha do Plan de emprego en igualdade, con especial atención a aqueles colectivos con maiores dificultades para acceder a un posto de traballo e tamén, sobre todo, para mellorar as condicións laborais das mulleres. E aínda que compartimos, sen ningunha dúbida, moitas das cousas desta iniciativa que a Xunta xa está a facer, cremos que é máis prudente esperar á posta en marcha dese novo Plan de emprego en igualdade.

Polo tanto, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Oubiña.

Grupo autor da proposición non de lei.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Francamente, non acabo de entender, despois da súa argumentación de cinco minutos, que diga que non apoia esta iniciativa porque xa se está facendo a Axenda 20 para o emprego e que as medidas de conciliación tamén as comparten e as van poñer en marcha. ¡Pois aprobemos esta iniciativa! Temos a aquiescencia do resto dos grupos parlamentarios, a cal lles agradecemos, e chegaremos a un texto coa señora Solla, sen ningunha dúbida. E xa que vostede comparte que non é unha data para celebración, senón para reivindicación, aprobemos esta iniciativa, que ten dúas cuestións fundamentais. Unha, como mellorar o emprego feminino, porque eu non comparto que a mellor política de igualdade sexa a creación de emprego. A mellor política de igualdade será a creación de emprego feminino e de calidade.

Ou sexa, cal é a mellor política de igualdade no ámbito laboral soamente, porque vostede coincidirá comigo en que temos toda a política de igualdade en diferentes ámbitos sen desenvolver. Ademais, vostede di que fixeron moitísimos programas.

Eu quero recordarlle unha cousa. Estamos a finais da lexislatura, e na próxima lexislatura o Goberno que estea vai atoparse con que non hai Servizo Galego de Igualdade. Vostedes eliminaron un organismo creado por lei, e mentres

vaise manter unha axencia de investigación. ¿Por lei? ¿Está aí? ¿Está creada? Está aí e está creada. O Igape está aí e está creado por lei. Pero o Goberno que entre non vai ter ningún organismo, e vai depender da vontade política cal vai ser a situación das políticas de igualdade no próximo organigrama da Xunta de Galicia. Iso está no seu debe, ter eliminado por lei un organismo de igualdade e deixalo ao albur ou á ideoloxía ou á querenza que teña un goberno para darlles estatus ás políticas de igualdade. Eu, dende logo, creo que iso é o maior débe dos sete anos das políticas de Feijóo. Mentres crea axencias de investigación, mentres mantén o Igape, mentres vai creando, por exemplo, a Unidade Galicia-Emprende, desmontou o Servizo Galego de Igualdade. Non quero dicir que non se puidera mellorar, incorporalo á Secretaría Xeral de Igualdade, pensado o seu rango no organigrama da Xunta..., pero creo que aínda hoxe, 2016, diante dos datos que demos da situación laboral das mulleres e diante de que non somos capaces nin sequera de aprobar esta iniciativa que non é excesivamente –eu creo– de máximos, senón que está nun grao mínimo de cales son as necesidades no ámbito laboral e no ámbito da conciliación, se aínda non somos quen diso, ¿como é posible que non exista no Goberno galego, por lei, un organismo de igualdade? Segue sendo necesario e non existe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdóeme, señora Oubiña, pero non existe creado por lei un organismo de igualdade. Ese é un erro que cometeron vostedes nesta lexislatura. Non soamente eliminar as oficinas de I+D, non soamente eliminar programas, como di a señora Acuña, senón fundamentalmente ter eliminado un servizo –co nome que queiramos denominalo, podería ser unha axencia, co que quixeramos–, un organismo autónomo que non dependera da vontade dun goberno para legislar sobre as políticas de igualdade e para desenvolver políticas de igualdade.

Cando queira, debatemos sobre ese tema, pero eu creo que...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...diante deste 8 de marzo, é o debe maior que levan por avaliar as políticas do señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Alvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 47261).*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*“1. Rescatar o novo Hospital de Vigo “Álvaro Cunqueiro” pola seguinte vía, sempre buscando a solución menos onerosa para as finanzas públicas.”*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir novos puntos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:*

*“2 bis. Recuperar o proxecto de Hospital estratéxico para a área Sur de Galicia, que devolva ao CHUVI os Servizos de Referencia, trasladados indebidamente a outros hospitais. As seguintes especialidades: oncoloxía radioterapia, cirurxía torácica, neurocirurxía, cirurxía plástica, cirurxía pediátrica, cardioloxía intervencionista (unidades de hemodinámica) e cirurxía cardíaca.*

*2 ter. Crear unha Comisión integrada por todos os sectores implicados (Xunta de Persoal, responsables dos servizos asistenciais, persoal sanitario, técnicos da Consellería de Sanidade, Comisión de Participación da Área Sanitaria e o Concello de Vigo) para avaliar os problemas e deficiencias do edificio, accesos e servizos asistenciais e de apoio e*

*elaborar un Plan de recuperación do centro a curto e medio prazo (laboratorio, camas, quirófanos, equipamento tecnolóxico, edificios e servizos) segundo os previsto no Plan Funcional.*

*2 quater. Recuperar o proxecto inicial dun hospital de 1.450 camas, que permitirá que o conxunto da Área Sanitaria de Vigo acade as 2.000 camas de hospitalización.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Grazas, señoría.

Señor presidente, señorías, nesta Cámara levamos moito tempo a escoitar con insistencia e reiteración a diversos portavoces do Partido e do Grupo Popular, e do Goberno da Xunta de Galicia, as referencias e os laios ás herdanzas negativas recibidas do Goberno bipartito, que parece que gobernou durante trinta anos ata que chegaron eles.

Esta iniciativa pretende resolver que os que veñan detrás non reciban a terrorífica herdanza do cambalache absolutamente espantoso –pero non no sentido portugués, senón no galego–, do enxendro, da maneira en que se levou adiante o novo hospital de Vigo, que leva o nome de Álvaro Cunqueiro para desgraza da memoria do escritor Álvaro Cunqueiro. Parece que o fan adrede.

A herdanza máis terrorífica está sinalada nun informe do Consello de Contas de 2012, onde se sinala que se compromete absolutamente para o futuro a viabilidade financeira do Sergas enteiro, con máis de 1.300 millóns de compromisos de pago até o ano dous mil trinta e tantos. Ou sexa, herdanza para todos os que veñan detrás ata o ano 2034.

¿Ese enxendro como se explica? Procurarei facer unha síntese do proceso. Por unha banda, a adulteración do proxecto; segundo, a transgresión da legalidade, tanto do Estado español como da Unión Europea; e finalmente, a malversación do financiamento. Chámolle malversación con conciencia do que significa a palabra, porque foi intencionada e constitúe unha malversación de fondos. É dicir, o truco, o gambito, de recorrer a unha fórmula para, segundo parece, aforrarlle fondos á Administración pública e cargarlle o financiamento ao capital privado, e que logo resulte que o

capital privado aportou por xunto unhas cifras que non sobardan os 70 millóns de euros en capital e aportacións dos socios en préstamos á propia concesionaria. E se engadimos créditos afianzados, como moito podería ser un compromiso non de fondos, senón de avais, doutros cento e pico millóns de euros máis. Mentres que, en realidade, a Xunta de Galicia se comprometeu –como digo– a 1.400 millóns de euros ao longo de vinte anos.

O proxecto nace co Goberno bipartito, cun modelo de colaboración entre administracións públicas e un contrato de obra pública para obra con financiamento con fondos públicos. É un modelo perfectamente congruente coa concepción da sanidade como un servizo público. O convenio marco da Xunta, o Sergas e o Concello de Vigo no 2006, en marzo; o proxecto sectorial en febreiro do 2009, e o Plan económico-financieiro, tamén de febreiro de 2009, que encarga á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia o proxecto a levar adiante.

Sobreveñen as eleccións nas que accede o Goberno do PP do señor Núñez, e entón prodúcese unha substitución dese modelo polo recurso ao capital privado –ficticio, como veremos– e un contrato de concesión de obra pública no canto, simplemente, de colaboración entre entidades públicas e, polo tanto, un contrato de obra pública para a execución do proxecto pero para ser patrimonio, propiedade, formar parte da Administración pública e, polo tanto, do Sergas.

O primeiro é a adulteración do proxecto do Bipartito, porque ademais é que non se anula nin se substitúe o convenio marco nin o proxecto sectorial. O único que se fai é, por unha vía de esguello, substituír o estudo de viabilidade completo, preceptivo, que requiría un informe externo segundo o artigo 112.1 da Lei 30/2007, de contratos da administración pública, que xa estaba, evidentemente, vixente nese momento, por un estudo simple de viabilidade económica... abreviado, digamos, recollido no artigo 112.6 da mesma lei.

Evidentemente, se un le ese artigo, dáse conta perfectamente de que o punto 6 establece esa posibilidade para os casos en que a envergadura do proxecto sexa pequena, moi simple, etc., e que a cantidade de investimento sexa tamén, efectivamente, moi pequena; absolutamente todo o contrario do que era este enorme proxecto. Polo tanto, primeira fraude de lei.

Segundo. Faise un prego de cláusulas administrativas particulares, e tamén outro de prescricións técnicas, para a contratación da concesión do novo hospital de Vigo. E aí tamén se fai o prego *ad hominem*, diríamos, ou *ad mulierem*, á imaxe e semellanza do que lles conveña aos amigos, que, evidentemente, van ser os que concorran ao concurso para a adxudicación da concesión da obra, é dicir, do negocio.

Entón, o que se fai é utilizar a cuestión como se se trata-se dun tramo de autopista –por exemplo, o de Rande– cunha peaxe na sombra, que é o canon a vinte anos. Esta é a maneira en que a Administración do señor Núñez entende o servizo público de saúde para os cidadáns galegos.

Pero ademais é que hai mutacións no novo proxecto hospitalario. Primeiro, no modelo de financiamento e xestión pública, que é aberrante. En segundo lugar, no modelo xurídico, que pasa –como digo– da colaboración entre administracións públicas e contrato de obra pública só para execución, para a concesión. E, en terceiro lugar, reducións brutais no proxecto orixinario feitas pola propia Xunta de Galicia no proxecto licitado a respecto do proxecto orixinario que asumiu en principio; pero ademais outras feitas pola concesionaria unilateralmente, sen que ninguén absolutamente dixese nada, excepto certos órganos de opinión e, evidentemente, as plataformas cidadás, que son as que libran un combate en defensa daquilo que deberían defender os gobernos que din que están para os cidadáns.

Pero ¿por que se fai iso? Pois faise por unha razón moi simple que non teño tempo de explicar. A clave está en que nos primeiros meses do 2010 se sabe que o último goberno do señor Zapatero está preparando un real decreto lei para aumentar as condicións de cumprimento da estabilidade financeira, etc., para aprobarse no mes de maio, e a Xunta o que ten que facer é aprobar todo a toda présa para eludilo. Non teño tempo, pero está relatado dunha maneira moi breve na exposición de motivos e é, realmente, unha carreira de eficiencia da Administración da Xunta para pasalo dun departamento a outro no mesmo día; no mesmo día entrar un proxecto, lelo, ditaminalo e aprobalo. E a señora Elena Muñoz –especialista, polo visto, nestas cousas– facendo iso, de maneira que se puido aprobar, simplemente para eludir algo que exixiría unhas condicións que farían inviable o método elixido polo propio Goberno do señor Feijóo para levar adiante as súas intencións.

Logo, ademais, hai un incumprimento flagrante nos prazos de execución. O prazo era de 31 meses dende o replanteo, que foi en xuño do 2011, e acabou sendo de 46 meses, porque a recepción da obra foi en abril do 2015, polo tanto, ano e medio máis dos dous anos e pico que estaban previstos en inicio. Iso é suficiente razón para que sexa anulable perfectamente. Incumprimento. A legalidade vixente así o di.

No financiamento, crise financeira de varios dos socios da sociedade concesionaria, entre eles, por exemplo, Obras, Caminos y Asfaltos, que entra en concurso de acredores no ano 2013; e Concessia, que é unha empresa financeira dependente das caixas de aforros, que nese momento entran en crise e quebran polos buratos negros, etc. E velaí que a Xunta de Galicia, que quería aforrar cartos, ten que actuar de bombeiro financeiro das sociedades socias da empresa concesionaria, incluído xestionar o crédito do Banco Europeo de Investimentos.

O Banco Europeo de Investimentos –se un acode á páxina web descobre perfectamente quen aparece como adxudicatario ou protagonista do proxecto– non é a entidade concesionaria, non é ningunha entidade financeira intermediaria, como é habitual, senón que aparece Xunta de Galicia. Ten que explicalo, porque, se realmente o que fixo foi avaliar iso, evidentemente incumpre a legalidade europea sobre o que se preceptúa e considera axuda ilegal do Estado a empresas privadas.

Todo isto coas transgresións en cinco eidos da normativa sobre o contrato de concesión de obra pública, tanto da Lei 30/2007 como da normativa da Unión Europea, varias directivas e a propia xurisprudencia; da axuda de Estado ilegal; da disciplina orzamentaria imposta no pacto de estabilidade, que foi furtada, trasladando a compromisos futuros con cargo aparentemente a gastos correntes o que é unha débeda contraída que tiña que figurar como unha débeda acumulada; a normativa do Sistema Europeo de Contas do 2013, e a normativa sobre proxectos financiados polo Banco Europeo de Investimentos.

Como non hai tempo para dicir todo isto, porque se me acaba, quero ir ao final. ¿Ao final quen financiou, quen asumiu os riscos de protección económica? Pois a Xunta. E non hai mais que ir definitivamente ao informe da auditoría E+Y –chámémolo polas siglas–, que estuda as contas do ano

2014, onde se di claramente que a asunción de riscos, polo menos o risco de demanda, senón o de oferta, ten que ser polo concesionario, porque, se non é polo concesionario, evidentemente infrinxe a normativa sobre os contratos de concesión da Administración pública.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Vou rematar, señor presidente.

Pero é que ademais se establece que, cando o risco é asumido pola concesionaria, os activos que están implicados nese risco teñen que figurar como activos intanxibles. En cambio, se o risco non está asumido pola concesionaria, poden figurar como activos financeiros. No balance do 2014 aparece como activo financeiro nada máis que polo valor do hospital. Polo tanto, efectivamente, iso demostra que foi asumido todo o risco pola Xunta e, polo tanto, que se vulnerou unha norma clave do contrato de concesión de obra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...e, ademais, ao final non se fixo o de descargar a Administración pública do financiamento.

Ante iso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...vou expoñer o que propoñemos, señor presidente, porque me parece que o cronómetro está ben para as probas olímpicas, pero aquí estamos nun parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Pero xa o coñecen todos.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Si, xa o coñecen, pero...

**O señor PRESIDENTE:** Está presentado por escrito e xa se pasou un minuto e medio.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Bueno, pois isto indica que se pode ir a un preito ou que se lles pode propoñer aos socios da empresa concesionaria pagarlles o que realmente aportaron e recuperalo por unha cifra de 70 millóns de euros, ou,

ao sumo, con avais de cento e pico millóns de euros; mais avais, non desembolsos....

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...co que aforra mil catrocentos e pico millóns de euros a pagar en vinte anos, co que pon en risco, evidentemente....

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...a propia sostibilidade do Sergas. É unha decisión política.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Beiras, rematou o seu tempo. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, quero comezar dicindo que o Grupo Socialista, independentemente da decisión sobre a emenda que tome Alternativa Galega de Esquerda, vai apoiar esta iniciativa.

En realidade, este tema abarca unha perfecta metáfora do que é o goberno e os obxectivos estratéxicos e tácticos do señor Feijóo na utilización da Presidencia da Xunta de Galicia no seu beneficio persoal, e non necesariamente estou falando de cuestións materiais.

A vantaxe de falar os mércores pola mañá é que un sempre ten inputs novos que desenvolver. Hoxe sorprendeume o seu interese polo xénero literario das memorias de políticos de esquerdas. Eu, dende logo, recoméndolle algunhas, dende Golda Meir a Willy Brandt ou a Manuel Azaña, de moita máis calidade literaria, que creo que enriquecerían moito máis, sen ningunha dúbida, o seu acervo político, que é, por outro lado, na miña opinión, bastante escaso.

Tamén nos falou das liñas de evacuación da enerxía eléctrica en Galicia. Significa que sabe moi pouco de historia económica. Non ten por que, non está no plan de estudos da licenciatura de Dereito. Dende o ano 1959 esta

comunidade exporta enerxía eléctrica, e, salvo por liñas de evacuación, a este humilde deputado non se lle ocorren outras alternativas. É máis, no concurso eólico, unha das cuestións fundamentais para que os parques se puideran presentar e, polo tanto, aprobar era que estivera garantida a evacuación da enerxía producida; algo, por outra parte, bastante razoable.

Estou perfectamente na cuestión. Estou na cuestión dunha persoa que utiliza a Presidencia da Xunta para cultivar exactamente a súa imaxe de aparente bo contable e a súa saída cara ao sector público. Se a alguén lle molesta, en todo caso é unha cuestión persoal de cadaquén.

Efectivamente, estamos falando, señor Beiras, dun pelotazo. Estamos falando dun pelotazo. Eu levo escoitando aquí, dende o ano 2011, falar do caso do hospital de Palma, en teoría licitado e adxudicado polo Goberno presidido polo socialista Antich. É unha pena que agora sexa o Partido Popular o que ten que explicar por que o señor Villar Mir, ex compañeiro de gabinete no Goberno preconstitucional do señor Fraga Iribarne, financiou a reforma da sede da calle Génova, precisamente a ver se lle caía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...a ver se lle caía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, eu sei que lles molesta, pero mire... [...] (*Por orde do señor presidente, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta palabra.*). A ver se lle caía a construción deste hospital...

**O señor PRESIDENTE:** Non, esa palabra non. (*Murmurios.*) Aquí nadie o necesita.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu non dixen que o necesitara ninguén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non. (*Murmurios.*) Esa palabra non. Compénsolle o tempo. Siga.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Bueno, pois non se pode dicir. (*Interrupcións.*) En fin, chamémoslle como lle chamemos, o certo é que o señor Villar Mir, esperando que lle caera a construción do hospital de Son Espases... (*Murmurios.*) ...arreglou a sede da calle Génova.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.



**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu agradeceríalle, señor presidente, que á parte da sensibilidade semántica...

**O señor PRESIDENTE:** Xa pedín silencio.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...tivera sensibilidade acústica.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Xa pedín silencio.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Efectivamente, os gobernos de esquerda en España empezan a explorar e abrir a vía, efectivamente, que vostede plantexa aquí, como no caso de Valencia, do País Valenciano, no que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Eu comprendo que neste momento lles moleste que se fale de Valencia, pero ía falar de sanidade e do Goberno de Ximo Puig. Se quere, falamos dos billetes de 500 euros metidos nas casas dos responsables políticos do PP, con ou sen psicanálise. (*Aplausos.*) Se quere, falamos diso. Eu –insisto– ía falar de como o Goberno valenciano vai rescatar o hospital de Denia, da empresa DKV, unha práctica que xa se ve que o Partido Popular en Valencia tiña perfectamente engraxada.

O señor Beiras, efectivamente, fixo un percorrido francamente detallado pola cuestión. Eu quero, na medida en que son deputado pola provincia de Pontevedra e resido en Vigo, falar dalgunhas cuestións que me teñen perplexo. A actual candidata, a actual voceira, do Partido Popular no concello de Vigo, efectivamente antiga conselleira de Facenda e primeiro interventora da Xunta –a verdade é que me sinto moi orgulloso de que fora licenciada en Económicas pola universidade na que eu dou clase–, foi quen no mesmo día, o día 5 de maio do ano 2010 –non sei a que hora entrou o dossier ou o informe na Intervención Xeral–, de xustificar un cambio de modelo de financiación dun proxecto público de 374 millóns de euros a 1.423 millóns de euros. ¡Oito horas como máximo! (*Aplausos.*)

Insisto, eu non dubido da capacidade da señora intervenitora. É verdade que se lle recompensou adecuadamente, des-

pois foi conselleira de Facenda e agora candidata á Alcaldía de Vigo –é verdade que con pouco éxito, tivo só 7 concelleiros, baixou de 13 a 7–... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Agradecería...

**O señor PRESIDENTE:** Xa estou niso. Pero isto pasa en todos os grupos, por iso é entendible... (*Murmurios.*) Silencio. Silencio, por favor. Silencio. Silencio en ambos lados.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** E non só iso, senón que ademais, despois de facer esa avaliación exprés, vergoñenta absolutamente en termos de defensa dos intereses públicos desta comunidade autónoma, sae na prensa –cando a oposición di que se pode rescatar o hospital– a desmentir os datos e a defender claramente a Acciona Corporation...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...que é, no fondo, o que están defendendo. Por unha parte, agochar o feito real de que exista déficit público para que o señor Feijóo apareza de bo xestor, e, desde logo, coa complicidade absolutamente lamentable de quen se di residir en Vigo, xogando coa saúde dos vigueses e das viguesas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor! Por favor, silencio.

Non se falen desde o escano dun lado e do outro. Se queren falar, falen fóra. ¡Silencio! Imos levar o debate ben.

Adiante, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Levemos o debate ben.

Eu quero empezar a miña intervención dándolle os parabéns a AGE pola excelente análise que fai na súa parte positiva de todo o acontecido arredor do novo hospital de Vigo. Unha exposición rigorosa dos feitos, dende a súa concepción como hospital público ata a súa conversión nun hospital privado carente de servizos esenciais, cunha elevada precariedade laboral e a privatización dos servizos non sanitarios. Unha detallada exposición sobre a legalidade vulnerada na actuación da Xunta en relación coa fórmula de concesión administrativa e as normas de contratación establecidas polo Banco Europeo de Investimentos.

Pouco máis queda que dicir despois de ler a parte positiva desta proposición non de lei. Podería repetir cada unha das razóns expostas na súa intervención polo señor Beiras, pero non aportaría nada ao debate. O que si queda demostrado é que a Xunta de Núñez Feijóo actuou en contra dos intereses da poboación da área sanitaria de Vigo, condenando á cidade máis poboada de Galiza a depender dun hospital privado como Povisa, dun hospital privado co persoal sanitario público como o Álvaro Cunqueiro e dun hospital público que esmorece sen investimentos como é o Mexoeiro.

No modelo de financiamento elixido pola Xunta para o novo hospital de Vigo está a orixe dos problemas. É un sistema público-privado, con outro disfraz, pero similar ao de Esperanza Aguirre en Madrid.

Vigo pode converterse no modelo para o resto de Galiza, por iso os concellos da área sanitaria aprobaron mocións en contra dos recortes do modelo de privatización sanitaria do novo hospital, pedindo un acceso en condicións de igualdade para toda a cidadanía. Porque hoxe o hospital de Vigo non é accesible para toda a cidadanía. Hai moitísimas persoas da área sanitaria que teñen a súa atención sanitaria no Álvaro Cunqueiro e que teñen auténticas dificultades, sobre todo as persoas dependentes.

É un escándalo o que está pasando na área sanitaria de Vigo. É o abandono total da dependencia, é o abandono total da xente que non vive no centro de Vigo. E, mentres tanto, a área sanitaria de Vigo está a padecer unha precariedade asistencial sen precedentes: falta de profesionais; aumento das listas de espera cirúrxicas; cirurxías aprazadas e anuladas; pacientes que son sacados da porta do quirófano ou do antequirófano e volven para a planta sen poder ser atendidos;

alarmas que chaman a desaloxar o hospital pola noite sen que ocorra nada; probas radiolóxicas que non se fan nin se anulan. ¡Un auténtico desastre hospitalario!

O único hospital público de Vigo, o Mexoeiro, abandonado. Houbo o outro día unha concentración para rodear o hospital público do Mexoeiro, un hospital que esmorece, un hospital que vai quedar sen actividade practicamente porque para aí vai ir xeriatria, medicina interna... é dicir, toda a hospitalización clínica; esa que non dá grandes titulares; esa que non consta en ningún lado; a que padecen en silencio milleiros de persoas. Pero claro, moitas delas son anciáns, moitas delas son VIH, moitas delas son dependentes, e ese persoal non dá fama, non dá categoría ao hospital. O importante é a cirurxía plástica, as cirurxías non invasivas, as tecnoloxías, pero esas enfermidades que non teñen esa repercusión social están desatendidas.

Polo tanto, cremos que a cidadanía de Vigo e de toda a súa área sanitaria deixou moi claro o 3 de setembro nunha manifestación en Vigo o seu rexeitamento a este modelo, reclamando un hospital público de verdade, que o Álvaro Cunqueiro sexa público. Que se fiscalicen –como din na iniciativa– os actos que se fixeron polo Consello de Contas, como así lle exiximos todos os grupos da oposición ao Consello de Contas.

Vigo necesita un hospital público, reclama un hospital público. Xa foi unha loucura ese macrohospital; é imposible traballar nese macrohospital. Os traballadores e traballadoras quèixanse de que teñen que facer quilómetros; non son capaces de atender as reclamacións urxentes dos pacientes porque todo queda lonxe. A falta de material é evidente.

É un auténtico escándalo en canto a condicións laborais: precariedade laboral absoluta; privatizaron os servizos que non eran sanitarios porque –señor Tellado, por favor, estou rematando, xa me queda pouco tempo–...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...eu só o escoito a vostede. *(O señor Tellado pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Remate, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** En concreto, si fixeron algo, o que fixeron foi condenar á cidade de Vigo a un hospital privado con pouco persoal, co persoal privatizado, con empresas que os hiperexplotan, aínda que parece que ao Partido Popular non lle interesa en absoluto, está moito máis pendente do que se comenta na oposición que dos problemas do hospital de Vigo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Señores do Partido Popular, felicidades polo gran negocio que fixeron. Acaban de condenar vostedes a Galiza, con este hospital, a unha débeda que non merecía. Pero eu espero que nos xulgados vostedes acaben por pagar esta indecencia que acaban de cometer coa sanidade de Vigo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Máis unha vez a construción do hospital de Vigo é obxecto de debate neste Parlamento; un hospital que responde ao proceso de privatización da sanidade pública no que está empeñado o Partido Popular, no que está empeñado Núñez Feijóo e o PP. Responde, pois, a esa actuación decidida de ceder dun xeito acelerado a sanidade pública ás empresas foráneas, ás empresas de capital risco, aos fondos de investimento, ás multinacionais. Como consecuencia, o Goberno galego, os galegos e as galegas, estamos perdendo a influencia e a capacidade de decisión sobre a sanidade pública.

O Partido Popular está favorecendo decididamente a parasitación da sanidade pública por empresas privadas. E o Partido Popular no Goberno da Xunta o que está é trasladando a xestión da sanidade pública e estalla a entregar a empresas privadas. O BNG combateu, combate e combaterá esta estratexia política, e o novo hospital de Vigo é un clarísimo exemplo desta estratexia. Esa proposta estrela do Partido Popular o que significa son prazos incumpridos, trato de favor ás empresas amigas, dilapidación de fondos públicos, dos impostos dos galegos e das galegas, para favorecer o negocio dos amigos e das amigas.

A posición do Bloque Nacionalista Galego é ben coñecida: manifestamos desde o primeiro momento a nosa oposición radical a este modelo privatizador. Un modelo onde as empresas adjudicatarias obteñen enormes beneficios sen correr riscos; un modelo onde as empresas adjudicatarias non asumen ningún deses riscos; non se reparten os riscos entre a adjudicataria e a Administración, a única que corre riscos é a propia Administración.

Nós, o BNG, dicimos alto e claro que é preciso frear esta contrarreforma sanitaria do partido Popular e apostar por un modelo sanitario público, universal, equitativo, sen copago, sen repagos, financiado cun sistema impositivo xusto, onde pague máis quen máis diñeiro ten. E, dende logo, defendemos e presentamos múltiples iniciativas para reverter todas as privatizacións e recuperalas para a sanidade pública.

Dentro desa reversión é imprescindible recuperar o novo hospital de Vigo. É preciso rescatar o novo hospital de Vigo das gadoupas da empresa privada e que se converta no hospital público que sempre debeu ser; no hospital de referencia para a área sanitaria de Vigo que sempre debeu ser.

A petición do rescate do novo hospital de Vigo é un clamor entre os veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo, é un clamor entre os profesionais da área sanitaria de Vigo. Se tiveramos no Goberno galego un goberno que estivera ao servizo dos intereses dos veciños e veciñas, tería xa feito esta cuestión, pero, lonxe diso, temos un goberno que o que prima é, precisamente, entregar os recursos públicos a esas empresas privadas.

O Partido Popular converteu o que ía ser unha obra pública nunha obra privada. Levou a cabo un cambio de modelo que significou converter o novo hospital de Vigo nun hospital privado. E é un hospital privado –como xa se ten dito aquí– porque está no balance e contabilidade da sociedade concesionaria. Non está no balance do Sergas, está no balance da empresa concesionaria, sociedade e empresa concesionaria que llo arrenda ao Sergas mediante un canon por vinte anos. É dicir, pagámolo con cartos públicos; a dona durante vinte anos é a empresa privada, e o Sergas paga un canon, un arrendamento, porque alí se preste, teoricamente, sanidade pública polo menos de momento, xa veremos durante canto tempo. Ao contrario

do que fai co hospital Povisa, onde o que fai o Sergas é pagarlle unha asistencia para os asegurados da sanidade pública.

Esta iniciativa que hoxe estamos a debater presenta un itinerario posíbel para ese rescate. O BNG dixo aquí en múltiples ocasións que a decisión de que o hospital de Vigo fose privado foi unha decisión política, e o que hai que tomar é outra decisión política para revertelo e convertelo nun hospital público. A unha decisión política de convertelo en privado hai que darlle a volta e tomar a decisión política de convertelo nun hospital público.

Mecanismos existen para facelo. O Goberno galego tivo xa oportunidade de facelo polos múltiples incumprimentos da empresa en todo o proceso de licitación e de construción, mais non quixo o Partido Popular usar eses instrumentos. Ao contrario, facilitoulle á empresa privada todos os mecanismos para seguir adiante con este proxecto, co cal, decisión política para convertelo en privado, decisión política para convertelo outra vez en público.

Insisto, este itinerario que hoxe nos presentan é un deles. O que dicimos no Bloque Nacionalista Galego é que se tome a decisión política de revertelo e logo que se busque o mecanismo menos oneroso para revertelo á sanidade pública.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Dorado.

**O señor DORADO SOTO:** Grazas, presidente.

Moi bos días a todos.

Non é esta a primeira ocasión, nin a terceira, na cal debatemos unha iniciativa desta natureza. A última, recentemente, foi a debatida hai un mes e medio, por iniciativa tamén de AGE, e a posición do Grupo Parlamentario Popular non cambiou, segue sendo a mesma: a de defender o hospital público Álvaro Cunqueiro como o hospital máis moderno e con mellores dotacións de toda Galicia, que vén solventar un problema histórico da área sanitaria de Vigo.

A gran novidade desta iniciativa con respecto á anterior son dúas cousas. Primeiro, a lonxitude da exposición de motivos, que son 18 follas, o cal é algo extraordinario. E segundo, un prezo; o prezo que AGE considera que debe pagar a Xunta á concesionaria dun hospital que custou a súa construción 600 millóns de euros. Unha pírqueta matemática interesante, pero sen ningún tipo de credibilidade. Tanto é así que, na propia exposición de motivos, vostedes chámalle fórmula absolutamente aforradora de cartos públicos. Aí dámoslle a razón, pagar 69 millóns de euros por algo que custa 600 é unha fórmula aforradora. O mesmo sería incluso pagar máis, pagar 30, 20 ou 10 millóns, ¿por que non?, tendo en conta que estes prezos terían a mesma credibilidade que a cifra que vostedes propoñen.

Vostedes saben, coma nós, que esa hipotética operación que defenden con tanto ahínco provocaría un grave deterioro nas contas públicas que agora mesmo a Xunta non se pode permitir. Ademais, hai cuestións que non deixan moi ás claras a validez da súa argumentación. Aínda que non teño tempo de rebater as 18 follas nestes cinco minutos, gustárame dicir que amparar a suposta ilegalidade da concesión nunha directiva aprobada no ano 2014, tendo en conta que o contrato se firmou no ano 2010, é unha absoluta barbaridade. Como saberán, aínda que non sexan xuristas, a legalidade dun contrato márcaa a normativa vixente. No momento da súa formalización, como ben saben, no ano 2010 non existía esa directiva. Polo tanto, sen entrar a fondo na propia directiva, o simple feito... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, señor Beiras, non insulte nin interrompa. Respete...

**O señor PRESIDENTE:** Ten despois un turno de réplica. ¡Silencio!

**O señor DORADO SOTO:** Señor Beiras, de verdade, aínda que dubide da súa proposta...

*(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, non interrompa a quen está no uso da palabra.

Prosiga.

**O señor DORADO SOTO:** Señor Beiras, aínda que dubide da súa proposta, non significa que non o respecte a vostede nin ao seu grupo político. Eu non o considero antivigués, como pensan outras moitas xentes, agora ben...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Oia, por favor! Perdón. Perdón, señor Beiras, chámoo á orde. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Oia!, ¡por favor!... ¡Perdón, perdón!

Señor Beiras, chámoo á orde, aquí non hai tontos *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe. Aquí non hai tontos, ten unha chamada á orde.

**O señor DORADO SOTO:** Este constante insulto e falta de respecto non sei se é a nova política súa, pero para min é intolerable que nesta Cámara se estea insultando sistematicamente a este grupo parlamentario por defender as súas ideas. *(Aplausos.)* Non se pode, señor Beiras, de verdade, ¡non se pode! É unha falta de respecto tremenda. É intolerable, señor Beiras. *(Aplausos.)* *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señor Beiras!

Señor Beiras, séntese.

**O señor DORADO SOTO:** Dicialle...

*(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non, señor Beiras, non está vostede no uso da palabra.

**O señor DORADO SOTO:** Señor Beiras, eu dicialle que eu o respecto a vostede, ao seu grupo e á súa proposta, a diferenza do que fan outros, que lle chaman antivigués. Para min aquí non hai antivigués, para min aquí hai posicionamentos políticos que lle fan dano a Vigo. E o seu posicionamento político faille moito dano a Vigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

Agora que vostedes parece que están entrando nunha competición por ver quen é o maior inimigo do hospital

público Álvaro Cunqueiro, non sei quen vai gañando. Mellor dito, si sei quen vai gañando, van gañando os vigueses, porque ningún dos ataques que formulou a oposición contra este hospital chegaron a bo porto, e ata agora segue aberto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor DORADO SOTO:** Pelexan vostedes –porque están constantemente formulando iniciativas neste sentido– por ver quen é máis vehemente contra este hospital, pero a realidade é que a pesar de que esta iniciativa ten un relato dos feitos de durante dez anos, a realidade é que omiten elementos que é moi importante ter en conta. Por exemplo, omite vostede que esta fórmula de construción tivo o “ok” do goberno de Zapatero, por exemplo. Por exemplo, omite vostede que o señor Cayetano, que hoxe é concelleiro en Vigo e que era entón xerente do Sergas... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*... Desculpe, señor Losada, don Cayetano tiña entre as súas posibilidades esta fórmula como unha delas para facer o hospital *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Eu non estou no debate, silencio.

**O señor DORADO SOTO:** Ademais, señor Beiras, tamén omite vostede e o seu grupo, na súa formulación, que había 2.000 millóns de euros de facturas sen pagar cando chegou o que vostede chama “gobierno Núñez”, que realmente é o Goberno de Galicia. E omite igualmente que esa suposta Sociedade Pública de Investimentos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* que ía...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor DORADO SOTO:** ...para construír o hospital, esa suposta sociedade tiña cero euros cando chegou, moitas maquetas, pero cero euros.

Polo tanto, hai unha cousa que si que comparto con vostede e que vén claramente a darnos a razón: que este é un grande complexo hospitalario, dío vostede na exposición de motivos. Ademais, incluso a señora Martínez lle chama “macrohospital”, o cal lle agradezo. ¿Sabe por que? Porque durante moito tempo nesta Cámara se falou dun hospital pequeno, pequeno. E incluso se chegou a dicir por

parte da portavoz socialista de sanidade que era un hospital feito con material dos chinos, o cal deixa bastante que desexar.

En todo caso, tamén é certo, señor Beiras, que se fai este hospital con celeridade e dilixencia, porque esa é outra cousa da que acusa á Xunta de Galicia, de facer este hospital con celeridade e dilixencia. (*Murmurios.*) E faise porque é unha cousa urxente e era unha cousa importante.

¿Que pasaría co servizo sanitario público no gran Vigo no caso de que algunhas zancadillas de AGE chegaran a bo porto?

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor DORADO SOTO:** ¿Que pasaría e cales serían as consecuencias? ¿Quen as sufriría? Pois os vigueses.

É certo, é certo que durante ese tempo xurdiron incidencias, problemas, e cometéronse moitos erros. Incluso si é certo, cometéronse erros, erros que foron solventándose co paso do tempo. Todos excepto un, que é o absoluto sensentido do posicionamento da oposición, que é contraria a este hospital dende o comezo ata o día de hoxe.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, por favor.

**O señor DORADO SOTO:** Inmobilista dende o minuto número un.

Eu pídlle, señor presidente, a mesma xenerosidade que tivo vostede co señor Beiras para rematar.

**O señor PRESIDENTE:** Xa está niso. Está niso máis ou menos.

**O señor DORADO SOTO:** Fronte ao inmovilismo da oposición neste hospital, hoxe podemos dicir que hai novas unidades funcionais, como a Unidade do Ictus, a de ortoxeriatría, a Unidade do Sono. Estase a traballar en tres máis: a Unidade de Psicoxeriatría, a de Hospitalización Xeriátrica e Infanto-Xuvenil, a Unidade de Pluripatólxicos. E tamén hai novas unidades de referencia, como o Banco de Leite Materno, como a Unidade de Patoloxía de Nervio Pudendo, que incluso é de referencia no ámbito estatal.

Conclúo, señores da Marea, ou de AGE, ou de como queiran. Recapaciten, pensen que este hospital xa é unha realidade. A súa teoría conspiratoria toca á súa fin. Súmense á defensa da sanidade pública cos feitos e non cos berros...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Dorado.

**O señor DORADO SOTO:** ...e a perfeccionala, a melloralala. Iso é o que reclaman os cidadáns. Hoxe..

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor Dorado.

**O señor DORADO SOTO:** ...pode ser un bo punto de reflexión. Por favor, recapaciten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Dorado.

Grupo autor da proposición para posicionarse sobre as emendas.

Señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Si, señor presidente, xa ve vostede como son as cousas.

Eu veño aquí cunha proposta asisada, que propón negociar coa concesionaria, no canto da proposta maioritariamente asumida pola propia Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, que é ir a preito. E fágoo precisamente por sentido político, por aforrar un proceso que pode durar meses e que pode acabar ditaminando en sentenza, evidentemente, a recuperación por fraude cometida, polo tanto, unha resolución culposa –que así se chama tecnicamente–, e aforrar algo que pode ser moito máis custoso que simplemente adquirir, ¿o que?, a sociedade. Comprar a sociedade, non o hospital. Porque a sociedade concesionaria é unha sociedade anónima. E ¿que é o que vale unha sociedade anónima? Vale conforme o balance, o activo menos o pasivo exixible. É elemental. E se vostede colle o activo e o pasivo exixible, o que queda é a cantidade de aproximadamente 70 millóns. Se vostedes non saben iso, e se a señora Muñoz parece que tampouco o sabe, é que era unha incompetente cando estivo, naturalmente, na consellería. E naturalmente por iso fíxo as mamarrachadas que facía. Porque podía face-

las ben. Hai que saber facer fraudes, tamén, e non de gilipollas. Non queren. Vostedes queren guerra. Pois téñena, téñena en Vigo. E os inimigos de Vigo non somos nós nin a Marea, ou “como se chame”. Eu son como me chame, dáme igual.

Señores, querido Abel López, acepto, evidentemente, a vosa emenda de adición –Abel Losada–. Acepto a vosa emenda de adición porque, evidentemente, complementa. En cambio, paréceme que a primeira –a de modificar e engadir ese engadido– non, porque o menos oneroso é o que eu plantexo, e está documentado con balances auditados pola auditoría da propia empresa.

Nesas condicións, señores do Partido Popular, só lles podo recomendar que sigan así. A súa derrota é inexorable, con Beiras ou sen Beiras, sen mesías, que non fan falta neste país. Pola cidadanía, que está farta de vostedes. É unha derrota inexorable, sábeno, e por iso están amarrados aí. E ¿por que? Antepoñen o seu enfeudamento cos sátrapas que estafan a toda a cidadanía do Estado español, eses corruptos, eses corruptos todos. Están podres, é un partido podre de abaixo para arriba. Antepoñen iso ás súas obrigas cos cidadáns que os votaron, por iso van levar unha labazada. E entre todos botarémolos do país. Como diría Fole, “matar non te matarei –non temos esa intención...–...”

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

Grazas, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...pero heite botar de España”, que era Galicia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Beiras.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

*(O señor Beiras Torrado diríxese ao escano do señor Tellado Filgueira proferindo palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Eh! ¡Oia, oia, oia! *(Fortes murmurios.) (Protestas.)* Chámoos á orde, señor Beiras. *(O señor*

*Beiras Torrado continúa a carón do escano do señor Tellado Filgueira.)*

¡Señor Beiras! Polo artigo 108 queda expulsado, señor Beiras. ¡Señor Beiras! ¡Expulsado!

Suspendo o pleno. Expulsado o señor Beiras.

*Suspéndese a sesión mentres o señor Beiras Torrado abandona a sala e retómase a continuación.*

**O señor PRESIDENTE:** A suspensión é de 15 días e despois verá a Mesa a correspondente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, o pleno xa o reanudei eu. Suspendino para que abandonara o señor Beiras o pleno. Agora reanudo eu o pleno.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz, José Luís Méndez Romeu, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación do punto 1.*

*“1. Trasladar á Alcaldía de Madrid a demanda de mantemento dunha rúa en memoria de Álvaro Cunqueiro, no rueiro daquela cidade, tendo en conta que:*

*a) Trátase dun dos máis notables e singulares autores da literatura galega do século XX segundo apreciación unánime da crítica e das instancias académicas.*

b) *Non estar implicado na rebelión militar de 1936, nin en feitos militares ou represivos e, por tanto, ser alleo á aplicación da normativa vixente en materia de símbolos ou conmemoracións (artigo 15 da Lei 52/2007).*

*Emenda de supresión do punto 2. Debe suprimirse.”)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Francisco Xesús Jorquera Caselas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución:*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a solicitar do Consello da Cultura Galega a elaboración dun informe sobre a relevancia literaria de Álvaro Cunqueiro e o seu contributo á defensa e difusión da nosa lingua e cultura, para o seu traslado a todas as institucións públicas co obxecto de honrar a súa memoria.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor presidente, é que en certo modo hai que desculpar o señor Beiras. (*Murmurios.*) Se o emperador Augusto dicía aquilo de: *“Si he interpretado bien la comedia de la vida, aplaudid”*, parece que o señor Beiras necesita tamén que lle aplaudan a comedia permanente que trata de representar neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Señorías, eu non veño hoxe a esta tribuna a facer haxiografía de Álvaro Cunqueiro, e incluso diría que nin sequera a defendelo. Non o fago, en primeiro lugar, porque este intelectual, fabulador maxistral, capaz de tomar cuncas de viño na taberna *Póngalas* coas ánimas do Purgatorio, que nos ensinou a todos que os cabaleiros da Táboa Redonda están transmutados en mosquitos na lagoa de Antela, ou que Merlín tiña pousada nas terras de Miranda, era un home dunha obra tan grande, tan complexa, tan extraordinaria, que, como dixo algún autor, igual que lle ocorría á selva de Esmelle co seu Merlín, probablemente sería mellor pintalo que explica-

lo. Porque para explicalo faría falta posiblemente un dicionario enteiro e ao mellor aínda non chegaría.

Non veño defendelo porque non o necesita. Cunqueiro é un grande da cultura de Galicia e de España. Utilizo para iso as palabras do profesor Alonso Montero na misiva dirixida á señora alcaldesa de Madrid onde lle recordaba que Cunqueiro era un dos máis grandes escritores da Europa do seu tempo, honra das letras galegas e das letras hispánicas.

Pero si subo a esta tribuna para tratar de dar voz á razón fronte á intolerancia, para pedir respecto a Cunqueiro, á cultura de Galicia e a Galicia. Fágoo, loxicamente, a raíz da iniciativa posta en marcha polo Concello de Madrid en aplicación da memoria histórica, que pode levar á eliminación do nome de Cunqueiro e doutras persoas do ruego municipal baixo a inxustificada e inxusta acusación de seren franquistas e, ao parecer, en vista dun informe publicado por unha chamada “Cátedra da Memoria Histórica”.

Non se preocupe, señor Ron, non vou entrar a valorar o traballo desta Cátedra da Memoria porque a nosa é unha iniciativa que trata de ser positiva e non de confrontación. Pero en calquera caso recordo que o articulista de *El País* Antonio Elorza, en data de 3 de agosto de 2015, xa advertía sobre o sectarismo desta citada cátedra.

É verdade que o feito non está consumado, probablemente pola presión da opinión pública, probablemente porque os seus detractores acabaron envoltos na maxia de Cunqueiro e ao final non se sabe se están contando unha verdade inventada ou unha mentira certa. O real é que a señora alcaldesa xa cualificou de disparate a iniciativa e a propia cátedra parece que rompeu a súa relación co Concello de Madrid. Pero, a pesar diso, si que é acaída a presentación desta iniciativa, porque é necesario que a mesma non chegue a consumarse. Porque, se se consuma, si que estaríamos ante un acto de intolerancia, revanchismo e cinismo intolerables. Estaríamos ante unha situación de listas negras, de censura ideolóxica impropia dos tempos que corren. Estaríamos, en definitiva, nun acto de prevalencia da intolerancia por riba da razón.

Por iso invocamos respecto para Cunqueiro e respecto para Galicia. Facémolo, en primeiro lugar, invocando a propia Lei da memoria histórica na súa acepción de espírito de



reconciliación e de consenso, e non de confrontación. Se é verdade que non merecen, loxicamente, honor de ningún tipo aqueles que participaron na sublevación militar, ou que participaron na dura represión posterior, tamén é verdade e é evidente que non pode ser aplicado ese anatema aos que, sen ter carácter protagonista, se limitaron a convivir co franquismo. Pretender agora exixirilles un comportamento heroico a esas persoas resulta un acto de soberbia e de intolerancia inaguantables, cando non de ignorancia total e absoluta, porque non se pode extrapolar o tempo de agora a un tempo como era aquel tempo, onde a disxuntiva era dramática: ou convivir ou estar exposto a sufrir a morte, o cárcere ou o exilio.

Sobre estes fundamentos pode afirmarse de maneira rotunda, como ben se fai, por certo, na emenda que presenta o Partido Socialista, que a iniciativa do Concello de Madrid carece por completo de fundamento, carece de fundamento porque a Cunqueiro non se lle poden aplicar os preceptos da memoria histórica vixente, singularmente o artigo 15 da lei. E non se lle pode aplicar en función de dúas circunstancias fundamentais: en primeiro lugar, porque basta con revisar a propia biografía de Cunqueiro para ver que nin participou na sublevación nin tivo participación activa nin protagonista de ningún tipo na represión posterior, senón que a súa convivencia se limitou unicamente ao ámbito da súa actividade profesional; e, en segundo lugar –e moito máis importante–, porque realmente o recoñecemento outorgado a Cunqueiro e a outras moitas desas persoas incluídas nese posible listado da Cátedra da Memoria, ese recoñecemento non foi outorgado pola súa afiliación franquista nin moito menos, todo o contrario, foi outorgado polo valor inmenso da súa obra. No caso de Cunqueiro non ofrece dúbida ningunha porque unanimemente é recoñecido pola crítica e pola intelectualidade galega como un dos grandes das letras españolas e tamén das letras de Galicia.

Non podía ser doutra maneira nun home que cultivou con éxito extraordinario todo tipo de actividades: a narrativa, a poesía, o teatro, o ensaio; articulista e xornalista extraordinario, con publicacións nos máis importantes periódicos de Galicia, entre eles, *La Voz de Galicia* ou o *Faro de Vigo*. Fabulador maxistral que era capaz de contar verdades inventadas ou mentiras certas, que en palabras de César Casal tiña amestrada a propia palabra e enchida a imaxinación, que en expresión de Luís Ventoso fabulaba e escribía no galego escrito nunca xamais lido, que foi membro da

Real Academia Galega, e loxicamente ese recoñecemento non podía ser doutra maneira.

Pero, se a alguén lle queda algunha dúbida do valor extraordinario da obra de Cunqueiro, hai outro dato obxectivo que o avala: a opinión pública. Esa opinión pública que xa Voltaire recoñecía como forza social autoconsciente outorgoulle plenamente o seu recoñecemento, elevouno á categoría de referente da cultura de Galicia e de España e colocouno na historia. Así o testemuñan –e non vou insistir demasiado no seu detalle porque é sobradamente coñecido– a gran cantidade de rúas, prazas, lugares, que levan o seu nome –entre eles, o hospital de Vigo–, a gran cantidade de premios literarios e de todo tipo recoñecidos tanto en Galicia como en España, o feito de que se lle dedicara o Día das letras galegas, e o mesmo feito de que unha gran parte da intelectualidade de Galicia saíra na súa defensa cando se plantexou esta cuestión á que nos estamos a referir, por exemplo, Darío Villanueva, Bieito Ledo, Manuel Bragado, Xosé Luis Axeitos –por citar algúns–, que reclamaron que non se cometera o erro de borrar a Memoria, por non falar de institucións como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura, o propio presidente da Xunta de Galicia, que enviaron misivas á señora alcaldesa de Madrid reivindicando esa dignidade e ese respecto para Cunqueiro.

E, señorías, quen é capaz de concitar tal unanimidade no recoñecemento do seu traballo, quen ten un impacto tan grande na conciencia colectiva desta terra, non pode de ningunha maneira ser deostado como franquista. Moi ao contrario, nosoutros o que reivindicamos é o papel galeguista de Cunqueiro no franquismo, o seu traballo no desenvolvemento da conciencia colectiva de Galicia nunha época difícil, o seu dominio extraordinario tanto da lingua galega como da lingua castelá.

Por esa razón solicitamos e pedimos, a través da iniciativa, respecto para Álvaro Cunqueiro, respecto para a cultura de Galicia e, a través do respecto a un dos seus grandes pensadores e da súa cultura, respecto tamén para Galicia; para que non prevaleza a voz da intolerancia, que, en definitiva, é a voz do fanatismo, por riba da voz da razón.

Permítame rematar, señor presidente, cunhas palabras do propio Cunqueiro, que falaba de todo. Por exemplo, dicía que *“la paloma tiene en Noya toda la luz que necesita para*

volar y también el aire, porque sabido es que la paloma necesita para volar a la vez el aire y la luz, igual que el rui-señor necesita aire, melancolía y luna”. A luz e o aire que proxectou Cunqueiro sobre a cultura de Galicia, a luz e o aire que proxectou sobre a sociedade galega, é o que nós reivindicamos por encima da noite, por encima do vento bruidor da intolerancia, esa intolerancia que nas palabras de Voltaire era sinónimo de atentado á liberdade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Baamonde.

Para a defensa da emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas, hai cancións que puxeron banda sonora á miña adolescencia, unha etapa na que a conciencia de galegitude fixo que encoirazase a dar pasos para asumir o galego como a miña lingua. Unha desas cancións foi *Quen puidera namoralá*, ese belísimo poema de *Cantiga nova que se chama riveira*, a obra máis representativa do neotrobadorismo cunqueiriano, musicado por Luís Emilio Batallán no tamén inesquecible álbum *Aí vén o maio*. Podería falar tamén da pegada que deixou en min o Cunqueiro fabulador de *Merlín e familia*, ou de como a asistencia a unha representación de *A noite vai coma un río* axudou a despertar en min o interese polo teatro galego.

Encomenzo con estas lembranzas porque, cando falamos de Cunqueiro, falamos dunha figura chave da nosa literatura, dun escritor de talla universal. E apelar á Lei de memoria histórica para retirar o seu nome do rúeiro dunha cidade é un auténtico disparate. Non vou valorar se Cunqueiro se afiliou á Falange coma un disfraz de supervivencia, como sinalan algúns estudosos. Si quero lembrar que esa mesma persoa militou no Partido Galeguista e acabou repudiando e sendo repudiado polo franquismo, e desposuído polo franquismo do seu carné de xornalista.

Mais o relevante non é iso, deputados e deputadas, o relevante –se me permiten a redundancia– é que a relevancia histórica de Cunqueiro non vén determinada polas súas

posicións políticas nun contexto determinado, como tampouco a relevancia de Günter Grass vén determinada polo feito de que tivese a valentía de recoñecer que chegou a pertencer ás SS. Cunqueiro non era un Millán Astray; tampouco, señores do Partido Popular, era un Fraga Iribarne. A significación histórica de Cunqueiro vén determinada pola súa relevancia literaria e polo seu contributo á defensa e difusión da nosa lingua e da nosa cultura. E por iso é polo que pensamos que Cunqueiro merece ser honrado, rememorado e posto en valor.

Pero, con todo, señores do Partido Popular, esta iniciativa é dun oportunismo ruín. Primeiro, señor Baamonde, porque non hai caso, ou nunca o houbo, ou –se o houbo– está total e absolutamente zanzado. Permítame que lea as noticias de prensa: “*El ayuntamiento negó estar en posesión de ese listado. Mientras, la propia alcaldesa, Manuela Carmena, dijo que no se quitarán dichos nombres porque sería un disparate y –añadió– eso no tiene ni pies ni cabeza*”. Sigo lendo noticias de prensa, señor Baamonde: “*La cátedra de la Complutense asegura que en el listado de 256 nombres publicados aparecen personas no sólo de talla universal sino además claramente alejados de las atrocidades cometidas por la dictadura*”. Sigo lendo noticias de prensa, señor Baamonde: “*Hasta ahora la actitud del consejo ejecutivo ha sido la de trabajar sin entrar a desmentir todas y cada una de las barbaridades que se atribuyen a la cátedra*”. E continuo lendo noticias relativas á cátedra da Complutense: “*La cátedra de la Complutense reprocha a la alcaldesa de Madrid que, sin cuestionar la información sobre la lista de calles a suprimir, descargue en la cátedra la responsabilidad sobre los disparates que tal lista contiene*”. Por tanto, non hai caso, señor Baamonde.

Pero ademais, e en segundo lugar, señor Baamonde, é dun oportunismo ruín vindo de quen vén, dun partido tan resistente, tan resistente (*Murmurios.*) a extirpar das nosas rúas os verdadeiros símbolos do franquismo (*Murmurios.*) –porque esa é a actitude que teñen, señores do Partido Popular–, e dun partido, ademais, tan tendente a confinar a nosa cultura a un museo arqueolóxico.

Porque non hai caso ante o desmentido do Concello de Madrid é polo que propomos substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a solicitar do Consello da Cultura Galega a

elaboración dun informe sobre a relevancia literaria de Álvaro Cunqueiro e o seu contributo á defensa e difusión da nosa lingua e cultura para o seu traslado a todas as institucións públicas co obxecto de honrar a súa memoria”.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Moitas grazas, señor Jorquera.

Para a defensa da emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señora presidenta, señorías, o 1 de abril de 1939 remataba a Guerra Civil. Aquel día os vencedores da guerra promulgaron un bando, un bando que sería repetido como un mantra ata 1975, ata a morte do ditador, ata tal punto que chegou a ser aprendido de memoria polos estudantes e por moitas outras persoas. E aquel día, o 1 de abril de 1939, o único diario que aínda se publica hoxe dos que se editaban en Madrid –un gran diario, por outra parte–, o diario *ABC*, publicaba aquel bando na súa primeira plana. E a continuación figuraban textos en loor daquela data e do que significaba dalgunhas das plumas máis representativas do momento, entre elas, e de xeito destacado, Álvaro Cunqueiro. Quérese dicir, por tanto, que Álvaro Cunqueiro foi unha persoa de firmes convicións co franquismo e que durante dez anos publicou abondosos documentos; hai, por exemplo, unha antoloxía de sonetos dedicados a José Antonio e moitísimas colaboracións nos medios de comunicación de exaltación do franquismo. Si, foi un escritor colaborador do franquismo, como o foi Torrente Ballester, un escritor tamén galego; como o foi Camilo José Cela; como o foi Josep Pla, gloria das letras catalás e quen traballou como axente ao servizo dos sublevados; e como o foron noutros países personalidades moi distintas, como Knut Hamsun, Premio Nobel; Louis-Ferdinand Céline, antisemita furibundo; ou, no ámbito doutras artes, Richard Wagner, tamén antisemita declarado.

Pero, se hoxe Cunqueiro e todos os que veño de citar e moitísimos máis son lembrados, non é pola súa actitude ou polas súas convicións políticas senón pola súa obra literaria. E cometeríamos unha grave mutilación do corpus cultural, do corpus das distintas artes, se agora xulgáramos baixo as premisas das súas ideas as persoas, e que, sen estar implicadas

directamente na represión ou en actos contra as persoas, teñan agora que ser xulgadas baixo eses parámetros.

Por iso en Madrid, señor Baamonde, se comete un grave erro cando se encarga a unha comisión histórica sen suficientes credenciais un estudo. Pero é certo que o erro o comete esa comisión que presenta un estudo para modificar o ruego onde mestura de todo: mestura personalidades da sublevación, personalidades da represión, feitos de armas e persoas que traballaron nas institucións culturais ou doutro tipo durante a ditadura. Ata tal punto ese documento é errado que nin o Concello de Madrid nin a súa alcaldesa nin a universidade o teñen referendado, e, polo tanto, iso quedou arquivado.

Nós cremos, señor Baamonde, e o temos defendido aquí moitas veces, que en Galicia, como en España, temos que movernos no mesmo sentido que os países do noso contorno. Porque todos os países que tiveron feitos dramáticos e que dividiron as súas sociedades ao longo da historia optaron en moitos casos por mecanismos de restitución da memoria, por mecanismos de posta en valor da loita contra o olvido. Falo de Alemaña, onde abonda con visitar calquera cidade para ver numerosas conmemoracións; falo de Francia, que aínda ten episodios terribles como o do Velódromo d’Hiver e tantos outros relacionados con Vichy, ou falo de Arxentina, ou falo de Sudáfrica e de tantos outros.

En España as leis de amnistía do 76 e do 77 non foron leis de amnesia, foron leis que permitiron volver restablecer a convivencia. E moi tardiamente, no ano 2007, promulgouse a Lei 52, de reparacións, ata onde era posible, simbólicas ou materiais dalgunhas situacións derivadas do conflito da Guerra Civil e de restauración da memoria histórica. Lamentablemente, o grupo maioritario desta Cámara non quixo aplicar esa lei en Galicia, de ningún xeito, a pesar de que había polo menos dous artigos que ordenaban as comunidades e os concellos a cooperar entre si para elaborar listas de vestixios e para establecer os lugares de memoria, como acontece noutros países, que deberan ser preservados. Ben pouca cousa, ben simbólica, e nin iso se fixo.

Pero, señorías, do que se trata hoxe é de, por unha banda, poñer de manifesto unha vez máis o valor da obra de Cunqueiro, que non é cuestionado por ninguén e que non está ameazado por ninguén, pero tamén, señorías, ao

mesmo tempo, de lembrar que como calquera país civilizado e avanzado temos que legarlles ás xeracións futuras unha visión desapaixonada, pero tamén rigorosa, do que é a nosa propia historia. E iso pasa antes ou despois polo recoñecemento debido dos feitos, dos lugares e dos vestixios, algo que ata o día de hoxe –insisto– a Xunta de Galicia non quixo facer. Propoñemos unha emenda que cremos que mellora o texto e que abonda nestas ideas que veño de subliñar.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Méndez Romeu.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Comento que as deputadas de Cerna imos abandonar este pleno e non vou intervir na iniciativa que presenta o Partido Popular. Entendemos que a actitude do presidente da Cámara por expulsar a Beiras é unha actitude antidemocrática (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) porque Beiras o único que fixo foi denunciar as irregularidades do goberno do señor Feijóo.

Ás deputadas e aos deputados non se nos pode poñer unha mordaza, somos a voz do pobo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Señora Fernández...

**A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ:** Fomos escollidos por todas as persoas, por toda a cidadanía, para representar os intereses do pobo galego aquí nesta Cámara.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Señora Fernández, polo que vexo vostede vén anunciar que abandonan o pleno, non vai intervir sobre a iniciativa. Perfecto.

Moitas grazas.

Polo tanto, polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Vamos ver, non queda baleiro, non, as que quedan baleiras son as ideas que teñen vostedes na cabeza (*Aplausos.*) cando traen esta iniciativa que non ten ningún sentido e que responde, como dixo o voceiro do BNG, a unha farsa, unha pantomima que traen vostedes aquí. Foi unha filtración dun medio de comunicación e vostedes converteron en lei, en *casus belli*, o tema de traer aquí a Álvaro Cunqueiro. Fraco favor lle fan vostedes ao traer un escritor universal, de talla universal como Álvaro Cunqueiro, para esta iniciativa. Fraco favor lle fan. Porque foi unha farsa traída por un medio de comunicación para desacreditar unha opción política. E por iso a traen vostedes aquí. E nós non imos participar nunha farsa en que –ademais, hoxe xa dito aquí– a propia directora da Cátedra de Memoria Histórica da Universidade Complutense dixo que esa listaxe na que aparecían escritores como Gerardo Diego e tamén, loxicamente, Álvaro Cunqueiro, pois non obedecía á súa autoría. E a propia alcaldesa xa dixo o que dixo. É dicir, non se procedeu. Pero había outras rúas, *Arriba España*, *General Millán Astray*, etc., outras rúas que si responden a esa memoria que vostedes queren manter intacta en todo o Estado español.

Polo tanto, nós non imos entrar nunha iniciativa que obedece a unha filtración interesada dun medio de comunicación, porque iso é política sen ética. É o que traen vostedes, e así se está facendo a política hoxe en día neste Parlamento, con base en filtracións interesadas de medios de comunicación, e aí actuamos. Pois nós non imos facer iso. E como dixo Benedetti, *el olvido está lleno de memoria*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso díxoo o poeta Benedetti, e aplícase perfectamente a vostedes, lean, se non, o informe de Pablo de Greiff, 22 de xullo de 2014, Relator especial sobre a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías da non repetición. Lean ese informe, e as vinte recomendacións que fai ao Estado español para cumprir, precisamente, coa verdade, coa xustiza, coa reparación e as garantías da non repetición. Porque vostedes incumpriron sistematicamente unha lei que para nós xa foi cativa, a Lei de memoria histórica. Iso é o que hai que ver. Vostedes non se alporizaron nada cando viron que no dicionario da Real Academia da Historia se dicía que Franco non era un ditador, aí non se alporizaron nada, ¿verdade?, non trouxe-

ron unha iniciativa no mesmo sentido para rectificar. Fíxoo a presión, e rectificouse, pero vostedes estaban totalmente de acordo coa definición de Francisco Franco case coma un anxo, coma un apóstolo, porque vostedes están rendendo pleitesía a esa memoria infame dos vencedores.

Nós, desde logo, non compartimos ese *casus belli* que traen vostedes respecto da iniciativa de Álvaro Cunqueiro. Álvaro Cunqueiro ten todas as calidades literarias e, como dixo o voceiro do PSdG, non é o mesmo ser un escritor que vive e convive en época franquista baixo as gadoupas da censura franquista que ten que facer todo o posible para sortear esa censura e para impoñer as súas ideas a pesar das tesoiras do que estaba gobernando esta Xunta de Galicia non hai moito, que era Manuel Fraga, que era o autor das gadoupas, e había que sortealo de forma intelixente para que a censura non mutilase a creatividade. E outra cousa é ser un escritor adepto ao réxime, esa é outra historia. Pero non imos caer niso. Vostedes traen isto para deleitarse e para arruinar un proceso de cambio e transformación a través dunha filtración de medios de comunicación sistémicos, que pertencen ao sistema, e que, polo tanto, se nutren do sistema e non queren renunciar ás prebendas que lles dá o sistema. Por isto temos unha comunicación –por desgraza– masiva, enlatada, dirixida e ás veces falta de liberdade, porque loxicamente son empresas, e as empresas sabemos a que están xogando.

Polo tanto, vostedes cambien e apliquen a Lei de memoria histórica cativa, anulen as sentenzas que aínda pesan sobre as vítimas e os seus familiares, contribúan a que se ergan por parte da Administración pública os ósos dos mortos nas fosas, que se faga a luz, que chegue a luz para que as familias poidan ter reparación e xustiza de verdade. Entón, nese momento, poderemos quizais estar de acordo en que vostedes si queren algo de memoria, algo de xustiza, algo de reparación, sobre o que aconteceu neste país e sobre o que viviron e padeceron as vítimas, os familiares dos vencidos, dos que chaman vostedes os vencidos, para poder reparar a súa memoria. Iso é o que nós queremos e non iniciativas de papel cartón que o único que fan é vampirizar, vampirizar o que supuxeron Álvaro Cunqueiro e outros escritores que traballaron en época franquista.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Vaia rematando, por favor.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Iso é, vostedes son uns vampiros culturais e por iso traen esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Ron.

Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Antes de nada, quero dicir que eu celebro o ton da intervención dos señores voceiros do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que entenderon o auténtico sentido desta iniciativa que presentamos como un acto de razón fronte á intolerancia. Non presentamos unha iniciativa para vampirizar nin para demonizar absolutamente nada. Nos outros queremos que se recoñeza a razón.

Por esta razón, e pronúnciome sobre as emendas presentadas, anuncio que, efectivamente, imos aceptar a emenda do Grupo Parlamentario Socialista, no sentido de que o punto primeiro da nosa emenda pasaría a ser o punto primeiro da emenda de modificación do PSOE, quedaría suprimido o punto segundo, e manteríase o punto terceiro. Tamén ofrecemos ao Bloque Nacionalista Galego a opción de aceptar a súa emenda incorporándoa como engádegas ao texto da iniciativa que así resultaría.

Permítame, no tempo que me queda, facer algunhas consideracións.

Señor Joquera, eu estou plenamente de acordo con que o realmente valioso de Cunqueiro non é o seu pasado, senón a súa obra literaria. Pero di vostede que traemos esta iniciativa por unha razón de oportunismo porque non hai caso ningún. Permítame que lle diga que non podo compartir ese criterio. Vostede fáleme de ler a prensa, e eu tamén lle pido, efectivamente, que faga o mesmo. Eu teño aquí multitude de publicacións que fan referencia a multitude de artigos de autores moi diferentes: Trapiello, Javier Marías, Dario Villanueva. Fágolle referencia ás cartas do presidente da Real

Academia Galega, do presidente do Consello da Cultura, do presidente da Xunta, dirixidas á alcaldesa de Madrid. Loxicamente, se non houbera absolutamente nada, non tería sentido que se plantexara esa polémica, e hai unha polémica forte, sábeo vostede, na opinión pública e no mundo da cultura. A non ser, como eu lle dicía na miña iniciativa, resulte que a maxia de Cunqueiro o envolva todo e que esteamos ante verdades inventadas, mentiras falsas, e non haxa nada de nada. Pero si que hai caso e si que por iso alertamos da necesidade de que non prevaleza, por riba de ningunha consideración, a intolerancia.

Estamos de acordo tamén, señor Méndez, na súa valoración. Nosoutros fixemos, e así o dixemos, unha intervención en sentido positivo, non tratamos de repartir erros nin culpas, e non entramos na consideración de se o erro é da alcaldía de Madrid ou se é desa Cátedra da Memoria. O que nos queda é a necesidade de superar ese erro e chegar a un acordo que permita manter a dignidade de Cunqueiro e de Galicia.

Remato coa referencia, loxicamente, á intervención do señor Ron. Señor Ron, permítame que non comparta absolutamente nada, absolutamente nada do que dixó. Resumo o que eu penso nunha frase moi simple: o fanatismo é á razón o mesmo que a astroloxía á astronomía, fillos tontos dunha nai sabia. Quen fai prevalecer o fanatismo e a intolerancia por encima da razón, loxicamente está negando o sentido común.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Baamonde.

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas**

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bo día a todos e a todas.

Unha vez máis este Parlamento e o Partido Popular, en apenas unha hora, demostrou a súa faciana, a faciana da intolerancia, da ditadura da palabra e de como para o Partido Popular, ese grupo maioritario desta Cámara, algúns somos molestos porque dicimos as verdades e porque poñemos encima da mesa as vergonzas dun Partido Popular indecente, indecente en termos económicos porque está trufado de corrupción, en si mesmo o Partido Popular parece unha organización corrupta. Pero, ademais, indecente porque continúa a defender aquelas cousas que levaron a este país a que o fascismo triunfase sobre unha democracia. Iso é o que defende o Partido Popular.

E, polo tanto, nós hoxe temos que denunciar de forma contundente que este Parlamento perde calidade cando se persegue a aqueles que dicimos a verdade, a aqueles que mantemos a capacidade de indignarnos ante as políticas que o que fan é asolar de sufrimento os nosos traballadores. E por iso hoxe nós traemos unha iniciativa para falar deses máis de 115.000 traballadores deste país que están no paro e non reciben ningunha prestación. E non reciben prestación non porque non exista capacidade, senón porque vostedes son [...] *(Por orde da señora presidenta, Rodríguez Arias, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento retírase esta expresión.)* que atentan contra os traballadores. A mesma cantidade que recortaron en prestacións de desemprego no conxunto do Estado é a mesma cantidade do rescate bancario, e sábeno. E vostedes son cómplices desta barbarie: 41.346 millóns de euros recortou o Partido Popular en prestacións de desemprego, 41.000 millóns de euros, o mesmo que recibiron os bancos. Aqueles a quen vostedes defenden, os culpables da crise financeira, dese timo, desa estafa, fixeron que a día de hoxe neste país haxa 200.000 desempregados. Pois en vez de defender os desempregados vostedes colleron o diñeiro do desemprego e utilizárono para salvar os mesmos que os botaron á rúa. ¿Como se chama a iso? Política criminal en termos sociais.

Dende a indignación temos que dicir que non se pode continuar culpando as vítimas da crise, perseguíndoas, dicindo, como onte o [...] *(Por orde da señora presidenta, Rodríguez Arias, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento retírase esta expresión.)* señor Tellado dixó aquí, que a responsabilidade do Goberno era dar traballo a quen o busca, coma

se os desempregados non estiveran buscando traballo. É mentira o que dixo aquí o señor Tellado onte. Os desempregados buscan traballo, pero por cada oferta hai duascenas persoas buscando ese posto de traballo. ¿Que é o que persegue o Partido Popular? Exércitos de desempregados que tiren á baixa dos dereitos laborais. Esa é a política do Partido Popular.

E, miren, esta mañá o señor Feijóo enganaba unha vez máis a cidadanía, enganábaa. Porque hai que dicir a verdade, hai que contar como vostedes trocearon o emprego. Non crearon emprego, o que vostedes fixeron foi trocear o emprego que existía e, polo tanto, só en Galicia no 2008 se traballaban 46,13 millóns de horas á semana; no 2015, 35.000 millóns de horas. ¿Saben o que significa iso? Reduciron as horas que se traballan neste país un 20,6 %, que é o mesmo que dicir que vostedes expulsaron traballos completos por cantidade de 253.000 postos de traballo dende que volveron á Xunta de Galicia. Vostedes destrozan o emprego, o que fan é trocear ese emprego para dicir que xeran traballo e despois computan aquelas persoas que traballan unha hora, que traballan dúas, que traballan unha semana cada quince días, como postos de traballo creados. Polo tanto, o que hai que denunciar son as políticas que conlevan a pobreza da clase traballadora, esas políticas que son defendidas e, sobre todo, son fomentadas por xente coma vostedes.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Señor Fajardo, ten vostede unha chamada á orde e rógolle que retire dúas cuestións que acaba vostede de dicir aquí nesta tribuna, vostede sabe perfectamente cales son...

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ¿Pódeme dicir cales son? ¡Home!...,

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** ¿Pódeme vostede escoitar?

Son...

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Isto é en diferido, unha chamada á orde en diferido, agora xa me dirá por que.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Se escoita, pódollo explicar.

Son “criminais sociais”, e, ao señor Tellado, “indecente”.

Pode vostede continuar, pero ten unha chamada á orde, e retiramos as ofensas, que non consten.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Cando un cualifica en termos políticos que a súa intervención é indecente e, polo tanto, un deputado é indecente, estamos falando en termos políticos. Coa súa vida persoal ou coa persoa non me meto, falo das posicións políticas. Porque o señor Tellado onte aquí dixo que o obxectivo do Partido Popular era buscarlles emprego a aqueles que busquen emprego, deixando encima da mesa que os 200.000 desempregados o que fan é que non queren buscar emprego, o cal é unha falsidade e unha criminalización da vítima que non se pode consentir. Porque esas 200.000 persoas que están no desemprego, das cales 115.000 non cobran un peso, todos os días se levantan para buscar traballo e para darlles de comer aos seus fillos, namentres vostedes o que fan é utilizar as prestacións do desemprego que cobraban antes para dárllelas ás multinacionais bancarias. Esa é a realidade.

O ano pasado deixaron de gastar neste país 250 millóns de euros en prestacións de desemprego. ¿Como se chama iso? Ser criminal social, para nós é un crime social; 9.000 millóns de euros para salvar a banca e, en cambio, non hai diñeiro para salvar os nosos desempregados. Nós estamos facendo cualificacións políticas; se á presidenta lle molestan as cualificacións políticas, sentímolo. Pero o que lle molesta a esta presidenta, a este Parlamento e a este grupo maioritario é que nesta Cámara se digan as verdades e se diga dunha vez por todas que o Partido Popular está legislando contra a maioría social, está atacando os traballadores deste país e está permitindo que aqueles que teñen grandes corporacións poidan seguir facendo escravismo da nosa clase obreira. Se non, como se entenden as portas xiratorias, se non, como se entende que o señor Feijóo estea pensando en deixar a política para irse a Inditex, ¡que casualidade! Na política non existen casualidades, existen favores que se devolven a aqueles que defenden as grandes corporacións en contra das pequenas e medianas empresas, dos autónomos e da clase obreira.

Se quere, tamén retíreme iso, porque neste Parlamento parece que se pode dicir soamente aquilo que quere a presidenta ou o presidente de turno, e nós, con liberdade, vimos

aquí a denunciar a realidade. E a realidade é que neste país, a pesar da maquillaxe que se fai das estatísticas, onde se di que o 51 % dos desempregados non recibe prestación, é falso. Non é o 51 % dos desempregados que non recibe prestación; 7 de cada 10 traballadores deste país non reciben ningunha prestación, 7 de cada 10 traballadores deste país que están en desemprego non reciben ningunha prestación. E eses son os datos da EPA, son os datos da EPA. Porque vostedes o que fan é enganar cando din que é o 51 %, e voulles explicar por que.

Vostedes contan como desempregados que reciben a prestación aqueles desempregados que están afectados por un ERE e que, polo tanto, cobran da súa empresa e unha parte do INEM, co cal engordan esa cifra. Contan tamén os traballadores a tempo parcial, que seguen cobrando unha parte do seu desemprego, contan os prexubilados e tamén aquelas persoas desocupadas que o que fixeron foi abandonar o desemprego, o INEM, as listas do paro, porque alí non atopaban alternativa. Igual que non contan os que nunca tiveron un traballo antes.

Polo tanto, se depuramos esas cifras, a realidade é que, de cada 10 traballadores que hai neste país que están no paro, 7 non reciben un peso. ¿Como cualifica iso o Partido Popular? ¿Como cualifica iso cando o Partido Popular é capaz de poñer encima da mesa rescates bancarios, rescates financeiros, pero non rescata as familias? ¿Como se pode explicar que eses traballadores, por mor dunha política económica e, sobre todo, dunha reforma laboral que o que fixo foi expulsalos das súas empresas, hoxe teñan que acudir en moitos casos aos comedores sociais?

Para nós iso é un modo de crime económico, de crime económico, porque o que se fai é, cos resortes do Estado, atacar a unha clase, neste caso a clase obreira.

E nós hoxe o que dicimos aquí nesta proposición é algo tan sencillo como o seguinte. ¿Parécelle razoable a este país que 7 de cada 10 traballadores non reciba un peso? A nós non. E, polo tanto, non estamos pedindo ningunha barbaridade, estamos dicindo que se recupere o nivel de gasto que existía antes, que se recuperen eses 250 millóns de euros que o ano pasado se destinaban a desemprego e que hoxe non se destinan; que se recuperen os niveis orzamentarios que había antes da crise para a creación de emprego, o 50 % de redu-

ción anual nos proxectos de emprego da Xunta de Galicia. E iso é o que estamos plantexando, políticas concretas. ¿Para que? Para defender a quen peor o está pasando, para defender as vítimas da crise, que neste caso son digamos que absolutamente culpabilizadas por un Partido Popular que desatende os seus intereses.

E cando falemos de emprego, falemos de emprego, non falemos de miniemprego; cando deamos as cifras, deamos as cifras de horas traballadas e demostraremos como son eses 200.000 postos de traballo eliminados. Ou falemos dese tan cacarexado Plan, por parte do Partido Popular, de activación do emprego: apenas un 25 % das cifras que plantexaban de recuperación. Plantexaban máis de 100.000 persoas que podían acceder, e apenas accederon 24.000. Polo tanto, a política en materia de emprego do Partido Popular é un fracaso, pero non é un fracaso porque non saiban como facelo, é un fracaso porque é o seu obxectivo, e nós reiterámonos na nosa afirmación: o Partido Popular desexa estes niveis de desemprego, porque estes niveis de desemprego significan facilidades para as empresas, significan que, cando un traballador chega á porta dunha fábrica a pedir traballo, ten que aceptar case calquera condición, que é o que quere o Partido Popular, e é o que quería o seu ministro, aquilo de que máis vale un traballo de 50 euros que non traballar. Vostedes chámanlle traballo ao escravismo e por iso esperamos que teñan hoxe un mínimo de dignidade en termos políticos e apoiem esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, presidenta.

O proceso de destrución de emprego, a reforma laboral e a crise financeira son a orixe, as causas, deste drama social e individual que é o paro. Drama, ademais, que tende a facerse crónico no noso país. Aumenta o número de familias galegas que teñen a todos os seus membros no paro, familias que non reciben ningún diñeiro cando remata o mes, cando van entrar os recibos da luz, do alquiler, da hipoteca, do



supermercado. Tamén aumenta o número de paradas e de parados de longa duración: 100.000 galegas e galegos levan máis de dous anos, dous anos, na procura de emprego; e 133.000, máis dun ano.

Unha persoa traballadora cunha longa e estable traxectoria laboral perde o seu posto de traballo. Nas últimas décadas do século pasado isto significaba pasar unha temporadiña cunha prestación mentres se buscaba un novo posto de traballo, que se conseguía máis ou menos a curto ou medio prazo, pero conseguíase. Pero hoxe non é así. Esta persoa traballadora que perde o traballo hoxe en día probablemente estea endebedada e con cargas familiares, e ademais é consciente de que a súa nova situación vai para longo, ou para sempre. Cando atope traballo, se o atopa, gañará moito menos que no anterior, e en moitas peores condicións laborais. E o novo salario non lle permitirá manter o nivel de vida ao que chegara antes de ser despedida.

Ademais, o drama persoal, a angustia, o medo de entrar no círculo infernal da pobreza e da exclusión, todo o seu mundo entra en crise e queda suspendido nun limbo social sen perspectivas de futuro. E isto é verdade: con resultados de suicidio en moitos, moitísimos casos, suicidios silenciados, suicidios non investigados, pero moitos, señores deputados e señoras deputadas, moitos.

Familias desafiuzadas, fogares sen luz, sen calefacción, desnutrición infantil, emerxencia social de naufragos aos que hai que rescatar da tempestade da que foron vítimas por esta crise económica, crise económica que nos vén imposta polos poderes; medidas de rescate ás vítimas, medidas de rescate para as persoas, para os seres humanos, que a vendida, electoralista e publicitada recuperación económica deixa nas marxes, deixa nas cunetas, deixa a xente sen Estado, deixa a xente sen protección, deixa a xente convertida en números: 236.444 galegas e galegos desempregados no mes de xaneiro do ano 2016, un 3,34 % máis que no mes de decembro do ano 2015. A Galiza é a terceira autonomía onde máis sobe o paro con respecto ao mes anterior, só superada por Navarra e Cantabria.

Por todo iso, e porque son imprescindibles, imprescindibles, políticas económicas e laborais que prioricen, que poñan no centro, que prioricen o ben común, que prioricen o rescate da clase traballadora, o rescate da cidadanía e tamén

o rescate dos servizos públicos, esta deputada votará a favor da iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda.

Grazas, máis nada.

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Iglesias Sueiro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Volvemos falar de desemprego e da situación laboral en Galiza.

Onte, durante o debate da moción presentada polo Partido Socialista, a deputada do Partido Popular sacaba peito falando de que se creaba emprego, de que diminuíu o paro, e hoxe o presidente da Xunta pois volvíu sacar peito coas mesmas cuestións, con que se está creando emprego e diminúe o paro. O que non explicaron nin unha nin o outro foi qué tipo de emprego é o que se está creando ou como se diminúe o paro.

Vou facerlles un pequeno recordatorio de cal é o emprego que se está a crear en Galiza. E o emprego que se está a crear en Galiza é o emprego que significa pobreza laboral, o emprego que significa que, coas retribucións dese emprego, son miles os galegos e as galegas que non poden desenvolver un proxecto minimamente digno de vida. Son os datos que din que en Galiza hai 70.000 persoas asalariadas cunha retribución anual inferior a 5.000 euros, señora deputada do Partido Popular. ¿Que significa iso? Pois un salario de menos de 350 euros ao mes. Hai 177.000 homes e mulleres en Galiza que teñen uns ingresos anuais de 1.900 euros, ¿que significa iso? Un salario de 150 euros ao mes. Hai 84.000 traballadores e traballadoras que cobran menos de 700 euros ao mes. E podería seguir enumerándolles. Ese é o emprego que vostedes están creando.

E ¿como diminúe o paro? Pois cunhas cuestións pois moi sinxelas. Primeiro, coa emigración, todos eses miles, sobre todo de mozos e mozas, que, non tendo aquí en Galiza ningún xeito de desenvolver a súa vida nin atopar un traballo digno, marchan á emigración. ¿Como diminúe o paro? Pois vía xubilación, vía diminución da poboación activa en Galiza, co cal diminúe a poboación activa e diminúe o paro, mais

non significa que haxa máis persoas traballando, non significa que haxa máis persoas traballando. Mire, en 2015 descendeu en 32.400 persoas a poboación ocupada, houbo 19.200 persoas que saíron do desemprego. ¿Que significa? 13.200 persoas que desapareceron, que non se incorporaron ao mercado laboral, que non se incorporaron. É dicir, non é que baixe o paro porque se mellore ou porque haxa máis postos de traballo senón porque diminúe a poboación activa, senón porque a xente marcha, señora deputada e señores deputados do Partido Popular.

¿Como diminúe o paro? Convertendo un emprego en dous ou tres, convertendo un emprego, por exemplo, de 1.500 euros, despedindo esa persoa e logo contratando dúas ou tres para o mesmo posto de traballo cobrando menos esas dúas ou tres persoas conxuntamente do que só cobraba unha persoa.

Ou ¿como diminúe o desemprego? Computando como persoas activas e non desempregadas esas persoas que só traballan unhas horas ao mes, esas persoas que só traballan unha semana ao mes ou os que teñen contratos de escravitude, como moitísimos dos mozos e mozas do noso país que teñen contratos en prácticas, en precario, e que non teñen logo dereito nin para cobrar subsidio de desemprego nin para a xubilación pero que non computan como parados. Ese é o xeito que teñen vostedes de dicir que baixa o desemprego, co cal, evidentemente, é todo unha auténtica mentira. Usan uns datos estatísticos para intentar facernos ver unha realidade que só existe na súa propaganda, señoras e señores do Partido Popular. Polo cal, o mercado de traballo en Galicia non mellora, como dicía antes. A combinación das persoas que deixan un emprego por diferentes razóns non significa o aumento de poboación activa.

A realidade é que o grao de desprotección das persoas desempregadas é brutal, porque coas políticas, coas decisións e coas reformas laborais que puxeron en práctica o que fixeron foi a redución das prestacións contributivas aos desempregados, redución das prestacións asistenciais, redución das prestacións para maiores de 45 anos, redución das prestacións para maiores de 52 anos –que se contabiliza a renda familiar para as persoas que teñen máis de 55 anos, co cal moitas quedan sen ese dereito a cobrar prestación–, a diminución das cotizacións do servizo público de emprego no caso de desemprego, co cal cobran menos e co cal com-

putan menos para a xubilación. E o cal, ¿que significa? Pois pobreza actual e pobreza futura.

Co cal imos apoiar esta iniciativa, que, igual que outras que ten presentado o Bloque Nacionalista Galego, o que pretende é...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...poñer o acento na necesidade de que se tomen medidas reais e non se deixe tirada a xente que está no desemprego. Que se invistan os recursos que teñen que ir destinados para o desemprego e que non, un ano tras outro, haxa unha execución orzamentaria da Consellería de Traballo realmente ridícula, ou que efectivamente cada vez haxa menos cartos destinados ao desemprego...

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Remate, por favor, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...porque hai menos persoas cobrando paro, que non significa menos parados, hai menores contías, diminúen as contías, pero non porque haxa menos persoas necesitado esas prestacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Quintas Álvarez.

**A señora QUINTAS ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Bos días.

Bueno, señor Fajardo, non sei, paréceme que imos facer a viaxe para nada, porque está visto que ao Goberno galego non lle interesa para nada a situación que están a vivir os cidadáns e as cidadás de Galicia.

Xa o discutimos onte, en cada pleno estamos falando de emprego, e isto convértese nunha noria de cifras nas que o Partido Popular nos debuxa un país que non existe –como

dicía onte e sígome reivindicando—, un país ao que, cando vén aquí, lle prohiben a entrada á bancada porque non queren escoitar o que lles piden e que, cando os traballadores e traballadoras están nas portas do Parlamento reclamando traballo, incluso traballo en precario, nin sequera se lles atende.

Bueno, as cifras son incuestionables. Desde que o señor Feijóo goberna, desde hai sete anos, pois o número de persoas paradas aumentou en 65.000. Xa non nos imos parar no número que vai aumentando mes a mes, porque ás veces é dramático. Porque cando vén un período vacacional pois diminúe o paro, eses contratos por horas en precario, en fin...

Os beneficiarios das prestacións. Curiosamente, o paro aumenta, pero dende 2009 hai 10.243 persoas menos que son beneficiarios de prestacións. E o que xa é terrible é que a Xunta de Galicia diminuíu en prestacións ao desemprego máis de 24 millóns de euros.

Esa é a situación, o emprego estase a converter nunha situación crónica en Galicia, e non soamente por un motivo da crise, senón porque este goberno renunciou a cambiar a estrutura produtiva. Esta crise empeza pola burbulla do ladrillo, empregos que desaparecen, desaparecen no sector industrial máis de 50.000 empregos, e a Xunta de Galicia foi incapaz, incapaz, de facer un esforzo no sector produtivo para que toda esa xente que saíu do mundo laboral se poida integrar ao mundo laboral.

Centos de miles de persoas están sen ningunha axuda ou prestación, 7 de cada 10. O 70 %, 140.000, están fóra do sistema de protección. ¿Que está pasando? Que estamos xerando unha xeración de xente pobre. Dicía eu onte —non o digo eu, dío a Organización Internacional do Traballo— que non soamente hai esa cantidade de parados, que neste momento afecta a todas as súas familias, que non teñen ningún sistema de protección, senón que a día de hoxe en Galicia ese informe di que hai traballadores pobres.

Bueno, isto é o que provocan as políticas do Partido Popular, ou a falta de políticas, a ausencia de políticas efectivas do Partido Popular: unha sociedade débil, unha sociedade desigual, unha sociedade pobre e unha sociedade sen futuro. E á parte diso vivimos nun país onde as pensións son as máis baixas, vivimos nun país envellecido sen que ningún faga nada no problema da demografía. Pero é que para

toda esta xente que hoxe está parada e sen protección, ou toda esta xente que neste momento está traballando con contratos precarios, con salarios de miseria, ¿cal vai ser o seu futuro posteriormente cando sobreparen sos 65 anos?

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa en todos os seus termos, e, en fin, reclamamos do Goberno galego que, se é incapaz de xestionar, se non é capaz de devolver a dignidade a este pobo, o mellor que pode facer é marchar.

Grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias):** Grazas, señora Quintas.

Polo Grupo Popular, ten a palabra a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días a todos e a todas, señoras e señores deputados.

A verdadeira faciana da intolerancia e da ditadura da palabra acabámola de ver nesta mañá na Cámara co xesto totalitario do señor Beiras.

Ben, estamos ante unha iniciativa de competencia exclusivamente estatal, que é instar o Goberno do Estado. Estrañoume, a verdade, que o Grupo Socialista perdera esta oportunidade para, ¿non?, pedirllas ás confluencias, á Marea, a Podemos, ao señor Fajardo, que apoiara o señor Sánchez a ser presidente de Goberno para levar a cabo esta iniciativa, e para iso podería repetir a famosa frase de “*podemos hacerlo en una semana, señor Iglesias —perdón—, señor Fajardo*”. *(Aplausos.)*

Ben, o Grupo de AGE trae novamente a este pleno unha iniciativa para, a través do seu mantra sobre a crise e a reforma laboral, facer un discurso obsoleto á vista de todos os datos económicos e de emprego. Fala na súa iniciativa de estafa, e estafa é presentarse ás eleccións contra a casta e despois querer gobernar con ela. A estafa a todo o país foi negar que a crise económica existía e non atallala canto antes para evitar que as súas consecuencias non foran tan

devastadoras. A estafa foi gobernar coas políticas que levaron ao paro a tres millóns e medio de persoas, as que levaron ao peche a 200.000 empresas –eu sei que as empresas non lle gustan á esquerda, non lle gustan pero esquecen que son as que xeran os postos de traballo–, as que nos levaron a piques de caer no abismo do rescate.

Hoxe a situación é ben distinta, pasamos, co goberno de esquerda, socialista, de destruír 1.400 empregos ao día a crear co goberno do Partido Popular 1.500 empregos ao día. (*Aplausos.*) Non é o mesmo, señorías, destruír 1.500 empregos ao día que crealos, non é o mesmo.

Hoxe España reduce o paro máis ca nunca, e ademais está facéndoo con máis intensidade que ningún outro país da Unión Europea; neste último ano, unha de cada tres persoas que abandonaron o desemprego na zona euro fíxoo en España.

No ano 11 estabamos en recesión e hoxe crecemos a un ritmo de 3,2 % anual. Ademais, as reformas acometidas permiten que ese crecemento económico se traduza nunha potente creación de emprego. Porque esta reforma laboral tan deostada si que crea emprego, señorías, e non o digo eu, dío o informe da Fundación de Estudos de Economía Aplicada presentado o pasado luns. O documento conclúe que estas reformas tiveron un efecto positivo sobre o emprego, reducindo a taxa de despedidos dos traballadores con contrato temporal e reducindo a dualidade entre temporais e indefinidos. O informe estima que o 32 % da redución do paro desde o 2012 se debe á reforma laboral, e o balance que fai desta reforma é que aumentou a probabilidade de saír do paro a un emprego indefinido, que logrou crear cada ano 24.000 novos postos de traballo indefinidos, que evitou o despido de 47.000 traballadores temporais cada ano, que logrou que os desempregados estean menos tempo no paro, o que rompe co mito de que os contratos son cada vez máis precarios, que os contratos temporais sexan máis extensos no tempo e que a probabilidade de encontrar un emprego fíxo creceu grazas á reforma laboral. A isto súmase que os que máis se benefician da saída do desemprego a un traballo indefinido foron os xoves, o colectivo máis prexudicado polo paro.

O informe compara as dúas grandes crises de España nas últimas décadas, a do noventa e a gran recesión da que nos estamos a recuperar, e observa que, tras a caída da crise dos noventa, o crecemento do PIB tardou moito máis tempo en

xerar emprego que na actualidade –un ano tardou en baixar o paro tras a crise dos noventa–, e, tras a reforma laboral, o paro empezou a baixar antes de saír da recesión.

Recoméndolles a lectura deste informe para que vaian actualizando os seus discursos, señoría. Eu sei que é un informe denso, complicado, longo, pero, se non, teñen o artigo do periódico, que o resume bastante ben... (*Murmurios.*) Recomendolles, polo menos, o artigo do periódico, porque as súas argumentacións non se sosteñen, e os seus feitos tampouco. De feito, esta Marea da Coruña e as súas confluencias pretendían baixarlles un 25 % aos traballadores da limpeza, traballadores mileuristas, maioritariamente mulleres, e á vez gastan 60.000 euros en asesores. Os seus discursos nin se sosteñen cos informes nin coas súas prácticas.

Remato, presidente, lembrando que hoxe hai preto de 500.000 parados menos que no ano 2011, que os gobernos do PP non cesarán no empeño de xerar oportunidades de emprego para todas aquelas persoas que queiran traballar, que se está a reforzar a protección social máis ca nunca con novos programas, como o Plan Prepara e o Plan Activa, e que nos últimos anos se dedicaron máis de 100.000 millóns de euros ás prestacións de desemprego e ao subsidio en España, porque queremos saír da crise apoiando os máis vulnerables, e non queremos que ninguén quede atrás. O que cambiou neste país é que cando antes se creaba paro, agora se crea emprego cada día.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da proposición non de lei, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** A verdade é que vou ter que controlarme para que non me expulsen, porque esta intervención só se pode entender desde o punto de vista de que quen fai a intervención se cre que forma parte deses privilexiados aos que nunca lles van afectar as políticas que exercen sobre a clase traballadora, ou en todo caso que forman parte deses privilexiados que non entenden o que lles está a pasar a eses 200.000 desempregados deste país. A falta de empatía é non entender que esa política do Partido Popular, sobre todo a reforma laboral, expulsou a multitude de traballadores deste país ao desemprego. É que non entenden nada.

Pero doulle a cifra. Non me fale vostede de postos de traballo, fáleme de canto se traballa. En 2008, 46,13 millóns de horas cada semana traballadas en Galicia; a día de hoxe, 35 millóns de horas traballadas. ¿Sabe o que significa iso? 253.000 empregos a xornada completa menos. Cando vostedes falan de que crean emprego, o que están facendo é trocar o emprego que queda ou, en todo caso, o que están facendo é que eses empregos se fan a xornada parcial e a xente traballa a xornada completa e non a cobra. ¡Illegal! Iso é o que defende o Partido Popular.

Pero soamente esta falta de empatía pode explicar o que vostede nos está plantexando. Mire, quéixanse vostedes da confluencia. Hai medo, hai medo no Partido Popular; hai tanto medo que o primeiro en querer escapar á empresa privada é o señor Feijóo, que agora xa non se replantea ir ao Estado, replantéase escapar, porque sabe que cando chegue a cidadanía ao Goberno deste país vai destapar todas esas cousas que todos sabemos que existen, eses contratos con empresas das irmáns do presidente, o que pasa na Deputación de Ourense, onde as probas de aptitude se fan nos hoteis desa cidade... Iso é o que pretende o Partido Popular.

A única garantía de ter máis capacidade de atopar emprego neste país é ter o carné do Partido Popular; esa é a única garantía, o clientelismo como mecanismo.

Pero o que é absolutamente indecente é que vostede non sexa capaz de recoñecer que houbo un rescate, 48.000 millóns de euros, que non foron adicados precisamente aos traballadores, senón á banca, a mesma cantidade que vostedes retraeron das prestacións de desemprego desde que gobernan. ¡48.000 millóns de euros! ¿Que faría a clase obreira deste país con 48.000 millóns de euros nos seus petos? Xerar economía, xerar demanda e xerar emprego, pero vostedes decidiron o contrario. Decidiron que ese diñeiro non quedase aquí, que fose ás multinacionais, a aqueles que vostedes permitiron que creasen a crise, a aqueles que nos están condenando a xornadas abafantes, a salarios de miseria e a ser traballadores pobres, ¡traballadores pobres! Un de cada catro traballadores deste país cobra menos de 600 euros. ¿Canto duraría vostede na súa casa con 600 euros ao mes? ¿Canto duraría?

Por iso, é moi fácil legislar contra a clase obreira, porque un se cre que está á marxe desa realidade. E gustárame que todos vostedes estiveran nesa realidade, que foran capaces

de levantarse todos os días sen ter postos de traballo e sen ter prestación, a ver que facían.

Esa é a urxencia deste país, 116.000 persoas que non teñen traballo e que non cobran nada. ¿Como sobrevive esa xente? O que vostedes fan é repartir miseria.

Polo tanto, lamento profundamente a súa intervención porque demostra que lle dá igual o que lle pasa á xente obreira deste país, demostra que son insensibles ao sufrimento; é máis, que son cómplices do sufrimento dos traballadores deste país. E dálles absolutamente igual, van votar que non, van ir para a súa casa sen pensar que nese camiño seguirán provocando pobreza...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...desigualdade e que moitas familias non teñen nin sequera onde durmir por culpa das políticas criminais, en termos sociais e económicos, do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fajardo.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma, ten a palabra a señora Branco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señores e señoras deputadas.

“Comprendo o desgusto e a desesperación dos milleiros de persoas que se manifestaron contra os recortes. Non me

gusta esta medida, pero acátoa só porque fai falta cumprir a lei. Eu aos funcionarios non lles vou pedir máis esforzos dende o punto de vista retributivo, xa fixeron bastante”.

Estas son declaracións do señor Feijóo o día 20 de xullo do 2012, despois de que milleiros de persoas saíran ás rúas de todas as cidades de España para protestar contra o Plan de axuste do Goberno de Rajoy; un plan de axuste co que en dous anos recortaban 65.000 millóns de euros. E a medida á que se refería o señor Feijóo que non lle gustaba, pero que a ía acatar porque lle gusta cumprir a legalidade, era o retallo da paga extra dos funcionarios do Estado; un retallo que equivalería aproximadamente ao 7 % das retribucións que percibían estes empregados públicos.

No mes de agosto, só un día despois de que en Consello da Xunta extraordinario o presidente anunciara a convocatoria ou o adiamento das eleccións autonómicas, o señor Feijóo volvía repetir a mesma frase: “Eu aos funcionarios non lles vou pedir máis esforzos dende o punto de vista retributivo, xa fixeron bastante”.

Naqueles mesmos días volvía explicar unha terceira vez máis, esta vez nos micrófonos de Radio Nacional, que el era capaz de reducir os orzamentos de Función Pública sen tocar o salario dos funcionarios. Decía exactamente: “Nos orzamentos de 2013, a Xunta vai ter unha capacidade enorme para aforrar neste gasto, pero por vías como o control do absentismo, nunca con retallos; repito, nunca con retallos”.

Mesmo nas seis páxinas que o programa electoral co que concorreu o Partido Popular ás eleccións autonómicas adicaba á Función Pública non había ningún tipo de referencia a retallos ou a calquera tipo de recortes nas retribucións que estaban a percibir os empregados e empregadas públicas. Isto ocorría despois de que a principio dese ano, o Goberno de Feijóo puxera en marcha unha serie de medidas no sector público, como a rebaixa na paga que cobran os empregados e empregadas públicas por baixa laboral, a redución voluntaria da xornada dos interinos, a supresión dos dereitos de comedor ou os días libres por domingos ou festivos e o recorte dos días de asuntos propios.

O señor Feijóo iniciaba, pois, o camiño da reelección con dúas premisas claras: a primeira, que se tiña que alonxar o máximo posible das medidas que o señor Rajoy estaba

poñendo en marcha dende Madrid; e a segunda, facer unha emenda á totalidade de toda a súa política en materia de Función Pública nos catro anos anteriores.

Dous meses despois das eleccións, o señor Feijóo anunciaba a redución do 4 % de media nas retribucións dos salarios dos empregados públicos a través do retallo do 40 % nas dúas pagas extras, facéndoo a través dos complementos específicos.

O Goberno do Partido Popular presumía naqueles días, mentres os traballadores e traballadoras da Función Pública galega saían ás rúas a protestar contra o engano ao que se viran sometidos, de que en lugar de perder unha paga extra completa, como fora no ano 2012, esta vez os funcionarios ían percibir o 60 %. E presumía de que con iso íamos aforrar 125 millóns de euros. Xa non estabamos en campaña, o Partido Popular podía sacar a careta, e podía amosar a todos os galegos e galegas o engano ao que os sometera durante a campaña electoral.

Cando dende o PSdeG repetimos durante esa campaña moitas veces –moitos dos compañeiros e compañeiras que estades aquí seguro que o recordades– que ía ser un engano, que o señor Feijóo estaba mentindo, que ía volver recortar o salario dos funcionarios, acusábons a nós de enganar a cidadanía, acusábons a nós de confundir e de mentir. O señor Feijóo amosou que nós non mentiamos, que o mentiroso, o que mentía, era el.

En setembro do 2013 volvía emendarse a si mesmo, unha vez máis, anunciando que o retallo se mantería no ano 2014, o mesmo que para o 2015 e o mesmo que para o 2016, como así se reflicte na Lei de orzamentos; unha medida que supón que todo o persoal da Administración pública galega estea perdendo en torno a 200 millóns de euros ao ano.

Se botamos a vista atrás vemos que, nos últimos dez anos, a perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras galegas ronda o 34 %; é 4 puntos superior á media do Estado. O Goberno Feijóo leva desoíndo as advertencias que durante estes anos lle fixeron tanto as organizacións sindicais como os grupos da oposición, e nomeadamente o Grupo Socialista, acerca da presunta ilegalidade das súas actuacións, tanto coa reclamación subsidiaria como coa demanda lexitima da devolución dos complementos a todo o persoal da

Administración pública galega. Pero non soamente dos sindicatos, non soamente dos grupos políticos da oposición, senón que o que o Grupo Socialista considera máis grave é que leva desoíndo as sentenzas, as repetidas sentenzas, que se levaban pronunciado ao longo destes anos; unhas sentenzas que confirmaban a ilegalidade das actuacións que foron levadas a cabo pola Administración autonómica.

Cando se rexistrou esta iniciativa viñamos de coñecer unha nova sentenza, a cuarta; unha sentenza que neste caso recoñecía ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta o dereito ao cobro íntegro dos complementos específicos das pagas extras dese ano e que condenaba, ademais, a Xunta de Galicia a pagar as custas. A sentenza é firme e non cabe recurso contra ela. Esta sentenza aporta como novidade que, de existir silencio na reclamación salarial en vía administrativa, a xustiza recoñece que o sentido é positivo e, polo tanto, estima na súa totalidade a reclamación do traballador.

Estes días coñeciamos outra sentenza, mais neste caso era xa unha resolución do Tribunal Supremo, desestimando o recurso de casación interposto pola Xunta e que converte en firme a sentenza gañada polas centrais sindicais con máis representación na Función Pública galega, que recoñece parte do conflito colectivo interposto contra a Axencia Galega de Innovación e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

Señores e señoras do Partido Popular, seguirán saíndo máis sentenzas desfavorables para a Administración autonómica, non o dubiden.

Se ademais dos retallos salariais, engadimos a deterioración na calidade do emprego público, nas condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración, a eliminación de case 7.500 empregos fixos nos últimos catro anos, sen posibilidade de cubrir máis aló do 10 % das xubilacións, e unicamente en servizos especiais, o incremento do 50 % dos empregos temporais, sen contar os de formación, que tamén son temporais e incrementaron máis dun 49 %, ao ler esta iniciativa, poderían pensar, señores e señoras deputadas, que está incompleta e que queda curta.

Esta é unha grave situación, pois a quen o Goberno do señor Feijóo lles está recortando o salario –e non o podemos esquecer– é aos docentes que forman os nosos nenos e nenas, é ao persoal sanitario que nos atende cando estamos

enfemos, é ao persoal de xustiza –ao persoal administrativo–, é ao persoal ao servizo da Administración, que forman a columna vertebral dos servizos públicos; uns servizos públicos que son un pilar fundamental para a igualdade, que son un pilar fundamental para a xustiza social e que son un pilar que, lonxe de fortalecer o Partido Popular, debilitan e desmantela coas súas políticas.

O único que pretendemos, pois, con esta iniciativa –que, como lles dicía, queda curta para a gravidade dos problemas que carrega a Función Pública galega– é que se desista do recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo sobre o complemento específico, ou concepto equivalente para os laborais, das dúas pagas extras do ano 2013, e que se acaten. O único que pedimos hoxe aquí é que se acaten e que se respecten as sentenzas xudiciais.

Non máis mentiras, non máis xogos de artificio, non máis devolver en pequenas doses parte do salario, cando se lles segue quitando, se lles segue reducindo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...o poder adquisitivo aos empregados públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Señor presidente.

Bo día de novo.

*(O señor Fajardo Recouso permanece en silencio durante uns minutos na tribuna.) (Pausa.)*

Queda claro que, cando un fai un acto de protesta, é cando por primeira vez os deputados do Partido Popular atenden á intervención, desde que eu levo nesta Cámara.

Nós queremos denunciar, e por iso non falei, porque teño tachada cada unha das cousas que seguramente levarían á

segunda e á terceira chamada á orde por parte dunha presidencia que habitualmente coarta a liberdade de expresión dos deputados, e, nomeadamente, se son de AGE, máis. Hoxe, unha vez máis, faise un elemento excepcional que, dende logo, nós non podemos compartir, como xa se fixo nesta lexislatura con outro deputado de AGE, simplemente por aqueles que seguimos mantendo a capacidade de indignación. E por iso vou non dicir todas esas cousas. Espero que algún día o presidente desta Cámara me pase por escrito as cousas que podo dicir e as que non, porque tamén é certo que os mesmos cualificativos, as mesmas formas de intervir, se as fai o Partido Popular, permítense, se as fai AGE, non se permiten.

E a esta iniciativa que presenta o Partido Socialista o primeiro que hai que agradecerlle é a capacidade de ilusionar que teñen, porque é unha ilusión pensar que o Partido Popular vai cumprir a lei, é unha ilusión pensar que o Partido Popular vai acatar unha sentenza, é unha ilusión pensar que un Partido Popular que ten apenas uns milleiros de casos de corrupción nas súas entrañas vai ser agora o partido que defenda a lei, e que defenda a lei, neste caso, que está a favor dos traballadores da función pública. Porque ese Partido Popular que todos os días nos vén aquí defender os traballadores da función pública despois failles retallos inasumibles, criminaliza a función pública e chega a afondar nese discurso case de que son uns privilexiados, indo en contra da dignidade dos traballadores públicos. E o maior ataque aos traballadores públicos é un retallo do 7 %, un retallo que significa 200 millóns de euros menos nos petos dos traballadores públicos. É un roubo aos traballadores públicos o que está facendo o Partido Popular; 200 millóns de euros que roubaron dos petos e das nóminas dos traballadores públicos. E resulta que agora sentenzas recoñecen que hai que devolvérllelos, e, aínda por riba, a sentenza condena en custas á Xunta de Galicia. ¿Quen vai pagar iso? Coma sempre, Juan Pueblo, non os políticos que tomaron esas decisións ilegais.

Pero, claro, cando un le algunha das cousas que se fan na sentenza parece mentira que o Partido Popular non entenda o que di a sentenza, porque a sentenza di expresamente algunhas cousas, di: “...constituyen una manifestación del llamado salario diferido”. ¡Home, que o Partido Popular non saiba o que é un salario en diferido ten narices!; que non entenda esta sentenza que obriga a devolver os cartos.

Claro, pero tamén o maxistrado que dita esta sentenza é un tipo hábil porque chega a dicir que, claro, o Goberno fai un razoamento e unha interpretación teolóxica. ¡Así nos vai! O Partido Popular de Galicia fai unha interpretación teolóxica de cada cousa que fai o Partido Popular en Madrid –seguidismo–, diga o que diga. E se teñen que axeonllarse e baixar os pantalóns, fano. ¡Fano!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Xa remato agora. Aínda non acabei, quedaban trece segundos.

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, pasouse dezasete. Hai que mirar ben o reloxo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ¡Ai!, paseime dezasete, desculpe.

**O señor PRESIDENTE:** E perdeu outro tempo; polo tanto, remate.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Escoite, cando escoce, o tempo crece rápido.

**O señor PRESIDENTE:** Pois remate. Remate xa.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non se expulsa aquí a ninguén polo que di, aquí expúlsase polo que se fai, que lle quede claro.

O señor Beiras non foi expulsado polo que dixo senón polo que fixo. E o señor Calviño non foi expulsado polo que dixo senón polo que fixo. Iso que lle quede absolutamente claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aquí non se lle corta a palabra a ninguén, e menos a vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡E menos a vostede! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



**A señora PAZ FRANCO:** Bos días, señores deputados, señoras deputadas.

Señor presidente, xa sei que me vai mandar retirar o que vou dicir a continuación. (*Murmurios.*) Pero eu creo que o Partido Popular –empezando polo presidente– teñen o que se chama [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento retírase esta expresión do Diario de sesións.*). Por iso creo que non se pode utilizar desde esta tribuna...

**O señor PRESIDENTE:** Retire. Retire iso, si. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Retire iso, que non... (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PAZ FRANCO:** Mire, señor Santalices, pasei... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Pero vostede xa me entende a min e por iso sabe que...

**A señora PAZ FRANCO:** Pasei cinco anos da miña vida estudando o DSM-V, se agora non podo lucir aquí os meus coñecementos ao respecto, vai ser unha frustración terrible na miña vida. (*Murmurios.*) Eu, de verdade, señor presidente –con todo o respecto–, efectivamente, igual deberíamos facer unha ponencia neste Parlamento para facer un manual de palabras utilizables e non utilizables. (*Murmurios.*) Porque eu creo que o decoro da Cámara, o dos deputados..., e sobre todo aos cidadáns poden faltarlles ao respecto palabras malsoantes, insultos, xuízos de valor, etc., pero non creo que a utilización de palabras perfectamente recoñecidas teña ningún problema. Pero, bueno, alá vostede con como quere pasar á historia, se como un censor ou como unha persoa que permite falar dentro da democracia e da normalidade neste Parlamento.

E falando de democracia e normalidade, restituír a democracia e a normalidade sería que o Goberno da Xunta de Galiza lles restituíse aos empregados públicos deste país –funcionarios, persoal laboral, persoal estatutario, etc.– todos os dereitos que lles roubaron –non sei se a palabra está permitida ou non– desde o ano 2010. Algúns, efectivamente, por decisións vinculantes emanadas dos distintos gober-

nos do Estado; pero, outros por decisións voluntarias propias da Xunta de Galiza que non obedecían a ningunha obriga legal, xa que non había ningún imperativo de ningunha outra orde agás a vontade política do Partido Popular expresada a través do seu Goberno e a través dunha profusa lexislación ao respecto.

A través das sucesivas leis de orzamentos da Xunta de Galiza cercenáronse non só –insisto– os dereitos que viñan impostos desde o Estado de pagas extraordinarias, de redución do 5 % de todas as retribucións dos empregados públicos, senón que a Xunta de Galiza, a través das sucesivas leis de orzamentos para os sucesivos anos desde o 2013 até agora decidiu que aos empregados públicos en Galiza ademais se lles privaba de cobrar a paga extraordinaria na súa integridade, ademais do recorte do 7 % que xa se lles facía por imposición do Estado.

Aquí en Galiza desde o ano 2013 os empregados públicos non están cobrando a parte proporcional do complemento específico nas súas pagas extraordinarias. Tamén por unha decisión política do Partido Popular no ano 2012 se aprobou con carácter urxente e apenas dous meses despois de aprobarse os orzamentos da Xunta de Galiza unha lei, a Lei 1/2012, a través da cal se introducen novos recortes de dereitos laborais, económicos e sociais dos empregados públicos.

En outono do 2015 tivemos que asistir neste Parlamento –tamén por vontade política do Partido Popular, a través dunha proposición de lei que tiña un título ampuloso, que era “devolución das retribucións aos empregados públicos”– a unha lei que simplemente consistía en que se lles ían devolver a prazos, efectivamente, as pagas extraordinarias que se lles descontaran aos empregados públicos. Pero en ningún momento a Xunta de Galiza plantexou que tamén había que facer a devolución dos complementos específicos que non lles retribuíron. E en ningún momento –a pesar de que se formularon como emendas por parte deste grupo parlamentario, entre outros– se aceptou nin sequera falar da posibilidade de devolver as retribucións específicas das extras aos empregados públicos que non estaban devengando.

É máis, naquel debate, o conselleiro de Facenda dixo que inmediatamente ía iniciarse a negociación cos empregados públicos a través dos seus representantes para a devolución non só deste complemento específico senón tamén dos

outros dereitos recortados a través da Lei 1/2012. Pois ben, transcorreron practicamente seis meses, e máis alá dalgunha cuestión menor, como a devolución dos días de asuntos propios –dos chamados moscosos, canosos, etc.–, poucos avances houbo en relación coa devolución dos dereitos aos empregados públicos, máis alá dos que viñan marcados pola lei estatal, que era o da parte proporcional das pagas extraordinarias.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** Por iso nós esperamos que hoxe se aprobe esta iniciativa que, ademais, para variar, cando se trata da Xunta, sempre é a xustiza a que vai por diante. Sempre é a xustiza a que lle vai marcando o camiño á Xunta de Galiza da restitución dos dereitos aos empregados públicos.

Por iso o Grupo Parlamentar do BNG vai votar favorablemente esta iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señora Paz Franco, pide vostede un manual de comportamento para esta Cámara. Eu o que teño que dicirle é que ese manual xa existe; vostede coñéceo, vostede cúmpreo sempre nas súas intervencións, é o Regulamento da Cámara. O que estaría ben é que o cumpriran os 75 membros desta Cámara. Porque cando alguén ten que recorrer ao insulto ou á infamia para defender as súas ideas posiblemente é que as súas ideas non son as correctas ou que, cando menos, non lles asiste a razón. E nós o que pedimos é respecto para as ideas de todo o mundo, non só para as nosas, senón para as de todo o mundo. *(Aplausos.)*

E, dende logo, poden acudir ao insulto, á infamia, poden aporrear o escano de calquera dos deputados que están aquí; nós imos seguir traballando para conseguir consolidar a recuperación económica e para seguir creando emprego en Galicia. Vostedes sigan cos insultos, sigan coa crispación; nós imos seguir centrados en Galicia e centrados nos problemas dos galegos.

Con respecto á iniciativa en cuestión, señor Fajardo, na iniciativa non se pide que se cumpran as sentenzas, non é iso o que se recolle na parte resolutiva desta iniciativa. Na iniciativa pídese que non se recorran as sentenzas que non son firmes, que é algo ben distinto; non se pide que se cumpran as sentenzas, pídese que non recorran vostedes as sentenzas.

Nós, neste sentido, o que temos que dicir é que o percorrido xudicial das distintas demandas presentadas en torno á paga adicional do complemento específico do 2013 non foi homoxéneo, hai sentenzas diversas, hai sentenzas distintas, e, polo tanto, é comprensible que, ante casos que contan cunha sentenza que non é firme, poidan ser recorridas. Polo tanto, nós non temos nada clara a postura da iniciativa que aquí se presenta.

Pero, señora Blanco, resulta sorprendente escoitar o Partido Socialista amosarse preocupado polos empregados públicos do noso país. Resulta, cando menos, sorprendente. Semella, na nosa opinión, un exercicio de cinismo político, de hipocrisía política, sen precedentes. Di un refrán que non se acorda o cura de cando foi sancristán. E, dende logo, sería ben aplicable ao Partido Socialista porque parece que teñen memoria de pez, de tres segundos, e que, dende logo, vostedes son expertos na arte do disimulo, porque eu teño que dicirle que foi o Goberno socialista quen lles baixou o soldo aos funcionarios do noso país entre un 5 % e un 8 % a perpetuidade, de por vida, para sempre. Iso fixoo o Partido Socialista co presidente Rodríguez Zapatero. Ese foi o maior recorte que sufriron os empregados públicos do noso país. Foi o seu partido o que conxelou as pensións, tamén foi o primeiro goberno da historia do noso país que o fixo; foi o seu partido o que fixo aquilo da taxa de reposición do 10 %, vostede ten que recordalo. Polo tanto, ¿de quen nos están a falar vostedes con esta iniciativa?

Mire, en Galicia traballamos a prol da función pública e temos un compromiso coa función pública dende o Partido Popular de Galicia. E, por iso, durante a crise entre o período 2008 e 2014 podemos dicir que Galicia foi unha das comunidades onde máis estable se mantivo o número de efectivos da Administración autonómica, menos da metade da media do resto das comunidades. Esa é a realidade. E, se quere, falámoslle do seu modelo, que é a Junta de Andalucía. A Junta de Andalucía perdeu 16.500 postos na Administración autonómica. Esa é a realidade. Aquí en Galicia, ¿que

acontece? Que o capítulo 1, o capítulo destinado ás nóminas do persoal, se incrementa nun 5 % neste ano 2016 con respecto ao ano anterior. Esa é a realidade.

A Xunta de Galicia vén de aprobar e de pactar cos sindicatos un plan de medidas para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar dos empregados públicos de Galicia; o permiso parto, retribuído para todas as traballadoras dende o primeiro día da semana 37 de xestión; permisos retribuídos para participar en procesos selectivos doutras administracións; adaptación da xornada para recibir tratamentos de radioterapia e quimioterapia; novidades tamén no que se refire aos permisos de lactancia; con respecto á paga extra, nós fomos unha das primeiras comunidades que comezou a devolver a paga extra. Polo tanto, nós xa devolvemos o 50 % da paga extra e garantimos o outro 50 % neste ano 2016, e garantímolo por lei. Polo tanto, o compromiso coa función pública, pola nosa parte, é total; compromiso que se plasma tamén... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –si, si– na oferta de emprego público deste ano 2016, 2.644 prazas, –¡2.644 prazas!–: 318 para servizos sociais, 296 para a Administración xeral, 818 para sanidade, 1.212 prazas para educación; en definitiva, 2.644 prazas novas para a Administración pública de Galicia. *(Murmurios.)*

En definitiva, o noso compromiso coa función pública é total. Nós, desde logo, ao Partido Socialista non lle aceptamos leccións deste tipo, porque, cando puideron dalas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...que foi cando gobernaron, non o fixeron.

Vostedes son os que lles recortaron a paga, o salario, a todos os funcionarios deste país...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ... aos da Administración xeral do Estado, aos das comunidades autónomas, aos das administracións locais, entre un 5 % e un 8 % cada ano, e para sempre.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

En primeiro termo, quero agradecer o apoio de Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego.

Si, señor Fajardo, a verdade é que se rompeu a ilusión. Vostede tiña razón.

Está claro, señor Tellado, que vostedes non teñen intención de cambiar a súa desastrosa política de función pública. Dixo moitas cousas, e a verdade é que case todas mentira.

Vostede fala do retallo do señor Zapatero, pero non fala de que os empregados e empregadas públicas galegas, tendo en conta o índice de prezos, a subida salarial e os retallos dos últimos dez anos, perderon un poder adquisitivo de máis do 23 %, sete puntos máis que a media das comunidades autónomas.

Fala da Junta de Andalucía –que lle encanta a vostede, a Junta de Andalucía e Zapatero; a ver cando incorpora tamén algunha explicación sobre o caso do señor Baltar ao seu argumentario–. A Xunta de Andalucía foi, xunto con outras dúas comunidades autónomas, a Comunidade Autónoma de Madrid e a Comunidade Autónoma de Euskadi, a que nos últimos cinco anos anteriores incrementou máis a oferta pública de emprego; señor Tellado, infórmese.

Vostede fala tamén do ben que están facendo as devolucións das pagas extraordinarias dos anteriores anos. Mais é Galicia a única comunidade autónoma que mantén este retallo. E, por favor, non fale da oferta pública de emprego, porque insulta a intelixencia dos empregados e das empregadas públicas, insulta a intelixencia das centrais sindicais e de todos os grupos que estamos aquí. *(Aplausos.)*

Mire, señor Tellado, en sanidade a redución entre os fíxos foi nos últimos anos dun 9,6 %, hai un incremento dos temporais de máis do 50 %, os mestres interinos e os contratos eventuais disparáronse en catro anos máis dun 137 %. Señor Tellado, non veñan vostedes aquí presumir de oferta pública de emprego, porque todos e todas os que estamos

aquí sabemos que é unha máis das súas mentiras, é unha máis das súas medidas en ano electoral.

Esta iniciativa, como dicía ao principio da miña intervención, non pretendía cambiar as súas políticas de función pública, era un caso concreto para acabar con algo que comentaron o resto dos voceiros, para que a Xunta de Galicia non teña que pagar custas; custas que pagamos todos os galegos e galegas, señor Tellado. O único que queren, mantendo os recursos, é gañar tempo para intentar evitar o inevitable, que é que van ter que devolver moitos millóns de euros aos empregados públicos.

O propio decreto do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta permite que, por resolución da dirección xeral, se autorice a súa non interposición. Este tema, señor Tellado, é, como moitos outros dos que rexeitan vostedes nesta Cámara, unha cuestión de vontade política, neste caso unha cuestión...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...de respecto ao traballo e á dignidade dos empregados e das empregadas públicas; un respecto que vostedes acaban de deixar clarísimo que non teñen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

**Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para a acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

*(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir ao final da parte resolutiva da proposición o seguinte texto:*

*“... que serán distribuídas segundo acordo acadado entre a Consellería de mar, a representación do sector e os sindicatos máis representativos a nivel sectorial”.* )

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Bos días; tardes/días, señorías.

Temos hoxe aquí unha iniciativa que exemplifica, que pretende exemplificar, a dobre faciana do Partido Popular. Recentemente viamos aquí como a mobilización popular era quen de rachar as portas deste Parlamento e obrigar o presidente Feijóo a paralizar o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia, afirmando que se ía facer un alto no camiño para abrir mesas de diálogo e negociación co sector. Paralizar, que non retirar, dicía un pouco despois a señora conselleira; aínda que semanas máis tarde comprobabamos como anunciaba a paralización deste anteproxecto de lei coa intención de desmobilizar a manifestación do sector.

Era un clamor popular, unha verdadeira enxurrada da cidadanía, que demandaba un cambio da política do sector do mar en defensa dun modelo de vida que xera moita actividade económica, moito emprego e reparte horizontalmente moita riqueza.

Enfrontámonos daquela xa a un modelo intensivo onde unha vez máis se intenta que exista unha prevalencia de capital. Non é nada novo, isto pertence ao ADN desta Unión Europea neoliberal, que o PP comparte absolutamente e que intenta aplicar con calma pero sen pausa. Vémolo non só na pesca, vémosto no pequeno comercio, no naval, no agro, no espolio dos nosos recursos, vémosto diariamente na aplicación da súa política. Vano aplicando, como dicía, paseñamente mentres lle deixamos. Cando enfrontamos esta situación, vemos como a letra aguanta todo. Así puidemos ver durante este proceso de contestación social como a Consellería ía modulando a súa posición en función desta presión social. Vimos como o cultivo de peixe era eliminado dos polígonos de bateas, incluso das propias rías, ou como o

obxectivo de transformar o marisqueo en acuicultura pasaba a ser voluntario e reversible.

Pero cando chega a hora da verdade e o sector pide que se adopten medidas dende xa –con posterioridade pediu o sector que se procedese á retirada das xaulas de salmón das rías de Muros e Noia, unha autorización experimental, por certo–, pois vemos a verdadeira faciana da señora Quintana, que di con total claridade que non. Entón, é cando comprobamos que as raiceiras dos seus amos son bastantes profundas; bastante profundas e que emanan da propia dirección da Unión Europea. Aí temos os fondos FEMP, que definen con claridade os obxectivos da política pesqueira. Neles, moitos millóns van destinados á acuicultura, e estes non contemplan, por exemplo, axudas para a parada temporal das mariscadoras a pé, pero en cambio si que existen variados epígrafes onde se aposta con total claridade por un novo modelo de acuicultura. Para empresas acuícolas con investimentos superiores a 50.000 euros si que hai financiamento; para reducir a dependencia dos pensos, da fariña e do aceite de peixe, aí si que hai financiamento; para investimentos que reduzan o impacto na calidade da auga, para cartografar incluso as zonas máis idóneas para o desenvolvemento da acuicultura, para aí si que hai investimentos, e veñen perfectamente definidos dende o Regulamento 502/2014 que impón a Unión Europea.

Incluso estas directrices van moito máis lonxe. O que aquí neste país levamos moitos anos demandando para o sector da pesca, da miticultura ou do marisqueo agora vemos que si hai posibilidades de aplicalo na futura acuicultura. Agora si se pode subvencionar un seguro por mal tempo, por catástrofes naturais, por mortalidade, ou, fíxense ben, o que vimos reclamando durante longuísimos anos, agora resulta que si, se é acuicultura, pois vemos que se pode afrontar o drama da *Marteilia*, do *Perkinsus*, das paradas por biotóxina, etc. Este é o mundo ao revés; a quen máis ten máis se lle axuda con fondos públicos, e quen ten unhas rendas de miseria é vilipendiado e excluído social e economicamente.

Estas raiceiras, por certo, impostas pola Unión Europea, tamén aquí no noso país están perfectamente cimentadas. Antes, incluso, da aprobación deste anteproxecto de lei xa puidemos ver que nos orzamentos deste ano, nada máis e nada menos que 18 millóns de euros eran para levar á práctica os requisitos impostos por Bruxelas, un seguro para as

poboacións acuícolas; neste orzamento van 800.000 euros para investimentos produtivos en proxectos de acuicultura e nada máis e nada menos que 8 millóns de euros para o fomento de novas empresas acuícolas, para o asesoramento de explotacións acuícolas, para reducir a cantidade de auga utilizada e os elementos contaminantes, medidas para a saúde e o benestar animal, para a reconversión dos sistemas de xestión e avaliación ambiental. Aquí, como vemos, xa están precisados os compromisos de financiamento antes, incluso, da aprobación da lei que vimos comentando.

Polo tanto, dende a Unión Europea aplícanos un modelo que pretende concentrar nunhas poucas mans os nosos recursos, contamina e produce a exclusión social dos actuais traballadores, e, encima, son financiados con cartos públicos e contando coa colaboración entusiasta de quen di representar os galegos e as galegas. Entréganlles un ben público como son as nosas rías, as nosas augas e, encima, financiámoslles o proxecto, os pensos e os barbitúricos, mentres os nosos mariscadores, os nosos mariñeiros acaban expulsados da súa actividade e acaban na miseria.

No mundo do mar dicimos “o peixe na patela”. Así que esta iniciativa pretende evidenciar se o Partido Popular está disposto a rectificar e a apoiar unha iniciativa simple e concreta: nada máis e nada menos que destinar estes 18 millóns de euros vinculados á acuicultura intensiva nos orzamentos deste 2016 a axudas para o sector do marisqueo, da miticultura e da pesca artesanal.

Medidas e axudas simples e concretas, como recuperar, por exemplo, o minicriadeiro que a Xunta ten en Camariñas ou no Vicedo, ou incluso a hatchery de Noia, e apostar dunha vez por todas porque este país teña capacidade para producir semente propia.

Axuda, por exemplo, para as mariscadoras a pé, que neste FEMP non contempla a axuda a este colectivo, e así poder afrontar o drama da mortalidade da *Marteilia*, ou da ameixa fina en Arousa, ou da ameixa babosa en Pontevedra, ou da ameixa beada na ría de Vigo.

Axudas para as paradas biolóxicas da sardiña, e que non nos aconteza o do 2014 cando se parou en novembro e decembro, e resulta que no día de hoxe aínda non cobraron estas axudas.

Axudas pois para dunha vez por todas facer un paro biolóxico para permitir a recuperación da pescada do noso litoral, e que frotas como a do arrastre ou frotas como a da volanta que teñan algunha alternativa para poder sobrevivir e que non vaian abocadas ao despezamento, como está a suceder nestes últimos anos por falta dunha política activa ou por ter un acordo pesqueiro con Portugal que a marxina, por exemplo.

Medidas como fomentar a incorporación de mozos e mozas e producir o relevo xeracional.

Medidas simples e concretas como eliminar a fraude na etiquetaxe do mexillón, onde, por certo, hoxe creo que temos unha excelente noticia, xa que, por fin, a sentenza se fai firme.

Polo tanto, queremos que estes 18 millóns de euros vaian para a nosa realidade, para axudar a unha mellor xestión dos nosos recursos pesqueiros, para mellorar as rendas dos nosos mariscadores e das nosas mariscadoras, en contraposición, ¿como non?, á súa aposta por permitir que veñan capitais de fóra aproveitarse dos nosos recursos e precarizar aínda máis a situación das nosas traballadoras do mar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bo día de novo.

Dicía hai apenas quince minutos que o presidente deste Parlamento, por certo, amigo de Baltar Júnior...

**O señor PRESIDENTE:** Cada un ten os seus amigos.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Si, si cada un ten os seus amigos, iso está claro. Os seus amigos son, entre eles, Baltar Júnior, acusado de case tratar de utilizar favores sexuais para postos de traballo.

*(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non me columpio, só digo o que está en cada... Non me columpio nada, só digo o que está en cada...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia ao tema.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Por favor, non dialogue.

*(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Señor presidente, non dialogue, non dialogue.

Dígoo porque é bo que se saiban as referencias que ten cada un cando di que non pode ou que non corta a palabra a ninguén. Eu colúmpiome cando digo algunhas cousas segundo o señor presidente, pero vostede non corta a palabra a ninguén, un demócrata de primeira orde e unha persoa, ademais, que defende os dereitos das mulleres abrazándose ao seu amigo Baltar Júnior, que acaba de confirmar vostede que é o seu amigo.

Neste contexto é onde se dá unha situación que nun país normal non sería de recibo. O conxunto de profesionais do mar, todos os profesionais do mar, dá igual a arte que utilizan, dá igual o sector ao que pertencen, a confraría á que pertencen, mobilízase contra unha iniciativa da conselleira do Mar deste país: a Lei de acuicultura. E resulta que a pesar de ser capaces de concitar esas 40.000 persoas na praza do Obradoiro, que ao unísono pediron a súa dimisión, cre a conselleira que continúa lexitimada para seguir no seu cargo.

En termos políticos é irracional, salvo que se manteña un obxectivo: que esa persoa leve adiante algo que ningún outro quere facer ou quere dar a cara para facer, que ten que ver cunha política internacional neoliberal que vai en contra das poboacións pescadoras tradicionais no conxunto non só deste país, do Estado, senón do mundo enteiro, que ten que ver co acaparamento dos mares. No día de hoxe este goberno está entregado á política de acaparamento dos mares, é dicir, unha política onde se observa o mar como un lugar para ser utilizado por calquera, e a pesca tradicional e a acuicultura tradicional quedan nun segundo plano. É tanto así que o Partido Popular na Unión Europea, a través dunha cousa que se chama a “economía azul” –bonito nome para algo tan perigoso–, está defendendo que a pesca e a acicul-

tura tradicional son elementos secundarios en todas aquelas cousas que poden ser utilizadas no mar.

E ¿que é o que plantexa o Partido Popular na Unión Europea e que, polo tanto, aplica neste país sobre a economía azul? Pois plantexa que o primeiro que hai que facer é tratar de poñer encima da mesa prioridades para a explotación do mar: explotación de minerais dos fondos mariños, explotación enerxética do conxunto do mar e ocupación... Non se ría, señor Balseiro, porque eu non me aparto dos coches nin das manifestacións, eu digo as cousas que pasan en Europa e o que defenden vostedes en Europa. Xa sei que vai dicir que non teño nin idea de pesca, xa sei que vai dicir que non teño nin idea de acuicultura, pero o que si sei é o que pretende o Partido Popular, que é expulsar a todos os profesionais do mar, simplemente para que se ocupe con iso e tamén coa acuicultura industrial.

É tanto así que vostedes redondean a cuestión, e, como ben se di nesta iniciativa, 18 millóns de euros para a acuicultura industrial no noso país. Namentres 18 millóns de euros para a acuicultura industrial neste país, é dicir, para subvencionar a produción das multinacionais que teñen capacidade de sobra para facelo, déixase morrer de fame a nosa pesca tradicional ou as nosas mariscadoras. E vostede votou en numerosas ocasións en contra de iniciativas deste grupo e doutros pedíndolle que se recollen iniciativas para atender as necesidades económicas das mariscadoras cando non poden sustentar o seu posto de traballo.

Vostedes non fan nada, por exemplo, para que eses 18 millóns de euros poidan servir ás nosas mariscadoras para incrementar os seus ingresos: 346 euros mensuais de media durante o ano pasado. Iso é o que cobran de media as nosas mariscadoras. Pois fronte a iso vostedes non poñen nada encima da mesa. Iso si, 18 millóns de euros para a acuicultura industrial.

O que está detrás de todo isto é un modelo económico que o Partido Popular defende, que é a expulsión dos nosos traballadores tradicionais para colocar outras cousas. Última iniciativa do Partido Popular: ese proxecto que van cofinanciar e que tamén participa a Universidade de Vigo para utilizar a enerxía mareomotriz nas nosas costas. Onde hai enerxía mareomotriz sobran os pescadores porque estorban ás multinacionais que explotan o mar. Polo tanto, non nos esta-

mos xogando calquera cousa, xogámonos un modelo enerxético, un modelo de explotación do noso mar que é radicalmente oposto ás nosas necesidades e, sobre todo, que pode significar o fin da Galicia que coñecemos.

Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa e imos sentarnos desexosos de escoitar a grandísima intervención que nos terá preparada o voceiro de Pesca do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Val.

**O señor VAL ALONSO:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

O Grupo Parlamentario Socialista vai votar de xeito favorable esta iniciativa que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego, aínda que sexamos conscientes de que na súa literalidade cando falamos de dedicar os orzamentos destinados á acuicultura para a pesca artesanal, o marisqueo ou a miticultura, tamén poderían quedar fóra segmentos de acuicultura sostible e tradicional que se veñen realizando na nosa comunidade autónoma dende hai tempos inmemoriais, como poden ser o cultivo de ostra ou outras actividades acuícolas en terra. Pero entendemos que se trata dunha iniciativa que é froito do fracaso do Goberno do Partido Popular á hora de implementar un modelo de acuicultura intensiva que deu de fronte co rexeitamento do sector.

O grupo que eu represento xa dixo abertamente no debate de orzamentos a finais do mes de outubro do ano pasado que nestes orzamentos, nos orzamentos do ano 2016, o que chamaba poderosamente a atención era o importante volume de recursos públicos que o Partido Popular dedicaba á acuicultura. Un volume de recursos nunca antes proxectado de tal xeito e que tiña como fin último a posta en marcha dun Proxecto de lei de acuicultura, que neste momento está claramente desautorizado.

Falamos –xa se dixo aquí– de preto de 18 millóns de euros que saen de sumar todas as partidas que levan relacionada a palabra “acuicultura” ou as palabras “actividades acu-

ícolas” no apartado de transferencias de capital deses orzamentos, e que contrapoñen claramente, por exemplo, co nivel investidor desta consellería en cousas tan importantes para o Grupo Parlamentario Socialista como é a incorporación de xente moza ao sector, para o que este goberno dedica a irrisoria cantidade de 500.000 euros. Ou mesmo tamén contrapoñen con fins tan urxentes como as melloras das zonas de produción marisqueira, xustamente cando levamos xa varios anos vendo a situación real na que se atopan as zonas de produción marisqueira. E mesmo tamén despois xustamente de que por primeira vez en moito tempo, unha vez iniciada a campaña do libre marisqueo na ría de Arousa, o que foi o motor económico e o pulmón desa ría, o banco dos Lombos do Ulla, permanecese pechado por primeira vez.

Isto, sen lugar a dúbidas, é unha mostra de cales son as prioridades do Goberno do Partido Popular, unha mostra claramente das súas apostas políticas, neste caso pola acuicultura intensiva.

E naquel momento, no debate de orzamentos no mes de outubro do ano 2015, tiñan en marcha vostedes, os representantes do Partido Popular, un Proxecto de lei de acuicultura, que, efectivamente, eu estou seguro de que contaban vostedes aprobar con moita facilidade. Afortunadamente, o sector foi quen de mobilizarse e de paralizado, e por esa razón facían vostedes este forte investimento nos seus orzamentos.

Hoxe a situación é ben distinta. Hai poucos días que máis de corenta mil persoas lles dixeron desde as rúas de Compostela que estaban vostedes errados e que é preciso apostar por un modelo tradicional e sostible no medio mariño. Por un modelo tradicional e sostible que –e eu non me cansarei nunca de repetir– levou a Galicia a se converter nun referente mundial na produción de mexillón, a ser o primeiro produtor. Se hoxe non o é seguramente, señores do Partido Popular, deberán vostedes facerse mirar o que están facendo coas súas políticas. E que levou tamén a que a nosa pesca tradicional e o noso marisqueo fosen capaces de competir no mercado con base na calidade do seu produto.

Miren, señores do Partido Popular, nós levamos moitísimo tempo dicindo que é preciso un cambio de rumbo nas políticas en materia pesqueira. Aí están as propostas de resolución que este grupo presentou durante toda esta lexislatu-

ra e tamén os centos de iniciativas que debatemos tanto no Pleno desta Cámara como na Comisión 8ª. E, efectivamente, cremos que vai sendo hora de que fagan caso vostedes á xente, de que se dean conta de que este país necesita un compromiso serio con esta materia. Porque dende que son vostedes Goberno –hai xa máis de sete anos– desgraciadamente Galicia perdeu case cinco mil cotizantes ao réxime especial do mar da Seguridade Social. Esas son as cifras que vostedes teñen encima da mesa e as que vostedes teñen que afrontar.

Por iso hoxe teñen unha oportunidade de facelo e de dicirlle ao sector que entenderon a mensaxe e que van rectificar. Hoxe teñen a oportunidade de rematar definitivamente con ese Proxecto de lei de acuicultura retirándolle o seu financiamento, eses 18 millóns de euros que vostedes reflectiron nos seus orzamentos. Logo, efectivamente, poderemos sentar a falar co sector para ver a que imos dedicar eses 18 millóns, pero, efectivamente, o que hoxe teñen por diante é ofrecerlle ao sector unha mostra de que entenderon cales son as súas principais problemáticas e de empezar a afrontar os problemas que temos no sector pesqueiro deste país.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señor Rodas, pídenos vostede e pídenos o Bloque Nacionalista Galego –a forza política que vostede representa– que eliminemos partidas que o Grupo Popular considera que son obxectivamente beneficiosas para o sector.

Di vostede que hai que priorizar os apoios para o sector marisqueiro, para a miticultura e para a pesca artesanal. Claro que si. Estamos totalmente de acordo o grupo maioritario desta Cámara niso, totalmente de acordo. Precisamente, eses tres sectores son os destinatarios preferentes do novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Pero non é que o diga este deputado nin é que o diga o grupo maioritario da Cámara, é que así o establece o programa operativo que regula



este fondo. Repito, así o establece o programa operativo que regula este fondo. O que nos sorprende é que o señor Rodas e o Bloque Nacionalista Galego non saiban isto; sorpréndenos. Por iso xa lle digo que nós imos votar a iniciativa favorablemente. Porque estaríamos votando, se non a votáramos favorablemente, en contra do que establece un programa operativo que regula este fondo e estaríamos votando en contra do que decidiu o Goberno de Galicia. Por iso, ímos-la votar favorablemente.

E tampouco vostede estivo moi atento ás explicacións que deron nesta Cámara en múltiples ocasións tanto os directores xerais como a señora conselleira cando presentou os presupostos para o ano 2016 para esta consellería. É dicir, que vostede non está pedindo, señor Rodas, nada distinto do que está a facer neste momento e do que leva feito nos últimos oito anos o Goberno de Galicia; non está a pedir nada distinto do que está a facer neste momento, do que vai facer nos próximos anos e do que leva feito nos últimos oito anos o Goberno de Galicia. Consulte vostede o programa operativo e verá que os obxectivos que reclama son idénticos aos que o propio programa deseñado pola Xunta de Galicia xa establece.

Vostede non leu o programa, se non, é imposible traer esta iniciativa. Vostede tampouco atendeu ás explicacións que deron membros do Goberno de Galicia nesta Cámara, tanto no Pleno desta Cámara como na Comisión; se non, é imposible.

Pero permítame vostede que lle explique algunhas cousas moi brevemente. Permítame que lle explique cal é o destino das partidas que vostede cita e que tanto interese ten vostede en eliminar. Cando fala vostede de investimentos produtivos en acuicultura, debería saber que o sector bateeiro levou o 82 % das axudas por este concepto. Nos últimos oito anos o sector bateeiro levou o 82 % das axudas que vostede di en investimentos en acuicultura, e dubido moito de que vostede poida estar en contra de que non apoiemos os mexilloeiros. E doulle máis datos: durante o período 2007-2015, das 1.322 axudas outorgadas por un valor de 38 millóns de euros, máis de 31 millóns de euros foron directamente aos titulares das bateas galegas; é dicir, o 82,10 % das axudas. Polo tanto, déase conta de que vostede está pedindo nesta iniciativa o mesmo que a Xunta leva facendo, non agora, senón, como mínimo, durante os oito últimos anos. ¡Benvidos!, que se deu conta vostede e está dicindo que o

que está facendo a Xunta está ben feito. ¡Menos mal! ¡Menos mal que un día vostedes se deron conta de que o que leva facendo o Goberno de Galicia durante os últimos anos, a través dunha iniciativa –que é de agradecer– do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, apoiada por AGE e apoiada polo Partido Socialista, o trae ao Parlamento de Galicia. ¡Benvidos!

Outra partida: fomento de novas empresas acuícolas. Pero, ¿de que acuicultura intensiva está falando vostede, señor Rodas? ¿De que faláron os outros portavoces? ¡Se a esta partida só poden acceder pemes pequenas e medianas empresas, que nada teñen que ver coas multinacionais das que vostedes acaban de falar! Non é acuicultura intensiva nin son multinacionais.

Fala vostede tamén doutra partida que cita, a dirixida a reducir o consumo de auga e os elementos contaminantes. E eu pregunto: ¿consideran vostedes negativo que o Goberno galego mellore a eficacia dos sistemas de control de calidade das augas?...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ¿Considéranos vostedes negativo? Porque vostedes, cando andaban dando esas charlas maxistras que daban por toda a costa de Galicia, esta era unha das cousas que defendían, hai pouco tempo.

Polo cal, dígolles máis, ímoslle aprobar a iniciativa. Poderíamos tamén dicirlle: ¡total, iso xa o está facendo o Goberno de Galicia! Benvidos, pero déronse conta tarde. Pero tampouco queremos ser así, porque nosoutros queremos que tamén, co seu voto, quede patente que vostedes están a recoñecer que a política que vai facer nos próximos anos o Goberno de Galicia a través deste programa e a política que leva facendo nos últimos oito anos está ben feita.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** Eu agradezo que o señor Balseiro, cando mire, mire vir o coche, que se poña a un lado.

Efectivamente, porque é a maneira de sobrevivir; de sobrevivir, como estamos vendo agora, que, por exemplo, no día de hoxe se reúne o Consello Galego de Pesca. Creo que a última reunión foi no 2012. ¡Tarde piaches! Pero, bueno, máis vale tarde que nunca, efectivamente.

Eu, na miña interpretación, citaba aquí algúns datos que son evidentes. ¡Home!, eu xa sei que son un mero xuntaletras, pero aínda sei ler literalmente, e cando aquí fala de medidas de saúde e benestar animal, 1.500.000 euros, pois, mire vostede, esta é unha medida que nunca se acometeu, que temos aí problemas coa *Marteilia*, que temos problemas coa *Bonamia*, e para iso houbo que ir aos cerros de Úbeda para buscar fondos para poder financiar o que son as investigacións, pero non para estes casos concretos, ou mesmo, seguro, para as poboacións acuícolas, 800.000 euros. ¿Cando aquí se garantiron as poboacións de cultivo?, ¿cando? A primeira vez. Pero así poderíamos ir desgranando paseniñamente. O que xa é esperpéntico de todo é que na partida de reducir a cantidade de auga utilizable e os elementos contaminantes e químicos, 4.700.000 euros, que vai sobre todo para o cultivo en terra, vostede me veña aquí con que isto é unha aposta pola calidade da auga das rías. ¡Pero vamos! ¡Por favor!

A Xunta leva facendo nos últimos oito anos, efectivamente, esta política para permitir que determinados investimentos vaian aterrizando aquí no noso país, e é certo que neste último tramo vostedes foron a vangarda en canto a facilitar as condicións e tamén a vangarda en canto a financiar estes novos proxectos.

E dicía vostede que están totalmente de acordo. Non lles queda máis remedio. Trinta ou corenta mil persoas xuntámonos o outro día aí na Praza do Obradoiro exixindo un cambio de rumbo. Nunca ata agora a señora conselleira tivo tanta susceptibilidade para recibir o sector; nin sequera vostede, señor Balseiro, tivo tanta preocupación por visitar as diferentes confrarías do país. Por certo, nas da metade para abaixo aínda nunca o miramos desfilar polos portos correspondentes.

Polo tanto, benvida sexa a iniciativa que trae aquí o BNG, pero tamén lle teño que dicir que vostedes, con demasiada axilidade, veñen respaldar determinadas iniciativas do BNG que despois acaban en terra de ninguén...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODAS CHAPELA:** Vénme á cabeza, por exemplo, a denuncia do principio de estabilidade relativa, que alá onde quedou; ou recentemente as medidas que compensen os descartes, que non fixeron nada de nada; ou xa no ano 2010 aquel apoio á defensa dos dereitos dos ex mariñeiros de Noruega; a última é que, por exemplo, veñen vostedes de apoiar a transferencia de competencias oceanográficas e dos centros do...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...ou do Instituto de Investigacións Mariñas. E ten a santa cara de dicirnos que xa está pedida e que é unha das súas prioridades. ¿Prioridades como estas, non, señor Balseiro? Pois, bueno, póñanse ao carro e póñanse a...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...poñer condicións para que dunha vez por todas este país, o mar, teña algún futuro para os nosos mariñeiros e as nosas mariscadoras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodas.

### **Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parlamento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego do infarto agudo de miocardio**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:*

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar, neste período de sesións, os datos correspondentes ao rexistro galego de Infarto Agudo de Miocardio, as conclusións da Consellería de Sanidade en base aos mesmos e as medidas oportunas que pretende implementar para mellorar a atención das persoas enfermas de IAM, para o seu debate nesta Cámara”.*)

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:*

*1.-Antes de finalizar o primeiro semestre deste ano, as unidades de Hemodinámica de Lugo e Ourense estean funcionando 24 horas.*

*2.-A continuar co Rexistro galego de infarto agudo de miocardio para analizar o comportamento e a evolución desta patoloxía”.*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Volvemos traer a este Pleno do Parlamento de Galicia un tema que no Grupo Parlamentario Popular consideramos de extraordinaria importancia. Refírome, como vostedes saben, ao tratamento dunha enfermidade grave, o infarto agudo de miocardio, que, afortunadamente, nos últimos anos, ten aca-

dado unha importante melloría nas súas cifras de mortalidade e calidade de vida en relación co control dos factores de risco e cos novos medicamentos e técnicas invasivas para o tratamento da enfermidade.

O Grupo Parlamentario Popular rexistrou unha iniciativa, unha proposición non de lei, que foi debatida no pleno do 3 de decembro do ano 2014. Nese debate acordouse dispor dun rexistro único de ámbito galego que recolla toda a información sobre morbilidade en relación co infarto agudo de miocardio. E no punto 2, que os datos reflectidos no Rexistro se teñan en conta para adaptar os recursos humanos e materiais ás necesidades asistenciais nas estruturas de xestión. Aprobouse a proposición aínda co segundo punto co único apoio dos deputados e deputadas do Grupo Popular.

Véñense de presentar en rolda de prensa esta mesma mañá os datos técnicos do Regaliam, recollidos durante seis meses polos profesionais encargados da coordinación deste rexistro.

Ao deputados e deputadas deste grupo parécenos ben esa rolda de prensa, unha rolda de prensa técnica, pero seguimos a manter a nosa proposta de que a Consellería presente neste Parlamento os datos recollidos, a interpretación dos mesmos e, como pediamos na nosa iniciativa de decembro do ano 2014, a valoración de posibles novos recursos necesarios para a atención deste grupo de enfermos en función dos resultados presentados.

Permítame un inciso para falar do Rexistro Recalcar, xa citado noutras ocasións no hemiciclo. Desde o ano 2012 a Sociedade Española de Cardioloxía presenta este rexistro. No pasado ano 2015 presentaron o último informe, que contén conclusións moi interesantes en recursos, actividade e calidades, entre elas din que a dotación do recurso está en xeral por todo o país por riba dos criterios da ordenación de recursos recomendados.

En Galicia, desde logo, hai unha sala de hemodinámica por cada 305.000 habitantes, fronte á recomendación dunha por cada 400.000. Din tamén, para o conxunto do Estado, que hai marxes de mellora no desenvolvemento de redes asistenciais de ámbito rexional, creación de sistemas integrais de urxencias para o cateterismo e implantación de xestión por procesos.

En Galicia funciona en rede cun sistema rexionalizado. Hai tres áreas, cunha distribución de poboación entre 750.000 e 1.070.000 persoas, superior aos 600.000, que recomenda Recalcar, e ademais hai salas satélites en Lugo e en Ourense.

Galicia ten unha atención cardiolóxica no ámbito da cardiopatía isquémica das máis avanzadas de España, destacando a excelente capacitación profesional, a dotación tecnolóxica axeitada e completa e cunha boa distribución xeográfica e unha organización rexionalizada e en rede, coincidindo coas recomendacións das sociedades científicas, entre elas da Sociedade Española de Cardiología.

Como consecuencia do mandato parlamentario, en decembro do ano 2014, o Servizo Galego de Saúde deu os pasos necesarios para a creación do Rexistro galego de infarto agudo de miocardio, de acordo coas recomendacións dos profesionais. O 17 de abril do ano 2015 asinou un documento consensuado con todos os xefes de servizo de Galicia, polo que, en relación coa atención co infarto agudo de miocardio, se acordaba dispor dun rexistro galego que permitise extraer información e efectuar un seguimento prospectivo aos pacientes, para que calquera toma de decisión se poida basear en resultados obxectivos e reais.

No deseño do Rexistro e na definición dos parámetros que se recollen nel participaron profesionais designados desde estes servizos.

Un dos obxectivos do Rexistro é proporcionar datos epidemiolóxicos e asistenciais precisos para unha planificación eficaz e eficiente dos recursos materiais e humanos destinados á atención ao infarto agudo de miocardio; en suma, para tomar as decisións máis axeitadas na atención a esta patoloxía.

Permitirá este rexistro, que agora pedimos á Consellería que presente neste Parlamento, analizando 99 parámetros, coñecer as características epidemiolóxicas, clínicas e terapéuticas da poboación afectada polo infarto agudo de miocardio, rexistrando o procedemento de acceso do paciente ao sistema sanitario, o itinerario seguido para recibir a asistencia, os medios diagnósticos e terapéuticos utilizados, os tempos de resposta e os seus resultados. Avaliar a eficacia, a eficiencia e a efectividade da rede asistencial servirá de base

para a elaboración de estudos epidemiolóxicos, clínicos e estatísticos.

Previa a aprobación do decreto, como xa lles dixen anteriormente, houbo reunións dos xefes de servizo de Cardiología de todas as EOXI, que acordaron a definición dos parámetros que habería que recoller, a elaboración dunha aplicación do entorno web e a elaboración tamén de instrucións que regularán o Rexistro. Nesa reunión, valorouse unanimemente de xeito positivo o establecemento deste rexistro e considerouse necesario o seguimento das guías de práctica clínica en todas as áreas.

Con respecto ao funcionamento das salas de hemodinámica de Lugo ou Ourense en xornada de 24 horas, a opinión maioritaria dos xefes de servizo é a conveniencia de non modificar o actual modelo organizativo en tanto non se dispoña de datos obtidos a partir do Rexistro que se implantaría, e ver se eses datos o aconsellaran.

Tamén se viu necesario trasladar á cidadanía unha mensaxe clara e inequívoca de que a atención en toda Galicia no caso de infarto agudo de miocardio é moi boa. Pensamos que isto é importante reseñalo neste Parlamento.

As cifras, señorías, así o indican nas estatísticas do Ministerio de Sanidade. No ano 2012 a taxa de mortalidade por infarto agudo de miocardio axustada por idade e sexo foi de 4,62 %, moi inferior á media de todo o Sistema nacional de saúde, que se situou no 5,74 %, e soamente superior á que se dá na Comunidade Autónoma de Navarra.

Queremos tamén salientar a importancia do Progaliám, do Programa galego de atención ao infarto de miocardio, pioneiro no Estado. Con máis de dez anos de existencia, permitiu mellorar a expectativa e a calidade de vida do paciente infartado, promovendo a equidade no acceso ás prestacións nunha comunidade cunha dispersión xeográfica tan grande como Galicia. Ten tres obxectivos fundamentais: diminuír a mortalidade e a morbilidade por infarto, promover a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario e a rápida actuación para reducir o tempo entre o inicio dos síntomas, o diagnóstico e o tratamento.

Os seus puntos claves son: a simplificación de procedementos, trasladar directamente aos doentes, desde o diag-

nóstico, directamente á sala de hemodinámica, modificar as barreiras administrativas e organizativas intra e extrahospitalarias e, de ser posible, o retorno do paciente, sempre que se poida, ao seu hospital de referencia.

É moi importante a concienciación da poboación de chamar ao 061 diante da mínima sospeita de sufrir algún síntoma de infarto, e quero incidir niso desde esta tribuna. É importantísimo que se chame inmediatamente. Esta precocidade no diagnóstico, unida á coordinación entre atención extrahospitalaria e hospitalaria, é o que permite que Galicia sexa a día de hoxe a segunda comunidade autónoma por supervivencia, por infarto agudo de miocardio, dos pacientes que son trasladados polo 061.

Deste rexistro, do Regaliam, será moi importante valorar e comparar as cifras de falecemento naqueles enfermos de infarto agudo de miocardio que superen os 120 minutos entre o inicio da clínica e a súa revascularización. Tamén será de vital importancia para a toma de decisións o control da evolución posterior dos enfermos tratados despois deses 120 minutos. A súa supervivencia en anos, a súa calidade de vida ou a presenza de complicacións derivadas do seu proceso inicial son datos importantes a avaliar. Comparar ambos os grupos, máis de 120 minutos e menos de 120 minutos, axudará, sen ningunha dúbida, a tomar decisións.

Ter un rexistro único cos mesmos parámetros permitirá valorar datos obxectivos e comparables de todas as áreas de saúde de Galicia e tomar decisións, como dicíamos, sobre as necesidades reais de recursos humanos e materiais e sobre a distribución xeográfica dos mesmos, para unha atención de calidade aos enfermos que sufran un infarto agudo de miocardio no territorio da nosa comunidade.

Non dubiden, señorías, de que en atención a esta enfermidade estamos ben posicionados en Galicia co resto das comunidades do Estado, pero desde este grupo parlamentario queremos que a información acadada e os datos do Regaliam se dean a coñecer neste Parlamento por parte da Consellería de Sanidade, e, con base nos mesmos, tomar as decisións que se consideren oportunas para o mellor tratamento dos enfermos de infarto.

Estamos en tempos de transparencia, e no Grupo Parlamentario Popular de Galicia apostamos pola mesma.

Esperando o apoio dos grupos a esta proposta, doulle as grazas pola súa atención. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente, e bo día de novo.

Señor deputado, efectivamente, nesta Cámara temos debatido abondo sobre a atención á cardiopatía isquémica, pero fíxese vostede que, despois de tanto debate, nas provincias do interior –por certo, as máis envellecidas e coa poboación máis dispersa– as salas de hemodinámica seguen a funcionar só 8 horas. Horario de oficina, señor deputado, para atender os infartos; algo insuficiente, segundo denunciaban os expertos nese informe que vostede mencionou aquí, o Informe Recalcar, e algo que, sen dúbida, indica o sentido común.

Mire, recórdolle que os cardiólogos de Lugo alertaron de que con ese sistema das 8 horas o 60 % dos infartos segue sendo necesario trasladalos, xa que se producen fóra do horario da oficina en que funciona a sala de hemodinámica.

Pero ¿cal é o problema deses trasladados?, ¿as incomodidades para o doente e para a súa familia? Non. ¿O risco de trasladar pola carretera un enfermo grave e ademais inestable? Non, aínda que tamén. O problema deses trasladados é que só 1 de cada 3 persoas trasladadas chega a tempo para recibir a atención indicada tras sufrir un accidente isquémico, nese tempo, os 90 ou 120 minutos dos que vostede falaba; tempo indicado –insisto– para un tratamento intervencionista, pois, como sabe vostede moi ben, despois dese tempo, o músculo cardíaco isquémico xa se danou de forma irreversible.

Hoxe o Grupo Popular volve a esta Cámara co tema do infarto, pero non para anunciar que van poñer a funcionar 24 horas as salas de hemodinámica en Lugo e Ourense, non, para utilizar outra vez o Rexistro, senón, permítame que lle diga, non sei se para seguir mareando a perdez.

Pero fagamos algo de historia sobre o que leva traído o Grupo Parlamentario Popular a esta Cámara en relación co tratamento do infarto.

Ano 2005, Partido Popular na oposición: pois trouxeron vostedes unha proposición non de lei solicitando a hemodinámica para Ourense.

Ano 2007, volven falar deste tema na Cámara para preguntarlle á conselleira –que naquel momento era a señora Rubio– sobre a hemodinámica. Conselleira que se reafirmou no compromiso das salas de hemodinámica para Ourense e Lugo e conselleira que terminou o seu mandato deixando a sala de hemodinámica en Ourense, aínda que só funcionando 8 horas. Por certo, tamén o programa que vostede ensalzaba aquí, o Progaliam. Ben, é verdade que só eran 8 horas, pero tamén é verdade que esa conselleira só estivo tres anos e medio no Goberno.

Ano 2014, cando Feijóo xa leva cinco anos á fronte da Xunta. ¿Que fai o Partido Popular ante a presión da sociedade de Lugo –recórdolle que incluso hai unha iniciativa lexislativa popular? Bueno, pois fai unha nova proposición non de lei do PP. ¿Pero nesta ocasión pedían a hemodinámica? Non, nesta ocasión pedían o Rexistro, rexistrar os datos e os números do infarto agudo de miocardio.

Moi ben, ano 2006, outra proposición non de lei, ¿pedindo a hemodinámica 24 horas? Non, volvendo outra outra vez co tema do Rexistro. Mire, eu non sei o que di o Rexistro, señor deputado, ese que anunciaron, o que di que fixeron público hoxe. Sei o que lle gustaría á conselleira que dixera ese rexistro. Iso si que o sei, pero tamén sei o que nos din os cardiólogos e os datos estatísticos de Lugo. Sei que, ao mes de ter sufrido un infarto, o número de falecidos en Lugo é un 45 % superior que en Compostela; sei que en Lugo un paciente ten cinco veces máis posibilidades de morrer dun infarto que en Santiago; sei que a taxa de mortes por infarto en Lugo está en 76 mortos por 100.000 habitantes, mentres que en Pontevedra está en 33 e na Coruña en 46. E, mire, falo de Lugo e non falo de Ourense, porque ademais sei que Lugo é a provincia que ten a mortalidade máis alta por infarto de Galicia e sei que, a pesar de todo isto, o Partido Popular, nin no Goberno nin na oposición, nunca pediu nesta Cámara unha hemodinámica para Lugo nin pediu nunca nesta Cámara que as salas de hemodinámica funcionaran en Lugo e en Ourense 24 horas.

Señorías, nada que obxectar ao Rexistro; de feito, na época do Bipartito, puxeramos en marcha un rexistro de

tumores en Galicia; rexistro que, por certo, ao chegar o Partido Popular desapareceu. Pero o sentido común, señorías, aconsella que ante estes datos xa coñecidos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...as salas de hemodinámica –remato– funcionen 24 horas en Lugo e en Ourense. E iso exactamente é o que solicitamos na nosa emenda.

Se me permite o presidente, gustaríame rematar cun pequeno homenaxe ao doutor Vázquez, un gran deputado que nesta Cámara, falando deste tema, dixo: “É lóxico que o infarto dependa dos teus hábitos de vida, que dependa do teu código xenético, pero non pode depender nunca do teu código postal”.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Nós non temos ningún problema en que se faciliten datos á Cámara, ¡faltaría máis! Este grupo é un solicitante habitual e obtén sempre silencio de información por parte da Xunta de Galicia. Aínda que nos imos abster, porque a verdade é que, tendo sido facilitado a través dos medios de comunicación esa información esta mañá, nos parece pouco respectuoso que hoxe se traia unha iniciativa para solicitálo. Non é a primeira vez, e resúltanos chamativa a forma de pedir esa información, porque, como di a iniciativa, o 3 de decembro de 2014 debatemos esa proposta do Partido Popular sobre os datos do infarto, que daquela o señor voceiro, hoxe presidente, dicía que había que solicitar porque se acababa de celebrar un congreso da Asociación Española de Cardioloxía e que o documento resultante denunciaba a ausencia de criterios comúns nunha recollida sistemática de datos relacionados co infarto agudo de miocardio en Galicia.

Chama bastante a atención que, tras implicar o Parlamento na súa aprobación, a propia Xunta de Galicia na Orde do 11 de maio de 2015, pola que se crea o Rexistro, non con-

temple que esa información se traslade ao Parlamento. Si contempla que se traslade ao IGE e a outros organismos, pero non ao Parlamento de Galicia, e teñen vostedes que pedir, a través dunha proposición non de lei, esta información.

Con todo, porque non se explica na orde cal é o criterio, xa que vostede ten relación fluída coa Xunta de Galicia, podería aclararnos hoxe aquí cales son os criterios que se seguiron nese rexistro, porque só se recollen os datos do infarto agudo de miocardio con elevación do ST, e non o resto de patoloxía coronaria, e poderíase aproveitar para recoller outro tipo de datos. E de paso podería aclararnos cales son as funcións e que traballo fixo a comisión de control e seguimento deste rexistro e o comité científico, que veñen descritos na Instrución 2/15, do 15 de maio, que estipula como ás veces mesmo se teñen que reunir ao ano, a cantidade de veces, e para que serven, pero non sabemos que traballos fixeron durante este tempo.

Chama a atención que, no debate do día 3 de decembro do 2014, o voceiro do Partido Popular dicía que entre os datos que eran importantes e que había que proporcionar estaba a calidade nos traslados, o tempo de desprazamento ou a atención ao infarto agudo de miocardio nos centros privados. E chama a atención porque na Orde do 11 de maio deixa claro que o rexistro só vai ser obrigatorio para os centros do Servizo Galego de Saúde, para Povisa polo seu concerto singular e para o 061. Gustaríanos que se nos explicase por que se renunciou a que os centros privados aporten esa mesma información que teñen que aportar os públicos, aínda que só fose pois –digamos– ata que hai unha derivación, porque é posible que nalgúns centros privados non traten a patoloxía aguda coronaria.

Por outra banda, a Instrución 2/15 define cales son os ítems estatísticos e, entre eles, fixa pois, por exemplo, o concello de residencia ou a situación do servizo sanitario. Eu preguntome se nos van dar tamén os quilómetros de distancia; xa que fixa eses dous ítems, poderíase calcular e proporcionarnos os datos, fundamentalmente para que non teñamos que lelo pola prensa, pois como xa sucede polos datos que están saíndo da comparecencia desta mañá.

Eu teño que lembrar que este debate se deu pois precisamente no marco do trámite desa deturpada iniciativa legislativa popular que pretendía garantir os servizos de hemodiná-

mica e radioterapia pois para a provincia de Lugo pero tamén para a de Ourense, ¿non? E o Partido Popular, despois de retrasar o debate da mesma, pois xustificouse dicindo que necesitaba datos pois –digamos– máis fiables acerca pois neste caso da incidencia e das características da atención ao infarto en Galicia, cando xa tiña –digamos– prometido que ía implantar este servizo polo menos desde 2011, que foi cando se inaugurou o hospital de Lugo; é dicir, en 2011 prometeuno e en 2014 acordouse que non tiña datos suficientes, incluso despois de que rematase o prazo para presentar emendas á ILP, que xa era nese momento proposición de lei.

E, polo tanto, hai que enmarcalo nese contexto, porque a súa deturpación incluía o feito de que non tiñan a obrigatoriedade de implantar ningún destes servizos ata dezaioito meses despois de terse aprobado ou ter entrado en vigor a nova lei. Polo tanto, este goberno non vai ter a obrigatoriedade con estes datos de implantar absolutamente ningún tipo de servizo, porque imos a finais de 2016, moito despois de que se teñan producido –esperemos– as eleccións en Galicia.

Non temos aínda os datos oficiais –e remato xa–, pero si que temos algúns datos que nos traslada a prensa, e que me parece chamativo que diga vostede que non hai moita diferenza, porque se nos informa de que os habitantes de Lugo teñen unha demora de 82 minutos na atención sobre os de Compostela. E, polo tanto, falaremos máis veces nesta Cámara destes asuntos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Pois moi boa tarde a todas e a todos, señoras e señores deputados.

Dicía o anterior voceiro de Sanidade do Partido Popular, o actual presidente deste Parlamento, na defensa aquí da iniciativa que demandaba a creación do rexistro único de infarto agudo de miocardio, en decembro do 2012, que as administracións teñen a obrigação de adaptarse permanentemente á mellor evidencia dispoñible e que, para adaptarse á evidencia dispoñible, faise imprescindible dispoñer de datos fiables. E o que si é evidente é que dicía tamén que había datos, mais que

non tiñan un único patrón, non había uniformidade, e por iso unha gran preocupación por ter ese rexistro.

O que si é unha evidencia dispoñible é que en febreiro do 2011 o presidente Feijóo prometeu solemnemente na inauguración do Hospital Lucus Augusti a instalación inmediata dos servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear, que nese mesmo trimestre do ano 2011 ía licitar os servizos pendentes, compromiso para que os doentes de Lugo con problemas de corazón ou cancro non tiveran que desprazarse á Coruña ou a Santiago. Cinco anos despois, cinco anos despois, só hemodinámica está instalada pero, efectivamente, en horario de oficina exclusivamente.

É unha evidencia tamén que as doenzas cardíacas que se producen de tarde, de noite, en festivos, en fins de semana seguen sendo trasladadas a Santiago ou á Coruña. É unha evidencia que só un terzo das persoas con infarto agudo de miocardio de Lugo poden ser atendidas no hospital, e, o que é o mesmo, poden ser atendidas a tempo. Porque acaban de dar un dato que era pois de sentido común: que, efectivamente, non é o mesmo ser atendido nun hospital que estea a unha determinada distancia que noutro que estea a máis de cen quilómetros de distancia. Iso son evidencias, ¿non?

Igual que é unha evidencia que os veciños e veciñas de Lugo levan anos agardando por este servizo, levan anos demandando que se poña ese servizo, levan anos denunciando que só está atendendo esas 1 de cada 3 persoas con infarto agudo de miocardio, denunciando que a súa vida non pode depender de a que hora infartan, non pode depender de a que hora infartan. E non pode depender, é dicir, esa equidade que vostede acaba de dicir que era un dos obxectivos, é que non existe esa equidade. Non hai equidade entre unha persoa que vive no Incio, que vive no Cebreiro, que vive en Valdeorras con respecto a unha que ten o hospital ao lado. Entón, esas evidencias non fan falta de ningún rexistro único de datos, esas son evidencias que todo o mundo sabe.

E é unha evidencia que, diante desa situación, o Partido Popular o que fai é incumprir sistematicamente as promesas feitas, promesas feitas hai cinco anos. E é unha evidencia que o Partido Popular lles mente descaradamente aos veciños e veciñas.

É unha evidencia que o tempo é determinante. Iso é que é unha evidencia que o din os científicos, os técnicos, e sábeo calquera persoa pois do común.

É unha evidencia tamén que o Partido Popular deturpou a ILP que chegou a este Parlamento avalada por máis de 40.000 sinaturas para incumprir a súa promesa e para seguir deixando desasistidos os veciños e veciñas de Lugo. É unha evidencia.

E é unha evidencia tamén dispoñible que o Partido Popular, que vota en contra das iniciativas que se teñen traído a este Parlamento para demandar que haxa cobertura para as veciñas e veciños de Lugo e de Ourense, pois vota en contra, pero está moi preocupado pola existencia dun rexistro, igual que vota en contra da dotación dunha ambulancia medicalizada para os veciños e veciñas da comarca do Salnés, que teñen unhas isócronas que non garanten eses tempos mínimos para poder ser atendidos en condicións neses 90 minutos ou eses 120; o Partido Popular vota en contra.

Ese Partido Popular que vota en contra de todo iso resulta que é a segunda vez que trae iniciativas a este Parlamento, moi preocupado para que haxa un rexistro único onde pois estean rexistrados todos os datos. É dicir, a min e ao BNG parécenos totalmente vergonzoso que o Partido Popular sexa tan dilixente para querer ter un rexistro onde estean anotados absolutamente todos os datos e chegar á conclusión de que Lugo e Ourense están ben como están e non se van aumentar as horas. Están ben tendo a atención de hemodinámica só en horario de oficina, tan dilixente para iso, tan dilixente, e ningunha dilixencia para solucionar os problemas. Desde logo, deberíano facer mirar, señoras e señores do Partido Popular, deberían facerse mirar como pode ser a segunda vez que traen aquí unha iniciativa para ter os datos e non traen ningunha iniciativa e voten en contra das iniciativas que traemos aquí os grupos da oposición...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...para resolver os problemas que teñen os veciños e veciñas deste país.

Desde logo, alá vós, ¡eh!, alá vós, alá vostedes. Un rexistro con datos que poden ser mellor tabulados ou menos, pero que evidencian o que xa todo o mundo sabe: que coas polí-



ticas sanitarias do Partido Popular os galegos e as galegas estamos vendidos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición. Señor Núñez.

Déanlle voz ao escano do señor Núñez Centeno, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Como á señora Acuña lle gusta a historia, imos facer historia. “¿É algo extraordinario pedir nesta emenda que hai que abordar o dimensionamento das unidades de hemodinámica na Comunidade Autónoma de Galicia e a distribución?, é dicir, que a Consellería de Sanidade e o conxunto do Goberno estude e coñeza cales son as necesidades, pois, sen desconfiar das súas cifras, teremos que ter outras cifras ou outros estudos, e, baseándonos neses estudos e nesas necesidades, establecer con visión de país onde deben estar estas unidades”, fin de la cita. “Vostede sabe que hai trescentos de referencia –dixo vostede–, dúas provincias. Galicia pódese dividir en catro provincias. pero tamén se pode dividir en tres rexións: norte, centro e sur. Polo tanto, para algunhas cousas teremos que planificar dunha maneira e para outras, doutra”, fin de la segunda cita. A primeira cita é a intervención do señor Aymerich e a segunda do señor Modesto Pose nun debate no que presentaron unha emenda a unha proposición do Grupo Popular, cando gobernaba o Bipartito, de dotación dun laboratorio de hemodinámica para a provincia de Ourense, que substituíron por “abordar o dimensionamento das unidades de hemodinámica na Comunidade Autónoma de Galicia e a distribución das mesmas”.

Miren, señorías, hai que dicir a verdade. Vostedes, señora Acuña, abrírona en Ourense cando ían rematar a lexislatura a rebufo das demandas do Grupo Popular, daquela na oposición, e abrírona de 8 a 3. Vostedes durante o Goberno bipartito planificaron o hospital de Lugo sen considerar a posibilidade de dotalo de sala de hemodinámica; deixaron o hospital de Lugo sen orzamento, sen dotación e sen sala de hemodinámica. Tivo que ser o Goberno do Partido Popular o que investiu daquela máis de 80 millóns para dotar e poñer en

marcha ese hospital; non había nin camas, señora Acuña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tivo que ser o Partido Popular o que dotou e puxo en funcionamento a sala de hemodinámica do Hospital Lucus Augusti. Tivo que ser o Goberno do Partido Popular o que ten dotado o servizo de radioterapia e medicina nuclear, que está en período de instalación e probas e que estará operativo de xeito inmediato.

O Grupo Popular está pola equidade e pola igualdade na prestación dos servizos para todos os galegos e galegas, e por iso promoveuse o rexistro e por iso pedimos transparencia na presentación e valoración dos datos neste Parlamento.

E, señora Solla, as preguntas que vostede fai sobre o rexistro supoño que llas poderá facer á consellería cando veñan comparecer para presentalo. E creo que os datos que se presentaron hoxe son datos técnicos e outra cousa é a valoración política.

Non podemos aceptar a emenda da señora Acuña no primeiro punto e queríamos transaccionar o segundo pero non foi posible. Estamos de acordo coa emenda da señora Martínez –que vén de solicitar o mesmo que a nosa iniciativa–, queremos acortar os tempos, por iso pedimos que a presentación se faga antes de rematar o próximo mes de abril. E por iso temos transaccionado un texto que inclúe esa limitación temporal, que xa fixemos chegar aos servizos da Cámara, firmado pola señora Martínez, debido ao seu abandono deste pleno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

#### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez.

Pasamos, polo tanto, á votación das proposicións non de lei.

Comezamos pola do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Estaba pendente unha transacción... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –pero déixeme acabar isto, de

momento— co Grupo Parlamentario Popular. Se teñen a transacción, ou nola le ou... ¡Léaa, léaa! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿É longa?

**O señor GARCÍA GARCÍA:** É bastante longa, e como queira...

**O señor PRESIDENTE:** Bueno, pásenola, pásenola.

**O señor GARCÍA GARCÍA:** ...salvo que queiran os voceiros —que entendo que estamos todos de acordo—, e pásolla simplemente.

**O señor PRESIDENTE:** Pásenola, pásenola. Perfecto.

Moitas grazas.

Polo tanto, votamos coa transacción do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun Plan galego de emprego feminino e dun Plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar o Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións.

Xa anunciou a señora Adán que acepta a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda como engádega.

Polo tanto, sometemos a votación esta proposición non de lei.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar o Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Xosé Manuel Beiras Torrado e dona Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria.

Xa manifestou o señor Beiras que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Polo tanto, votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal.

Parece ser que, segundo manifestou o ponente, se acepta como engádega a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Gale-

go, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.*

*(A señora Acuña do Campo pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si, señora Acuña.

Déanlle voz ao escano da señora Acuña, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Moi brevemente, por favor, se nos le o texto transaccionado para saber o que se vai votar.

**O señor PRESIDENTE:** Téñoo aquí, vouno ler agora.

O texto transaccionado co Grupo Mixto que me fixeron chegar di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar antes do remate do próximo mes de abril os datos correspondentes ao Rexistro galego de infarto agudo de miocardio, as conclusións da Consellería de Sanidade en base aos mesmos e as medidas oportunas que se precisen en función dos resultados do Regaliam, da mellora da atención das persoas enfermas de infarto agudo de miocardio, para o seu debate no Parlamento de Galicia”. Este é o texto.

Sometemos, polo tanto, a votación este texto transaccionado.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parlamento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego do infarto agudo de miocardio*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 29.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as catro e media.

*Suspéndese a sesión ás tres e sete minutos da tarde e retómase ás catro e media.*

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos co punto quinto da orde do día, de interpelacións, coa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías, e boa tarde tamén para os sindicatos de enfermaría e os colexios de enfermaría, que nos teñen que estar seguindo vía telemática porque non se lles permitiu asistir a este debate.

Señor conselleiro, boa tarde. ¡Como ten vostede a sanidade pública! Fíxese que das tres interpelacións que temos hoxe, as tres son para vostede: a privatización, a desatención dos abortos contemplados na lei e o lío que ten vostede montado coa prescrición de enfermaría. Está claro que a xestión

sanitaria do PP de Feijóo en Galicia e do señor Rajoy en Madrid –esta xa rematada por fin– fai augas por todas partes.

A Lei do medicamento do ano 2009 establecía que as únicas profesións con capacidade para prescribir medicamentos eran medicina, odontoloxía e podoloxía. Pero, ademais, nesa lei xa se detallaba que entre as competencias da enfermería estaba a prescrición de todos os medicamentos e produtos sanitarios relacionados co seu exercicio profesional que non estiveran suxeitos a prescrición médica. E no caso daqueles fármacos e produtos sanitarios que si precisaran prescrición, e sempre que estiveran relacionados coa súa actividade, enfermería podería recomendarlos, e ademais aplícalos, seguindo o recollido nos protocolos e nas guías de práctica clínica e asistencial, quedando a lei –iso é verdade–, como moitas outras, suxeita a unha regulación posterior.

Ese incompleto marco legal, na práctica diaria con moita frecuencia colocaba á enfermería nunha situación digamos de alegalidade, por iso xa o Goberno Socialista deixou elaborado un borrador no ano 2011. Coa chegada do PP ese borrador suprimíuse, e non foi ata o ano 2013, dous anos máis tarde, cando o retomaron. Para iso o que fixo o Goberno foi chamar os colexios de enfermería e ao sindicato Satse, todo con moito bombo, moito platillo e, por suposto, moita foto do señor Rajoy.

Dous anos tardou en chegar ao Consello Interterritorial o novo decreto froito desas negociacións. E ese texto foi informado favorablemente polo Consello do Estado e aprobado pola Comisión General de secretarios de Estado o 21 de outubro do 2015. Pero, señor conselleiro, sorprendentemente dous días despois, o 23 de outubro, presentábase para a súa aprobación no Consello de Ministros un texto distinto. Entre o 21 e o 23 o decreto foi modificado unilateralmente polo Goberno, traizoando os que ata ese momento eran os seus socios, os que lle axudaran na redacción.

Por certo, en dous días tiveron tempo de modificar o texto, pero en dous anos non tiveron tempo de pasalo polo departamento de Igualdade, e o real decreto utiliza unha incomprendible, e ademais absurda, linguaxe machista para referirse a un colectivo eminentemente feminino. E sobre ese cambio do decreto, no último minuto e de costas á enfermería, é do que lle queremos preguntar hoxe.

Dise, señor conselleiro, que a razón desa modificación hai que buscala en Galicia. Non sei se é verdade isto. ¿Fíxose talvez esa modificación seguindo instrucións dalgún prohombre ou dalgunha promuller de Galicia, ou foi talvez por mandato do máis rancio e trasnochado colectivo médico? De ser a culpa de Galicia, seguro que vostede ten que sabelo. O que si está claro é que esa modificación non foi menor, senón que cambiou completamente o que se perseguía con ese decreto. Pois se o que se quería era sacar a enfermería da situación de alegalidade na que a diario traballaba, a norma sacar sacou, efectivamente, a enfermería desa situación, pero para colocala directamente en situación de ilegalidade.

Con esa modificación, enfermería non pode prescribir ata ter unha acreditación especial nin sequera os fármacos e os produtos sanitarios que non precisan prescrición médica. E no caso dos fármacos suxeitos a prescrición, non pode utilizalos como viña facendo ata agora, seguindo os protocolos e as guías, posto que o decreto anula tamén todas esas guías e todos eses protocolos cos que contabamos ata agora, e ordena, tamén sorprendentemente, que sexan elaborados no seo do Consello Interterritorial e exixen que sexan aprobados polo ministerio. Consecuentemente, señor conselleiro, o seguro de responsabilidade civil, tanto o deses profesionais como o da propia consellería, queda no aire, de non cumprir e adaptarse os profesionais e o traballo diario a esa nova lexislación.

Non pode vostede obviar que o decreto está en vigor dende exactamente o 24 de decembro pasado, día de Noiteboa. E catro días despois, ¡que casualidade!, das votacións para as eleccións xerais.

Señor Almuíña, non sei se é vostede consciente de que neste momento, e con esa modificación do real decreto, temos a toda a enfermería contra as cordas, e a toda a actividade sanitaria que diariamente se realiza, tanto na sanidade pública como na sanidade privada, á marxe da lei. Pero non só iso, senón que ademais, con esa estupenda xestión que fixeron do real decreto, conseguiron enfrontar o colectivo médico co colectivo de enfermería; aos negociadores traizoados, co Goberno; ás 12 comunidades autónomas e a todos os sindicatos que solicitaron a derogación do decreto, co ministerio; e toda a sanidade descontenta co Tribunal Superior por non ter decretado a paralización preventiva de dito decreto.

Señor conselleiro, ¿é vostede consciente da repercusión que esa medida ten no día a día da enfermería de atención primaria? Neste momento, e con ese decreto vixente, non poden facer a súa función, que non é outra que coidar. Coidar, por exemplo, dos enfermos crónicos. Non poden facer o sintrom, non poderían facer as curas. E por non poder –diga vostede o que queira–, non poderían co decreto vixente nin poñer unha vacina, xa que non poderían preguntar se hai tos, se hai febre, se se é alérxico ao ovo, porque iso exixiría un diagnóstico, si, si, e, polo tanto, precisaría dun prescriptor.

¿É vostede consciente da repercusión que ten no día a día da enfermería hospitalaria ese real decreto lei?

Señor conselleiro, con ese decreto en vigor, enfermería hospitalaria non pode coller unha vía heparinizada, non podería poñer unha mascarilla de oxíxeno sen ter ao prescriptor pegadiño, ao lado. Pois ben, ante esta situación, e coa enfermería galega desesperada exixíndolle a vostede a través das mesas sectoriais solucións para poder funcionar, ¿que fixo vostede?

Pois mire, primeiro esconderse, mirar para outro lado e, con absoluto desinterese, non facer nada durante case tres meses. E despois, sen valor, con moito medo, non se reuniu vostede coas organizacións sindicais nin lles deu as explicacións que lle reclamaban, senón que se limitou a enviar unha nota informativa; unha nota informativa, señor conselleiro, que non soluciona nada, na que vostede suxire que non se faga caso do decreto. Non sei se é consciente de que está pedindo que non se cumpra coa lei.

As nosas preguntas están feitas por escrito. De algunhas xa temos a resposta porque o tempo nos deu a coñecer a resposta, xa que son do 5 de febreiro. Pero, por favor, voulle pedir unha cousa, déanos respostas claras. Nós necesitamos saber esas respostas, pero sobre todo necesítas a enfermería, un colectivo e uns profesionais aos que dende aquí aproveito para agradecer o seu traballo diario, que non dubidan en seguir traballando aínda a pesar de, grazas ao seu real decreto lei, facelo á marxe da lei. Non repito as preguntas, pero si espero as súas respostas.

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):**  
Señor presidente.

Señorías, señora Acuña, a verdade é que sempre estamos igual. Empezamos con que, se facemos, facemos, e se non facemos, pois tampouco vale.

Eu tamén saúdo os colectivos, os colexios de enfermería, asociacións de enfermería, sindicatos, porque nos reunimos todo o meu equipo e eu mesmo con moitos deles precisamente para intentar resolver a interpretación dun real decreto que, como tamén sabe vostede, non é o real decreto da Consellería de Sanidade, senón que é un real decreto que estivo negociando o Goberno da nación cos colexios profesionais, nós non estivemos nesas negociacións. Pero si teño que dicirlle que, evidentemente, entendemos –levámolo dicindo, desde logo, o tempo que levo como conselleiro– que o traballo de enfermería é fundamental para o sistema. Temos grandes profesionais de todos os ámbitos, e enfermería, desde hai moitísimos anos, fai que poidamos seguir construíndo o que é o noso sistema sanitario.

Este é un tema complexo por moitísimas razóns. Entre outras, porque toca competencias de diferentes colectivos sanitarios que traballan conxuntamente en equipo no día a día do noso sistema sanitario. É importante, en consecuencia, non crear un problema onde antes non o había. Falaba vostede de enfrontamento. É verdade que hai xente que o que quere é que haxa un enfrontamento entre colectivos profesionais; nós, desde logo, non.

A administración de medicamentos é unha competencia inherente ao desempeño do traballo de enfermería, sen embargo, a indicación ou prescrición é unha competencia máis complexa e a súa regulación debe ser rigorosa. O principal é que a norma teña claros beneficios para a poboación, en primeiro lugar, pero tamén para os facultativos e as propias enfermeiras.

Cabe destacar que a regulación da prescrición da enfermería en España comprende un desenvolvemento de décadas. No ano 2003, coa LOPS, a libre circulación de profesionais sanitarios titulados abre un espazo de reflexión sobre

as diferenzas existentes entre as competencias nos diferentes países, por exemplo, sobre prescrición de enfermería.

Diferentes entidades do campo sanitario, principalmente colexios profesionais, sociedades científicas e sindicatos de enfermería, foron ferramentas activas dentro das reivindicación do papel da enfermería no sistema de saúde, impulsando e desenvolvendo as súas competencias e responsabilidades e visibilizando as mesmas.

A regulación da prescrición da enfermeira foi unha reivindicación dos referidos colectivos profesionais, ao considerarse un instrumento moi importante para legalizar unha situación que forma parte da vida laboral e que contribúe a mellorar a actividade do sistema sanitario.

A modificación da lei que permite ás enfermeiras actuar no campo da prescrición comeza na Lei 28/2009, de modificación da Lei 29/2006, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios; norma que regula a actuación da enfermería no ámbito da prescrición.

A publicación desta lei produciuse despois de que fose aprobada polo Pleno do Congreso do día 22 de decembro de 2009, con 342 votos a favor e unha abstención, obxectivándose así en sede parlamentaria o consenso que a motivou. Pero a finais de 2010, grazas ao Real decreto 1.718/2010, sobre a receita médica e orde de dispensación hospitalaria de enfermería, é cando se fala abertamente da función dos profesionais da enfermería no uso e dispensación de fármacos. Neste real decreto establécense os requisitos que deben cumprir as receitas do Sistema nacional de saúde e faise referencia, por primeira vez, aos profesionais de enfermería. Así, na disposición adicional quinta indícase que na receita deberán figurar os datos do enfermeiro acreditado para a indicación ou autorización de dispensación en lugar dos datos de prescrición que constan como propios da receita médica.

A continuación, o 23 de decembro de 2015, como ben recordaba, tras un proceso de discusión e trámite de algo máis de dous anos –como dicía, no caso do Partido Socialista sempre encontro esa mesma frase: xa o iamos facer; quedounos o borrador encima da mesa pero non o acabamos de rematar. Levaban oito anos de goberno, pero a última hora, coma sempre, xa o iamos facer. Iso é o que queda.

E aquí, despois dunha negociación na que, como dixeran, non estivo presente a Consellería de Sanidade, foi nun ámbito a nivel nacional, establécese este Real decreto 953/2015, polo que se regula a indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros. A finalidade da norma é regular, dun lado, as actuacións profesionais dos enfermeiros en materia de indicación, uso, autorización e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano relacionados co seu exercicio profesional, así como o procedemento para a validación de protocolos e guías de práctica clínica asistencial por parte da Dirección xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación. E por outro lado, fixar, coa participación das organizacións colexiais correspondentes, os criterios xerais, requisitos específicos e procedementos para a acreditación dos enfermeiros, tanto dos responsables de coidados xerais como dos responsables de coidados especializados.

Pregunta vostede que postura vai tomar o Goberno galego ante a entrada en vigor deste real decreto. A resposta é evidente: acatar, como non pode ser doutro xeito, a normativa e a legalidade vixente, porque houbo outras comunidades autónomas que fixeron declaracións de que ían presentar recursos e demais, pero están exactamente no mesmo caso que está a Comunidade Autónoma galega.

Pregunta, ademais, que indicacións dimos desde esta consellería ao persoal do Sergas para a aplicación e seguimento do mesmo. Pois ben, o pasado 1 de marzo difúndese unha nota informativa sobre o Real decreto 954/2015, do 23 de outubro, polo que se regula a indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros. Vou recordarlle o que dixi vostede nesta intervención que fala de que o conselleiro o que fixo foi esconderse durante un tempo e que foi covarde, creo que foron as palabras.

Mire, esconderse eu creo que non, o que pasa é que nós traballamos, non traballamos de cara á foto nin ao facebook nin a twitter, senón que nos reunimos cos colectivos e tratamos de buscar solucións. Unha interpretación que nos piden de todos os ámbitos, tamén nola piden, parece ser, pola vosa parte, pero unha vez que sae unha resolución... Por certo, non sei se é covarde o conselleiro, pero firma a nota informativa. ¡Xa me gustaría que algunha outra xente firmara

notas de prensa! Eu firmo as notas informativas, polo tanto, covardía a xusta.

Facemos unha interpretación para evitar que a xente –como vostede trata neste momento– trate de enfrontar os colectivos que levan traballando xuntos moito tempo, e ese traballo de equipo, non de individuos, de equipo, creo que debemos preservalo entre todos.

Esa nota, que para vostede é covarde, foi, por exemplo, ben recibida pola Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria. Pode vostede comprobalo na súa páxina web, que di: A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria valora moi positivamente esta nota informativa da Consellería de Sanidade, que por fin aclara moitas dúbidas en relación co noso traballo diario. Bueno, é unha opinión como a súa. Eu creo que, desde logo, o valora.

Pregunta tamén sobre responsabilidades legais, e se consideramos que a enfermería galega está a traballar coas garantías legais adecuadas trala aprobación do decreto. Entendemos que si, e máis coa nota informativa. Adicionalmente, a responsabilidade civil e patrimonial dos profesionais de enfermería do Servizo Galego de Saúde está cuberta nos termos e condicións establecidos na póliza subscrita para o efecto. Calquera pode consultar dita póliza no portal web da Consellería de Facenda, no apartado documentos.

Pregunta tamén sobre as guías terapéuticas e protocolos, e consideramos oportuno que sexa o ministerio quen elabore as guías e protocolos clínicos. Por certo, di vostede que o Goberno xa desapareceu. O Goberno está en funcións, pero, desde logo, pode actuar e creo que vai actuar. E creo que sería interesante, porque desde aí, con esa negociación con colectivos que estiveron facendo, chegaron ao real decreto.

Teño que matizar, de todas formas, que o decreto se limita a guías e protocolos relativos a indicación uso e autorización de dispensación por parte dos enfermeiros de medicamentos suxeitos a prescrición médica, e non ao conxunto de guías e protocolos clínicos. Ademais, na lei 28 –á que antes me referín– establécese para tales protocolos que sexan de elaboración conxunta, acordados coas organizacións colexiais de médicos e enfermeiros e validados pola Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde. O Ministerio de Sanidade e Política Social coa participación das organiza-

cións colexiais; é dicir, non elaborados de forma unilateral polo ministerio.

Como se indica no capítulo III do propio decreto 954, a elaboración dos protocolos e guías de práctica clínica efectuarase no seo da Comisión permanente de farmacia do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, na que figurarán, entre outros, tres membros en representación das comunidades autónomas.

En calquera caso, e tal e como indicamos na nota informativa, en tanto o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...non dite instrucións para o desenvolvemento da aplicación do real decreto e se avanza na súa implantación para preservar os seus niveis de calidade, co fin de garantir esta normalidade asistencial na prestación da asistencia sanitaria nos centros e institucións sanitarias, procede precisar... E iso é o que é a nota informativa, o que vostede critica.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidente.

Quero comezar aclarando e recalando que, efectivamente, o Goberno Socialista deixou un decreto, un borrador de decreto feito e ademais feito e sometido a exposición pública. E quero aclarar e recalcar que do decreto que estamos a falar non é do que se negociou, porque repito, modificárono vostedes no último minuto e unilateralmente.

Mire, conselleiro, eu serei xente, pero hoxe aquí estamos a falar do persoal de enfermería, non creo que sexa tan difícil dicilo así.

Supoño que as comunicacións que saen da consellería deberán de ir firmadas. ¡Vamos, digo eu!



Mire, ¿por que non recorre vostede un decreto absurdo e de imposible cumprimento, como, por certo, fixeron noutras comunidades autónomas, cando ademais está pedindo nesa nota informativa tan valente –debería vostede, para ratificar esa valentía, dicirllo directamente a quen lle solicitaba a información– que non se cumpra?

¿Talvez non recorre vostede este decreto porque está no fondo de acordo con el? Pois mire, conselleiro, de ser así, sexa vostede coherente, fale co seu ministerio amigo e pídalle que polo menos elabore unha disposición transitoria para que o decreto non sexa de aplicación ata que todas as persoas profesionais de enfermería dispoñan desa acreditación que se lle exige agora, insisto, ata para os fármacos que non están suxeitos a prescrición médica e ata que o ministerio elabore todas esas guías e protocolos que necesitamos a diario todos os sanitarios para poder funcionar e que ese decreto anulou.

A nós non nos gusta nada ese real decreto modificado. Pensamos que é un retroceso intolerable e que ademais impide o normal funcionamento da sanidade pública e –insisto– privada. Que ademais pon en risco legal a todos os profesionais. E a súa nota informativa, señor conselleiro, non soluciona nada.

Ademais, teño que recordarlle que a enfermería é unha profesión autónoma, que exige catro anos de estudos universitarios nos que xa se recibe formación en farmacoloxía clínica, polo que non se entende a necesidade desa formación adicional, e moito menos, señor conselleiro, que esa formación sexa exclusiva do Estado. Pero, ¿onde se viu?

Mire, díganos, ¿quen vai impartir eses cursos de acreditación? ¿Serán gratuítos, señor conselleiro, ou trátase dun negocio máis? ¿Serán no horario laboral? ¿Que pasa se alguén non quere ou non pode facelos? ¿Suporán talvez un incremento retributivo para o persoal de enfermería que os fagan? Recordarlle tamén que Enfermería traballa ao servizo da sociedade, señor conselleiro, ao coidado dos doentes e das doentes, e non ao servizo da clase médica, como parece desprenderse dese decreto tras a modificación plantexada. Pero, sobre todo, o que eu quero pedirlle hoxe é que, con esa valentía da que fai gala, nos deixe aquí moi claro se a enfermería galega ten garantías legais nesta situación e se pode contar co seguro de responsabilidade civil cando está

actuando á marxe das normativas xurídicas que regulan o seu exercicio profesional.

Explíquenos que guías e que protocolos están usando agora. Explíquenos que opinan os nosos profesionais de que todas esas guías e protocolos deban ser agora elaborados –como vostede recoñeceu aquí– por outros e aprobados polo Estado. E, sobre todo, díganos se a súa nota informativa está pedindo ou está ordenando que non se respecte a lei.

Temo que o Sergas non pode obviar a realidade xurídica que impón ese real decreto invocando –como fai vostede na súa nota informativa– o sentido común dos profesionais e das profesionais. Mire, se tivera vostede sentido común, estaría pedindo a derogación do decreto.

E remato, señorías, como empecei, dando de novo as grazas por ese labor, por esa xenerosidade e por esa responsabilidade que está amosando a enfermería do noso país ao antepoñer as necesidades sanitarias da cidadanía á súa propia seguridade xurídica.

¿Por que podoloxía si?, ¿por que odontoloxía si e por que enfermería non? Respóndanos, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Acuña.

Turno de peche. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, presidente.

A verdade é que para vir aquí dicir cal é o papel da Consellería de Sanidade neste tema o que non entendo é que non comentara nin un párrafo da nota informativa. ¿Vaino facer na seguinte intervención? Vale.

A verdade é que non o entendo, pero si vou falar da nota informativa porque creo que é un tema que foi pedido e, desde logo, traballado e buscando solución aos problemas reais. Nós respectamos moitísimo –como dicía ao principio–... E non o dicía ao principio, levo traballando en sanidade moitos anos e traballei en equipo sempre con enferme-

ría, e a súa función é fundamental, ninguén está discutindo para nada iso, estamos precisando.

A última pregunta vostede sabe perfectamente que entra dentro da lei, o dos podólogos, ¿verdade? Entra dentro da lei, non é un tema que nos inventemos neste momento aquí.

Pero si dicirlle, para precisar o tema da nota informativa, que, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal supremo e coa propia lei, se identifica como profesional responsable do diagnóstico para instaurar un tratamento e a súa prescrición ao médico, tamén ao odontólogo e ao podólogo nos seus respectivos ámbitos de actuación. Digo que isto está na xurisprudencia do Tribunal Supremo. Xa non estamos falando dunha lei, é que o Tribunal Supremo entrou nisto e dío así, non é invento noso. Por iso o médico debe rexistralo sempre na historia clínica a través dun documento normalizado. Porque tamén é certo –e iso tamén nolo pedía o colectivo de enfermería– que hai veces que o facultativo non precisa isto, e debe precisalo. Debe precisalo por responsabilidade do traballo do médico e do traballo de enfermería. Son cousas de seguridade para todo o mundo, para todo o que está traballando, e, evidentemente, seguridade sobre todo para o paciente, que para nós é o fin último do sistema sanitario.

Sempre que o profesional prescriptor teña deixado –como debe– na historia clínica, e no seu caso na correspondente receita, rexistro dos medicamentos para administrar ao paciente, os profesionais de enfermería procederán ao seu uso e administración para unha adecuada preparación do paciente de cara á realización de determinadas probas complementarias ou á indicación terapéutica realizada. Isto digo que é así por lei e validado polo Supremo. Non é ningún invento.

Ante unha situación de estado de necesidade, o profesional sanitario, dentro do seu ámbito competencial, deberá en todo caso actuar pola protección da saúde, integridade e vida do paciente. En situacións de urxencia, a actuación do equipo asistencial acomodaranse ao seu habitual quefacer, ben sexa no nivel de atención primaria, no extrahospitalario ou tamén no hospital. A actuación debe guiarse e inspirarse tanto polo sentido deontolóxico como pola boa praxe e sentido común.

Isto é todo o que vai na nota informativa, que trata de aclarar esas dúbidas que pode haber. Todo isto, como digo,

sen prexuízo do necesario rexistro escrito, tanto do dato asistencial como da información diagnóstica e terapéutica.

Dicir que o Real decreto 954/2015 é unha norma básica. Decía antes por que non o impugnaba a Comunidade Autónoma de Galicia. Bueno, como decía ao principio, hai moitas comunidades autónomas que impugnaron e non fixeron ningunha nota informativa nin aclaratoria, co cal entendo que a situación neses territorios é bastante máis complicada. Nós facemos o que a nivel práctico corresponde, e creo que o que precisamente intentamos é que non haxa un enfrontamento entre colectivos no día a día, cando nunca ocorreu isto e non debe de ocorrer.

Hai xente que quere incendiar e que os colectivos se enfronten. Creo que é negativo, e nós temos que estar por riba diso.

Como digo, este Real decreto establece que os enfermeiros e outros profesionais poderán usar, indicar e autorizar para dispensar tanto medicamentos como produtos sanitarios de uso humano, conforme as previsións que o propio texto normativo establece para o exercicio desta competencia.

En todo caso, requírese que o enfermeiro obteña tanto nos ámbitos dos coidados xerais como especializados, unha acreditación. Señora Acuña, pode ser que na negociación isto fora precisamente pedido polo colectivo de enfermería, pode ser que fora así. Polo tanto, non ceo que trate o estamento ou outro colectivo médico que isto sexa así, senón que pode ser que sexa unha petición do colectivo de enfermería, por mellora na actividade dese colectivo.

Requírese en todos os casos que o enfermeiro teña, tanto no ámbito de coidados xerais, como especializados, unha acreditación, e que dispoñamos de protocolos e guías de práctica clínica asistencial validados para todo o Sistema Nacional de Saúde.

A realidade evidencia, a día de hoxe, que para a presenza de enfermeiros acreditados o prazo que outorga o Real decreto para a resolución deste procedemento é de seis meses, segundo especificaba no artigo 10; e para contar con protocolos consensuados e validados inexorablemente ten que transcorrer un tempo que a propia norma prevé.

Eu quixera finalizar, porque xa digo que o fundamental é que nós tratamos de axudar na práctica asistencial aos colectivos, tanto de enfermería como médico, e quero dicir que esta nota informativa emitíuse en garantía da maior seguridade dos pacientes e da calidade dos servizos sanitarios, promovendo o mellor exercicio protocolizado da competencia profesional, a seguridade de todos os procesos, e procurando a efectividade dos tratamentos instaurados ante as posibles dúbidas que poidan xurdir trala aplicación deste Real decreto e ata que se complementen as previsións.

Eu creo que é importante –como dicía–, sobre todo...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
...pactar cos colectivos, que non haxa un enfrontamento porque sexa tratado desde estamentos a outro nivel. No día a día é onde teñen que traballar, e seguen traballando, facéndoo tan ben como o levan facendo todos estes anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Efectivamente, boa tarde, señor conselleiro.

Segunda interpelación da tarde. Segunda alarma na sanidade pública.

O Partido Popular está a practicar unha política de recortes e demolición da sanidade pública, é unha constatación. Neste momento con vostede como máximo responsable, mais seguindo a decisión ideolóxica do Partido Popular en xeral e do presidente Núñez Feijóo en particular.

Vostede, aínda que chegou en principio con outro talante, o único que está a facer é exactamente a mesma política

sanitaria que a súa antecesora. Normal, porque pertence a un Partido Popular que o que está facendo dun xeito acelerado é converter a sanidade pública do noso país nun negocio para uns cantos; é entregarlle a capacidade de decisión a axentes totalmente externos, non soamente á sanidade pública, senón externos ao propio país, o cal xa é tremendo.

Ese deterioro, vostedes estano facendo a través de abandonar as infraestruturas, da falta de recursos humanos e materiais, e así terá a desculpa para a privatización. Fano a través de mecanismos constantes de disuasión do uso da sanidade pública, e vou enumerarlle tres. Hai outros, algúns máis sutiles, pero hai outros.

O primeiro deses mecanismos son as listas de espera. Vostedes, o Partido Popular, fan unha política sanitaria que fai que existan infames listas de espera, que fai que haxa galegos e galegas que estean en listas de espera durante meses e durante anos; durante meses e durante anos, señor Almuíña.

O segundo mecanismo son as derivacións á sanidade privada, teoricamente consecuencia do primeiro. Hai unhas avultadas listas de espera e, como consecuencia desas avultadas listas de espera, vostedes, en vez de dotar a sanidade pública de recursos para que aminoren esas listas de espera, o que fan é aprobar unha lei de garantías de prestacións sanitarias que o que lle dá é rango de lei a que, na vez de ese fomento e potenciación da sanidade pública, vostedes legalmente poidan derivar doentes á sanidade privada.

¿E como o fan? Antes, dun xeito máis ou menos intentando parecer que non o facían. Pero ultimamente xa de xeito totalmente descarado. Díselles directamente aos doentes se queren ser atendidos na privada. Cando as persoas teñen a prescrición dun facultativo que lle di que teñen que ser obxecto dunha intervención ou dunha proba diagnóstica, pónense na lista de espera, e cando resulta que pasa unha semana, un mes, e outro, van preguntar e o que se lles di directamente é se queren ser atendidos na sanidade privada. É a propia Administración a que fomenta xa, dun xeito claro, esa derivación. Se aceptan, o seu caso resólvese inmediatamente. E se non aceptan, desaparecen das listas de espera. Se protestan, díselles que rechazaron ser atendidos na privada e por iso non son chamados desde a pública, mecanismos sinxelos.

Ao Bloque Nacionalista Galego chegaron diversas denuncias realizadas por persoas ante a actuación do Servizo Galego de Saúde de proceder a eliminalos da lista de espera cirúrxica se rechazan ser atendidos nun centro hospitalario diferente ao que teñen de referencia na sanidade pública. Voulle poñer algúns exemplos.

Un doente en lista de espera -van máis de seis meses- rechaza ser operado, neste caso de hemorroides, na privada. Está de baixa laboral, cunha ILT laboral, e con sangrados importantes. Pois despois de seis meses segue esperando a que o chamen porque non quere ser atendido nun centro privado.

Segundo caso. Unha doente con vólculo intestinal que leva esperando máis dun ano a que a chamen para operarse. Cando vai reclamar, díselles que rechazou ir a un centro privado e que por iso non a chaman, cando esta persoa o que fixo foi manifestar a súa preferencia por un centro público.

Un ano. Asumible, ¿verdade, señor Almuíña? Ben.

Outro doente, que si lle ofertaron ser intervido na sanidade privada, un síndrome de túnel carpiano, e acepta. Unha persoa á que para o seu traballo as mans sonlle fundamentais, e acepta porque levaba xa tempo en lista de espera. Efectivamente, foi operado en catro días. Meses na lista de espera na pública, en canto o derivan a un centro privado, en catro días é intervido. ¿E con que se atopa na sala de espera? Pois con que había un montón de xente, falaban entre eles, ¿e que lles dixeron? Pois o mesmo, que viñan da pública á privada para seren atendidos xa. Que, se ían á privada, o que lles dicían é que ían ser atendidos xa; e, efectivamente, son atendidos xa.

Destas situacións, diversos profesionais facultativos o que me trasladan é que teñen unha media de 3 ou 4 á semana, doentes que son derivados á sanidade privada. Se multiplican 3 ou 4 por cada facultativo, polos miles de facultativos que hai na sanidade pública de Galiza, dá un número considerable, ¿verdade, señor conselleiro? Dá un número considerable.

Bueno, ¿que derivan á privada? Pois normalmente procesos de patoloxías menores: túneles carpianos, hemorroides, xoanetes, varices. Patoloxías con pouca complicación poste-

rior á intervención, cun investimento non moi importante por parte da entidade privada e sen moita necesidade de ter grandes infraestruturas. Unha atención sanitaria a pouco custo. Moito rendemento e pouco custo. E en moitos casos incluso se está dando que, doentes derivados á sanidade privada, o seu seguimento posterior, incluídas rehabilitacións, consultas ou quitar puntos, intentan que sexa a sanidade pública a que se faga cargo deses procesos, cando neses convenios se establece que debe ser a entidade privada que se fai cargo do proceso quen o faga dende o principio ao final.

E non menea a cabeza, señor conselleiro. Mire, SOS Sanidade Pública de Compostela, diante tamén de denuncias que lle chegaban de persoas que lle estaba a pasar isto, dirixíronse á Xerencia da Área Sanitaria para que lles explicara cal era a situación, onde acababa o proceso clínico cando se derivaba un paciente da sanidade pública á privada; os tempos de rehabilitación posterior, seguimento de posibles infeccións, etc. Ben, isto fixérono en outubro do ano 2015, a Xerencia da Área Sanitaria de Compostela acaba de remitirles unha circular aos seus facultativos dicíndolles que os procesos derivados a centros concertados deben finalizar en ditos centros, é dicir, deben incluír todas as derivacións. Estes centros están obrigados a prestar todos os servizos necesarios ata a alta dos pacientes que o Sergas lles deriva-se. Mentres a alta non se produce, o Sergas non asume de novo a responsabilidade sobre os doentes. Por este motivo, cando o centro concentrado lle indica ao paciente a necesidade dunha revisión do proceso polo que foron atendidos en dito centro, a citada revisión debe ser realizada polo mesmo.

¿Por que se manda esta circular se estaba tan claro? Se non estaba a pasar, ¿por que se vai informar de algo que é unha tontería? Porque si estaba a pasar, e segue a pasar, señor conselleiro. Porque si estaba a pasar, e segue a pasar. Co cal, alto rendemento con poucas necesidades de investimento, con pouco gasto e necesidades de equipamentos básicos.

Atención rápida, sen demora, na privada, fronte a listas de espera eternas na pública. Iso é o que está vendendo a consellería do Partido Popular, con vostede á fronte, aos galegos e galegas neste momento.

¿E cal é o terceiro mecanismo? Bueno, aínda usan un terceiro mecanismo, o mecanismo de disuasión a través

dos acordos de xestión, acordos de xestión que se traducen en pagos en concepto de produtividade aos profesionais, ¿non? Iso está dentro dos acordos de xestión, que aos profesionais, se acadan unha determinada produtividade, teñen unha compensación económica. Iso é así, ¿verdade? Ben.

¿E que se fai? Aos médicos e médicas de Atención primaria avalíaselles polo concepto “Derivación a consultas de especialidades hospitalarias”. Non poden superar o 9 %. Co cal, ¿que se está facendo? Intentando que non superen ese límite. Se non o superan, teñen compensación; se non, son penalizados.

Á súa vez, aos especialistas hospitalarios primaselles por dar altas a Primaria. Ou sexa, rematar canto antes o seguimento evolutivo no hospital, remitindo os pacientes de novo á Atención Primaria. Tamén está contemplado neses acordos de xestión.

Aos profesionais de urxencias hospitalarias valórase-lles que no remitan doentes a consultas especializadas. E á vez tamén se incentivan que os especialistas de garda ingresen o menor número posible de doentes. É dicir, faise unha política de disuasión de uso da sanidade pública, señor conselleiro. Tradúcese nunha incentivación aos profesionais para que disuadan do uso da sanidade pública. Mentres, a crecente dinámica de derivación a centros concertados.

Entón, o que lle preguntamos hoxe señor conselleiro, ¿as listas de espera que colga o Sergas na súa web é un número real que esperan para ser intervidos dalgunha patoloxía, ou o Sergas manexa outros datos que non fai públicos? Gustaríame saber se os que están colgados na páxina web...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...–remato– da consellería, do Sergas, son os datos únicos que hai, ou se a consellería ten outras listas. Se é certo que, se non aceptan ser atendidos en centros privados, son sacados da lista de espera.

¿Cales son os criterios que se utilizan para facelo? Gravidade do caso, lista de espera estrutural, se xa se chamarán. ¿Cales son os criterios, señor conselleiro?

¿En que situación quedan os doentes que, estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas, non aceptan ser derivados a centros privados? ¿Cal é a súa situación?

O resto teno por escrito. Agardo que sexa quen de contestarme no concreto a estas preguntas que lle estou formulando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente, señorías.

Señora Prado, agradezo que tivera confianza en min polo menos durante tres ou catro meses. Como levo cinco, agora xa non confía en min, e vou seguir á miña antecesora.

A derivación de pacientes a centros privados para que lles realicen probas diagnósticas ou intervencións cirúrxicas non é, desde logo, un feito novo; realízase en todos os sistemas sanitarios públicos de España, independentemente da súa cor política.

Quero lembrarlle que a propia Lei 14/1986, xeral de sanidade, no seu artigo 90.1 establece que “as administracións públicas sanitarias, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer concertos para a prestación de servizos sanitarios con medios alleos a elas. Para tales efectos, as distintas administracións públicas terán en conta con carácter previo a utilización óptima dos seus recursos sanitarios propios”. Ademais, no punto 4 do mesmo artigo –sempre a defendemos, todos dicimos que a Lei xeral de sanidade é unha gran lei, creo que non é do Partido Popular pero todos a defendemos– di que “as administracións públicas, dentro do seu ámbito, fixarán as condicións mínimas, básicas e comúns aplicables aos concertos a que se refíren os apartados anteriores. As condicións económicas establécense con base en módulos de custos efectivos previamente establecidos e revisables pola Administración”.

Señoría, o sistema público sanitario de Galicia non pode prescindir dos concertos da asistencia sanitaria cos centros

privados. A propia Lei de saúde de Galicia, aprobada neste Parlamento en tempos do Bipartito –creo que vostede era membro do Goberno–, recoñece a importancia do sector privado da atención sanitaria como complementario e subsidiario do sistema público de saúde da comunidade autónoma. Por suposto, contamos cun modelo de planificación asistencial da actividade a desenvolver en centros concertados que se orixine nas estruturas de xestión integrada, establecendo unha coordinación asistencial desde o sistema público que garanta os resultados en saúde. Hai que sinalar, ademais, a importancia deste sector no eido empresarial de Galicia e na creación de emprego.

Na xestión das nosas listas de espera de probas diagnósticas ou cirúrxicas, ademais de atender os nosos pacientes con calidade e seguridade, temos outro obxectivo, que non é outro que cumprir coa Lei de garantías e prestacións sanitarias. Como sabe, no seu artigo 5 establece uns tempos de espera de 60 días para operacións cirúrxicas e 45 para consultas e probas diagnósticas. Estes tempos serían de aplicación aos pacientes que requiran atención sanitaria e hospitalaria de carácter programado e non urxente no ámbito do sistema público de saúde de Galicia, e para os procedementos e situacións clínicas que así se determinen.

Se ante a imposibilidade de intervilo no prazo máximo de resposta no hospital de referencia, se lle oferta ao paciente acudir a outro centro, como ben di vostede, teña a absoluta certeza de que neste centro a asistencia está acreditada pola Consellería de Sanidade, aplicando os mesmos criterios exixibles a un centro público. Esa anécdota que conta vostede, desde logo, non é o que hai que facer, e se hai algún caso, loxicamente se toman as medidas. Está claro o proceso, o que comprende e o que custa tamén. É transparente e público, son convenios que se asinan normalmente por varios anos, pero sempre con total transparencia.

Tamén é importante sinalar que o procedemento de derivación dun paciente a outro hospital garante, en todo caso, o seu seguimento, a continuidade do proceso asistencial e o traslado da información clínica necesaria para o seu tratamento. No caso de que o paciente rexeite a alternativa que lle ofrece e decide seguir esperando para ser operado no seu centro de orixe –situación que é obxecto dunha das súas preguntas–, non será de aplicación o dereito de garantía de tempos máximos de resposta; sen embargo, os dereitos de anti-

güidade que se adquiriron na lista de espera do centro serán respectados.

Señoría, a derivación é unha ferramenta máis que nos permite ser áxiles á hora de dar resposta ás necesidades asistenciais dos nosos cidadáns. Permite reducir as nosas listas de espera sen perder calidade, pois aos centros concertados onde derivamos pacientes exixímoslles os mesmos requisitos que aos nosos centros. A lista de espera, e en concreto a lista de espera cirúrxica, é un instrumento de xestión da actividade asistencial hospitalaria con base nun sistema de información complexo. Está dirixido a dar unha resposta áxil en función da prioridade que teña cada un dos pacientes, e non só o seu tempo de espera. Así o foron entendendo os nosos profesionais e incorporándoo ao seu modo de prestar asistencia sanitaria á nosa poboación.

A lista de espera xestiónase así con criterios explícitos e homoxéneos, onde a prioridade clínica guía as decisións, e non só o tempo de espera, como indicabamos antes. Trátase de darlles unha resposta aos nosos cidadáns de acordo coa súa situación e gravidade, que foi o que fixemos dende o ano 2009, cando definimos as prioridades para, precisamente, poder responder segundo a necesidade dos pacientes.

Os resultados están aí. Neste momento, co último dato que temos das listas de espera, a 31 de decembro de 2015 a prioridade 1 estaba moi por debaixo do obxectivo, que son trinta días, tanto no conxunto do sistema –18,9 días de media–, como en cada unha das EOXI. En 2009, por certo, cando gobernaba o Bipartito, estaba en 28,3 días; a diferenza é entre 18,9 e 28,3. A prioridade 2, a prioridade preferente, que é aquela que é grave sen ter unha repercusión vital, tamén estaba por debaixo dos 60 días; o obxectivo que nos marcamos, en concreto, 55,9, por debaixo –como digo– dos 60 días.

Hai outros datos obxectivos que me gustaría engadir. Recentemente se publicou na revista científica Gaceta Sanitaria un título titulado Austeridade e privatización sanitaria en época de crise. “¿Existen diferenzas entre as comunidades autónomas?”, este é o título do artigo –se quere, despois faga unha copia deste artigo–. Está realizado por investigadores da Universidade do País Vasco e do grupo de investigación de determinantes sociais de saúde e cambio demográfico. É a primeira revisión integral publicada da evolución das chama-

das políticas de austeridade e privatización, que vostede como título inicia, e ademais é moi típico da Cámara falar da privatización no ámbito sanitario en España.

Trátase dun estudo independente, e o obxectivo do traballo é analizar as posibles diferenzas entre comunidades autónomas en relación coa súa xestión política en época de crise. No estudo, revisaron cada comunidade autónoma o cambio producido entre o 2008 e 2013 en tres dimensións. Unha delas foi o denominado grao de privatización sanitaria, medido segundo o cambio na porcentaxe do gasto sanitario público dedicado á contratación de centros privados e a proporción de camas hospitalarias públicas en relación coas privadas. Este é o artigo –despois, se quere, doulle unha copia– publicado hai uns días.

Pois ben, se analiza os resultados da publicación, poderá comprobar que Galicia é unha das seis comunidades que diminuíron o gasto destinado a financiar centros privados, e tamén unha das catro que aumentaron a proporción de camas públicas nos hospitais. O que é medible non é opinable, señoría. Á vista dos datos, semella que a acusación constante de que favorecemos a privatización non se axusta demasiado á realidade. Dicía ao principio vostede que o presidente Feijóo, os recortes e todo iso.... Bueno, pois se hai máis camas públicas que privadas despois deste período de austeridade, significa que o presidente Feijóo inaugurou un gran hospital en Vigo, estamos na ampliación do Hospital do Salnés, do hospital de Ourense, do hospital da Coruña, e iso, evidentemente, é incremento de camas e incremento de gasto en materia sanitaria; pero non gasto privado, senón gasto público para o servizo público.

Polo momento, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Se quere, señor Almuíña, podemos facer un intercambio de artigos. Eu tamén teño unha mancha de artigos que deixan en bastante mal lugar a sanidade pública de Galiza. Eu, se quere, doulle datos tamén de que desde a volta do Partido Popular ao Goberno da Xunta se pecharon máis de 600 camas hospitalarias nos centros

públicos. Iso é medible, non é opinable, ¿verdade? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, datos de vostedes. Se quere, o que é medible e non é opinable é que os recortes en sanidade se rebaixaron máis dun 12,3 %; medible, non opinable. Que no ano que rematou, nos orzamentos do 2015, os orzamentos da sanidade pública da Xunta de Galiza foron os que máis se recortaron da sanidade do Estado español. ¿Quere que lle siga dando datos? E logo, cando queira, quedamos para facer intercambio de artigos, que tamén os hai totalmente na dirección contraria.

Mire, o problema non é que aquí sexa un clásico da Cámara falar da privatización, o que é moi típico é... non é que sexa típico, é que a práctica do Goberno de Galiza é a práctica da privatización da sanidade. Se non fora esa práctica, pois aquí nesta Cámara non se falaría de privatización. ¿E sabe tamén que é moi típico e clásico? Que vostedes non contesten a nada do que se lles pregunta. Eu tiña por escrito preguntas concretas, fíxenlle algunhas outras máis verbalmente, e vostede non contestou a ningunha. Vostede non contestou a ningunha.

Mire, eu xa sei que hai unha lexislación vixente que lles permite facer as derivacións. E como a que había non era suficiente, aprobaron a Lei de prestación sanitarias, de garantías. ¡Claro! Porque non lle era suficiente e porque, legalmente, non podían facer esas derivacións como as están facendo agora a saco. Entón, se a lei non lles vale, cámbiana, efectivamente, para que haxa unha lei que os favoreza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Por suposto! É que se fora ilegal estarían no xulgado. É que estamos falando de opcións políticas, señor Almuíña.

Vostede di que esas derivacións permítenlles reducir dun xeito áxil as listas de espera. ¿E vostede non cre que sería bastante máis áxil –pero bastante máis– usar os recursos da sanidade pública para diminuír esas listas de espera? ¿Deixar de ter pechadas infamemente camas de hospitalización? ¿Deixar de ter pechados quirófanos? ¿Deixar de ter feito un ERE infame na sanidade pública, destruíndo miles de empregos públicos na sanidade, case 3.000, desde esa taxa de reposición? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Almuíña, non me veña agora con que xa se recuperou no 2015 a taxa de reposición, ¿e todo o que se perdeu antes? Sería bastante máis fácil, máis lóxico e bastante máis barato.

Mire, en todo caso eu volvo preguntarlle: as listas de espera que o Sergas ten colgadas na súa web ¿é un número real que esperan para ser intervidos dalgunha patoloxía?, ¿ou o Sergas manexa outros datos?, ¿ou hai outros datos? Se é certo que, se non aceptan ser derivados a un centro privado, os sacan da lista de espera. Son preguntas moi fáciles, ¿sí ou non? Póñoello fácil, ¿sí ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois contésteme aquí, que quede gravado, ¿sí ou non?, a estas preguntas así de fáciles, ¿non?

¿En que situación quedan os doentes, estando en lista de espera, que non aceptan? É unha pregunta moi fácil. ¿Cantos doentes ten derivado o Sergas a centros privados nos últimos cinco anos? ¿Cantos? ¿Canto lle custou ao Sergas? ¿Cal é o desglose por patoloxías e por centros? ¿Cales son eses centros privados que están levando a cabeza do león desa derivación sanitaria, señor conselleiro? Son preguntas moi fáciles de contestar. Ademais, se son tan fáciles, como son a súa prioridade, a prioridade do seu departamento, debe ter moi presentes estes datos, porque son a prioridade coa que xoga todos os días. Entón, eu insístolle en que son preguntas realmente fáciles.

Eu dígoille, efectivamente, que o PP practica unha política de recortes e demolición da sanidade pública. Que o Sergas recorta sistematicamente recursos na sanidade pública, mentres aumenta os que destina á sanidade privada. Que maquea as listas de espera ata facelas irrecoñecibles, salvo que vostede agora me conteste e diga que non. Se me di que non, que esas que ten publicadas na páxina web son as reais, pois entón eu calo.

Escurantismo, opacidade, é o que rodea as derivacións á sanidade privada, señor conselleiro, e as listas de espera. ¿Por que non queren facer públicos os datos? ¿Que están agochando? ¿Que é esa realidade tremenda que agochan e que nin a facilitan por escrito cando se lle pide nin contestan aquí cando vimos preguntarlle? ¿Por que non queren dar eses datos se vostedes están convencidos de que iso é un mecanismo, que ninguén vai ter problema e que van ter a anuencia dos galegos e das galegas? ¿Por que non fan públicos os datos? ¿Por que non permiten que todos e todas coñecemos que están facendo vostedes cos recursos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...cos impostos, dos galegos e das galegas? Porque son os impostos dos galegos e das galegas, non os sacan vostedes do bolsillo. Vostede ten a obriga de xestionalos, entón tamén ten a obriga de dar aquí contas de como xestiona eses recursos e ten a obriga de contestar esas preguntas.

E tamén quero que me conteste a por que ningunea a valedora do Pobo, señor conselleiro. ¿Por que non crea os consellos de saúde de área que se demandaron aquí nesta Cámara, que están contemplados na Lei galega de sanidade, e que vostedes non crean? ¿E por que –diante dunha denuncia de SOS Sanidade Pública– leva catro requirimentos a Xerencia de Compostela e a consellería para que lle faciliten os datos a respecto da non constitución do Consello de Saúde da Área de Compostela...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e da mala calidade das agullas que usan as persoas con diabete, en especial os nenos, catro requirimentos, e a consellería a xerencia non contestan?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ¿Por que ningunea tamén a valedora do Pobo, valedora do Pobo nomeada polo Partido Popular?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Moitas grazas.

Espero, por favor, que me conteste ás preguntas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Grazas.

Turno de peche. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):** Grazas, presidente.

Señora Prado, moito artigo hai pero non me mostrou ningún; o meu téño aquí para fotocopiarllo ao acabar o acto.



Mire, vou contestarlle os tres mecanismos que segundo vostede ten esta consellería para actuar sobre a demora e as derivacións de pacientes:

Primeiro mecanismo, lista de espera. É un mecanismo que –como digo– non existe en Galicia nin en España, existe en todos os sistemas sanitarios públicos de Europa, loxicamente. ¿Por que? Porque é unha demanda crecente. O importante é que deamos resposta, e –como dixen na anterior intervención– deamos conta deles nunha orde cronolóxica pero fundamentalmente por prioridades. Iso é o que estamos a facer coas prioridades urxentes, prioridades 2, e utilizando todos os medios que podemos, que a lei nos deixa utilizar. E, como dixen tamén, dentro de todos os pacientes, aqueles aos que se lles ofrece a alternativa dun centro concertado seguen no rexistro de pacientes e non perden esa antigüidade.

Pero antes dicía unha cousa moi interesante, dicíame que mandabamos aos concertados as cousas máis fáciles, as que non custan nada e tal. Evidentemente, porque non sei se vostede preferiría que deriváramos a cirurxía cardíaca aos centros concertados. Creo que o sistema público galego ten que facer os casos máis complicados alí. Pero sabe tamén que o módulo que estaba publicado do custo que hai –por certo, á baixa dende hai moito tempo– vai en relación coa patoloxía; non se paga igual por unha hernia que por unha derivación máis complexa. É así. Entón, creo que defenderá comigo que debemos derivar aos concertados as patoloxías menos importantes, menos graves, e debemos resolver dentro do noso propio sistema as patoloxías complexas.

Derivación da sanidade á privada. Mire, gustábame moito o que puxo de exemplo, porque vostede en vez de artigos falaba de anécdotas, contaba unha anécdota de aquí, outra... eran tres anécdotas. Pero gustoume moito a da sala de espera, o de que estaban alí falando: ¿de onde vén vostede? No, venimos del mesmo hospital, nos van a operar e demais. Esa sala de espera, debía haber catro ou cinco, dicía vostede... E na época vosa do Bipartito, aquela sala de espera non se entraba nela, porque nunca houbo tanto gasto en sanidade privada, en derivación a concertados, como na época do Bipartito. De feito, cando vin a gráfica eu pensei que se trataba do Tour de Francia porque había unha pendente impresionante, parecía Alpe d'Huez. Non, son as derivacións de pacientes e o gasto en concertados na época do

Bipartito. ¡Ah!, entón, no Bipartito gastábase bastante diñeiro. Por iso digo que cando di vostede que é a cabeza de león, os negocios, non sei que e non sei canto, na época do Bipartito –onde vostedes formaban parte del– era moitísimo máis complexo. Creo que non debemos entrar nese tipo de demagogias que non conducen a nada.

Pero facía tamén referencia vostede ao terceiro mecanismo, que chegaba a dicir que non se derivaran pacientes de primaria á especializada, ou, dentro da especializada, que se resolvera o antes posible. Pois, loxicamente, o que cremos é que a asistencia primaria é moi importante; nós cremos na asistencia primaria, vostede non sei. E interésanos que a asistencia primaria sexa resolutiva, e se pode resolver e o paciente non ser derivado á especializada, moito mellor. Por iso se crearon consultas novas. Hai consultas que creo que están moi ben, porque a consulta do especialista é a través dun correo electrónico onde se explica ese comentario, e evitamos que o paciente vaia ao hospital se non é necesario e se podemos resolvelo.

Por iso creo que o que tratamos é de facer unha xestión que favoreza sempre o paciente, pero ademais tendo en conta e valorando os nosos profesionais.

A demagogia é fácil, a demagogia está aí para ser contada. Tamén o que non podo deixar de indicar é que me parece que diga que se pechan camas, seiscentas camas, sen dicir que é ocasional e cando non hai pacientes, e nós polo valor da xestión temos que, loxicamente, non ter cen camas sen utilización de ningún paciente abertas e simplemente por dicir que as temos abertas; temos que telas ocupadas e cheas cando haxa necesidade. E si teño que dicir que o incremento de camas está aí, porque se pode contar, e son ampliacións do hospital do Salnés, do hospital de Ourense, do hospital de Lugo, perdón de Lugo hai moi pouco tempo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
...de Ourense, da Coruña e o novo hospital de Vigo.

E dicir tamén que estamos facendo un ERE cando acaba de publicarse unha OPE para 2016 de oitocentas prazas, pois creo que é dicir cousas que non teñen moito sentido.

Desculpe, señora Prado, eu pásolle o artigo este cando queira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e catro deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Almuíña.

Un mes tivemos que esperar para esta resposta, sexa cal sexa a resposta que nos vai dar. Un mes porque vostede non vén voluntariamente a este pleno, señor Almuíña, non, porque este asunto parece non importarlle demasiado á Xunta de Galicia, porque se non fora porque AGE trouxo esta interpelación, vostede non tería vido, ou que outro grupo a trouxera nese caso. Tería que vir vostede por vontade propia dada a gravidade do asunto, ter comparecido, ter informado, ter actuado, pero nin motu proprio, nin tan sequera por comparecencia, porque saberá vostede que solicitamos a súa comparecencia tamén para este pleno relativo a este mesmo asunto, pero díxosenos que había outros asuntos para o pleno. Non sei se vostede non quería comparecer ou é que non lle deixaron, ou a Xunta de Galicia entendeu que este tema non era prioritario, e a nós, en todo caso, iso parécenos unha barbaridade, porque é un tema moi delicado que afecta aos dereitos fundamentais das mulleres.

Estamos a falar do dereito fundamental á protección á saúde, e falamos ademais de dereitos humanos, e falamos ademais dunha situación moi delicada para as mulleres. E porque, ademais, a Plataforma polo Dereito ao Aborto trasladou que xa tiña denunciado esta situación que vostede coñece, que reflectimos na interpelación no mes de xullo. Sen embargo, vostedes non se pronunciaron sobre este asunto ata que este asunto saíu reflectido nos medios de comunicación. Teñen que saír as mulleres denunciando esta situa-

ción para que vostedes se dignen dicir algo. E para o que dixeron, a verdade é que un mes despois que teñamos que traer esta interpelación aquí, a verdade, pois as súas respostas foron bastante pobres.

Mulleres abortando soas nun baño dun hospital. Esa é a situación que hoxe traemos a esta cámara, partos euxeñéticos ou de abortos en diferido, que se inducen sen posibilidade de anestesia epidural. Temos coñecemento mesmo de inducións de fetos practicamente xa no terceiro trimestre; mulleres non acompañadas por ningún ou ningunha matrona, só coa atención puntual das enfermeiras da planta de Xinecoloxía, no caso do CHUAC, que ademais teñen que atender o resto de doentes da unidade. Ponse o tratamento, proporciónase unha cuña –nalgúns dos casos– e aí a parir o feto morto, o fillo morto, a filla morta. Esa é a dolorosa experiencia que denuncian as mulleres que tiveron a valentía de trasladar á Plataforma e aos medios de comunicación esta terrible situación. Ou partos na propia cama; porque son partos, aínda que sexan de fetos non viables ou con algún problema para a nai; aínda que sexan abortos programados, son partos. E son partos traumáticos, onde esa muller perde a filla ou o fillo desexado.

Así que esta falta de atención non só agride o relativo dereito á saúde física, á saúde reprodutiva, senón á propia saúde mental, ao propio benestar psicolóxico da muller, á mínima dignidade, ao mínimo coidado que se pode ter na atención a esta situación. Unha habitación non é lugar para un expulsivo dun parto; un parto, aínda que sexa o dun aborto euxeñético, produce contraccións e dor. Un parto, aínda que sexa un aborto euxeñético, necesita de atención especializada.

E, para colmo, aquelas mulleres que si exixen ter acceso aos seus dereitos, a oferta alternativa é desprazarse a Madrid para que alí lle realicen o procedemento, nunha clínica privada. ¿Para que temos a sanidade pública?, ¿por que temos que enviar as mulleres a abortar nun aborto programado, nun aborto euxeñético, a Madrid a unha clínica privada? Xa é suficientemente problemático ou traumático o proceso como para aínda por riba ter que sumarlle a viaxe e o desprazamento a Madrid. É totalmente inexplicable.

Nós consideramos que todo isto pode considerarse violencia contra as mulleres, e queremos saber que valoración

faí vostede e a Xunta de Galicia; queremos que nos conte cal é o protocolo do Servizo Galego de Saúde para os abortos no segundo trimestre; queremos que nos explique por que non se oferta esa anestesia epidural nos casos que sexa necesaria e por que se están dando estes casos de partos en habitacións e baños sen persoal especializado para poder atendelos; como, dende o Sergas, xa se recoñeceu, a verdade, que esta situación, efectivamente, se estaba a dar. E, polo tanto, xa que está recoñecida, queremos que nos diga o número de centros onde se segue este procedemento, inexplicable ao noso entender.

Dende Planificación Familiar asegúrase que este procedemento se dá en todo o Servizo Galego de Saúde, que ningún hospital público pode cumprir na actualidade cos protocolos internacionais e que o único que lles ofrecen ás mulleres é ou parir o seu feto morto nestas condicións ou desprazarse a Madrid.

Díganos, señor conselleiro, cal é o motivo de que non proporcionen asistencia sanitaria adecuada e, sen embargo, financien eses abortos en clínicas privadas madrileñas –por certo, pagando a propia clínica, evidentemente, e só o desprazamento, o resto de gastos corren a cargo das mulleres–; infórmenos de paso do número de matronas existentes en cada un dos nosos hospitais públicos e de cal é o número de partos e de abortos que atende cada un. Servizos desbordados, porque tamén o vimos no hospital de Vigo, que se falou esta mañá, e tamén na atención nos centros de orientación familiar, e, sen embargo, matronas no paro. Eu ás veces preguntome para que formamos especialistas.

E díganos, sobre todo, ante esta terrible situación, ante esta realidade, que é o que van facer, porque vostede é o conselleiro de Sanidade e levan xa un mes de atraso, un mes de inacción. E non só que vostede non viñera aquí comparecer, nin trasladarnos cal é a súa opinión sobre o tema, senón que non se fixo absolutamente nada.

Eu prégole, por favor, que a súa resposta non se limite a dicir que van investigar o caso, porque xa o dixeron aos medios de comunicación hai un mes e a situación segue absolutamente igual.

A violencia obstétrica, señor Almuíña, é violencia tamén contra as mulleres, e nós entendemos que un sistema sanita-

rio público non pode amparar ningún procedemento dese tipo.

Polo tanto, dada a súa responsabilidade, responda a estas cuestións e díganos que vai facer para resolver esta situación.

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Señor presidente, señorías, señora Solla, boas tardes.

¡Home!, eu creo que veño cando me invitan a vir; aquí estou esta tarde e creo que estou igual ocupando todo o tempo que teñen vostedes para escoitar o Goberno, e encantado; creo que unha función fundamental dentro do Goberno é a transparencia. Paréceme fundamental. *(Aplausos.)*

Señora Solla, estamos a falar dun tema moi sensible, polo que lle rogaría que o manexemos coa máxima seriedade, rigor e respecto, tanto no que se refire ás mulleres como aos profesionais implicados no seu coidado. Neste contexto, teño que dicirle que determinadas expresións que empregan ao redactar a súa interpelación resultan extremadamente imprudentes, e volve aplicalas agora na intervención oral. É evidente que na asistencia que prestamos sempre existen aspectos de mellora, ou mesmo se poden cometer fallos. Sen embargo, afirmacións textuais como “hai un claro maltrato institucional” ou “unha forma máis de violencia contra as mulleres” resultan de todo punto inaceptables.

Non sei se é consciente da gravidade das acusacións que formula. Ademais de contribuír a xerar alarmismo na nosa poboación, é evidente que non se axustan ás intencións do noso sistema sanitario público e que resultan extremadamente inxustas, pois poñen en dúbida a profesionalidade dos traballadores que exercen esa asistencia, e iso, como conselleiro de Sanidade, non o podo consentir.

Señoría, ten vostede todo o dereito de pedir explicacións nesta cámara, mais pregaríalle que no futuro sexa máis pru-

dente antes de facer afirmacións de semellante calado cara aos nosos profesionais.

O primeiro que debemos sinalar é que as actuacións levadas a cabo nos nosos centros (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nos abortos acaecidos no segundo trimestre da xestación son iguais en todo tipo de interrupcións do embarazo. Non hai diferenza se se trata dun aborto espontáneo ou voluntario solicitado ao amparo dos artigos 14 e 15 da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, que son os que recollen as causas polas que este poderá interromperse.

O protocolo do proceso obxecto da súa interpelación esencialmente é como segue: en primeiro lugar, facilítalle á muller información sobre as opcións recollidas dentro da lei, entréganlle os documentos de consentimento informado e explícanse as técnicas que eventualmente se realizarán. Durante todo o proceso o equipo de psicólogos está á disposición das necesidades que presenta a paciente, incluso unha vez dada de alta para o seguimento na medida que precise. Cando é precisa a hospitalización a paciente ingresa na Unidade de Xinecoloxía en habitación individual, se é posible, cun acompañante; evidentemente, por razóns obvias de privacidade, non de illamento. O xinecólogo informa do procedemento e, no que proceda, realiza a prescrición farmacolóxica correspondente, sexa esta profiláctica, analxésica, intervencionista ou calquera outra que fose precisa durante a súa estada, ou a alta. Realiza tamén o seguimento na etapa previa e o postaborto.

O emprego da analxesia epidural, tamén obxecto das súas preguntas, é individualizado en cada caso, tendo en conta as contradicións e efectos secundarios que pode provocar a condición da paciente. Vostede sabe que a epidural non é unha técnica que non ten ningunha complicación, tenas e, loxicamente, os profesionais elixen en cada momento se é necesario ou non é necesario, porque non estamos a falar dun parto a termo, senón dun aborto dun feto evidentemente de moitas menos semanas.

O persoal de enfermería, tanto as enfermeiras como os técnicos en coidados auxiliares de enfermería de planta, danlles ás mulleres as instrucións e recomendacións necesarias da unidade: emprego do timbre, horarios de visitas, comidas,

mobiliario de habitación, etc. A enfermeira establece o plan individualizado de coidados baseándose nas necesidades que presenta a paciente, tanto físicas como psicolóxicas. Cómpre destacar que o proceso realizado se fai alonxado fisicamente do paritorio por razóns psicolóxicas que comprenderán. Habitualmente o procedemento faise por indución farmacolóxica, que estará controlada polo equipo médico e de enfermería da planta. A paciente ten acceso ao timbre de chamada ao persoal, que pode empregar cando o precise con independencia das visitas que teña programadas o propio persoal.

Hai que sinalar que o emprego de fármacos no proceso de dilatación pode acurtar o proceso de expulsión, polo que esta situación imprevisible pode dificultar a asistencia durante toda a expulsión fetal. En caso de necesitarse legrado, actúase segundo o protocolo establecido para ese procedemento. Evidentemente, como sabe, o legrado faino o persoal facultativo. Vixíase a evolución da paciente en planta, atendida tamén por facultativos e persoal de enfermería. Realízase unha revisión médica postaborto previa á alta. Finalmente, emítase un informe clínico de alta médica onde se indican as recomendacións, tratamentos e seguimento necesario e mais de continuidade de coidados de enfermería para continuar en atención primaria cos coidados que precise, de matrona ou de enfermeira.

Señoría, pregunta vostede polo número de matronas no Sergas. Son 337, delas 167 en atención primaria e 170 en hospital.

Por outra banda, e como mostra da magnitude deste tipo de atencións na nosa comunidade, é importante destacar que en 2015 se teñen rexistrado en Galicia 539 episodios de ingreso hospitalario por aborto espontáneo.

Como saben, contamos co sistema Queres. O sistema é un sistema de xestión único e homoxéneo para todo o Sistema público de saúde de Galicia, que permite recoller, resolver e informar as reclamacións e suxestións que se presenten en relación coa prestación dos servizos do Sistema público de saúde de Galicia. No dito sistema non consta reclamación ningunha tramitada relativa á IVE (interrupción voluntaria do embarazo) ou aos abortos espontáneos no segundo trimestre; ningunha.

Non obstante, señoría, tamén lle digo que estamos dispostos a indagar e estamos indagando calquera disfunción na

aplicación dos protocolos, e seremos loxicamente estritos porque cremos que é un problema importante, un problema de sensibilidade, un problema de atención. De feito, estamos a levar a cabo unha investigación sobre as informacións relativas á falta de atención en abortos euxeñéticos que vostede comentaba. Neste senso quero sinalarlle que a pasada semana a Fiscalía Provincial da Coruña vén de activar as dilixencias informativas incoadas a raíz da denuncia presentada pola atención dispensada no Hospital Maternoinfantil Teresa Herrera, aínda que –reitero– manteremos a nosa propia investigación.

–Xa remato, señoría.– Coincidiremos en que as consecuencias psicolóxicas e emocionais dun aborto natural poden ser moi dolorosas para a muller e tamén para a súa parella cando esta existe. Esta dor tamén pode aparecer tras unha interrupción voluntaria. Desde o sistema sanitario debemos velar para que a atención prestada nestas doentes, tanto antes, como durante e despois do proceso, sexa a mellor desde o punto de vista asistencial. Non dubide de que traballaremos con este fin.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, leva aquí xa cinco meses e infórmoo de que pode comparecer por petición propia, por se non o sabe. Porque pode vir sen que nós o invitemos a estar aquí no pleno, pero saiba ademais que solicitamos a súa comparecencia e que o Grupo Popular considerou que non era necesaria. Polo tanto, mal por parte do Grupo Popular e mal por vostede por non vir comparecer por petición propia.

Mire, a verdade é que eu estou bastante cansa de que utilicen sempre –son vostedes os que os empregan– os profesionais; eses mesmos que se manifestan na rúa protestando contra a súa xestión, eses mesmos os que vostedes ameazan, por exemplo, no Complexo Hospitalario de Vigo, de sancionalos se protestan polas restricións de persoal. Son vostedes os que atacan os profesionais con esas restricións e con eses recortes nos seus dereitos laborais. Son vostedes os que os

atacan cando recortan nos medios humanos e materiais para que eles e elas realicen o seu traballo. Dende logo, cando dende esta tribuna ou dende fóra desta tribuna nós solicitamos máis medios humanos, máis medios materiais e que se poidan proporcionar máis e mellores servizos sanitarios, non só non atacamos os profesionais, senón que os estamos defendendo porque a realidade é que se o sistema se mantén é grazas a elas e eles; senón, se por vostede fora, estarían completamente sós e soas nos seus postos de traballo. Porque a Consellería de Sanidade fai deixamento das súas funcións, e este caso é un caso evidente: un mes despois e o único que nos pode dicir é que están indagando.

Mire, poderá confundir ou poderá enganar a outra persoa. Non sei se... imaxino que vostede sendo médico saberá a diferenza entre unha analxesia e unha anestesia; non son o mesmo. E cando eu lle pregunto pola anestesia epidural non lle pregunto por unha analxesia, estoulle preguntando por unha anestesia, que ademais pautar un anestesista ou unha anestesista, non o xinecólogo, ou iso debería ser o que se fixera; nos partos normais faise deste xeito. Polo tanto, vostede non deu resposta a por que non se proporcionan ou non se dá a posibilidade ás mulleres de que se acollan a esta posibilidade.

Di vostede que medicina e enfermería están presentes durante todo o proceso; sen embargo, as denuncias, denuncias que ademais corroboran os centros de orientación familiar e moitos profesionais, o que están a dicir é que na realidade, en moitas ocasións, as mulleres dan a luz ao feto morto soas na habitación, ben no baño, ben na cama ou ben onde as pille, porque non se trasladan a ningún paritorio. É correcto que as mulleres se atendan no Servizo de Xinecoloxía e non no de partos, pero ten que haber –vostede teno que saber–, segundo os protocolos internacionais, un paritorio específico para os partos que así o necesiten, aínda que sexan os abortos programados, os euxeñéticos.

E, ademais, a min gustaríame saber, xa que vostede di que están indagando, cando vai rematar esa indagación e quen está a facer esa indagación, e a quen están a preguntar e a quen van consultar.

Eu tamén leo a prensa e tamén lin o da Fiscalía. Non comparto que, en fin, retirarlle importancia a esta denuncia. Pero non vou comentar o asunto da Fiscalía, senón que lle

vou pedir a vostede, e así o fixen na primeira intervención, responsabilidade como o que é, conselleiro de Sanidade. E, polo tanto, cando o que se está a denunciar –non só por parte das mulleres, senón por parte de profesionais– é unha situación tan grave coma esta, ten vostede a responsabilidade de tomar medidas. E é evidente que cando os propios responsables ou traballadores dos centros de orientación familiar afirman que esta situación se produce en todo o Servizo Galego de Saúde, comprenderá, señor Almuíña, que non é unha cousa de alarmismo, é unha cousa de que vostede ten que vir aquí, pola súa responsabilidade como conselleiro, dicirnos que é o que vai facer ante esta situación tan grave.

A min gustaríame saber por que vostede non deu resposta, e gustaríame que o aclarase; por que non se pode producir o procedemento tal e como estipulan os protocolos internacionais na sanidade pública de Galicia, e por que vostedes pagan desprazamentos a clínicas privadas de Madrid para realizar un procedemento que debería estar a darse aquí. Non contestou vostede, gustaríame que o fixera.

Prégolle, por favor, que responda, que non sexa demagógico, que non traemos esta interpelación porque nos apeteza ou porque teñamos a ben molestalo a vostede, senón porque estamos a falar dun tema gravísimo dende o punto de vista sanitario, pero dende o punto de vista dos dereitos das mulleres. ¡Claro que é violencia institucional obrigar unha muller a parir o seu fillo morto nun baño dunha habitación dun hospital! Se non o é, a min gustaríame que vostede nos dixera que é o que lle parece que unha muller teña que dar a luz ao seu fillo, á súa filla morta na habitación dun hospital soa, con dolor e sen persoal adecuado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Rolda de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
Señor presidente.

Neses procesos, como en calquera outro, do que se trata en definitiva é de adaptar os protocolos aos recursos existentes e ás necesidades asistenciais da cidadanía cos adecuados niveis de calidade e seguridade. Neste senso, teño que

dicirle que no Servizo Galego de Saúde a atención ás mulleres que realizan interrupcións voluntarias do embarazo nos centros sanitarios públicos de Galicia está debidamente protocolizada. Non sei se vostede ten outro protocolo distinto, pero nós temos un protocolo que se defende en calquera institución e a calquera nivel.

No manexo destas pacientes interveñen facultativos especialistas en Obstetricia e Xinecología, persoal de enfermería e auxiliares de clínica. No caso das interrupcións voluntarias do embarazo as mulleres acoden en primeiro lugar a ese centro de orientación familiar que vostede repetidamente está dicindo na súa intervención que é unha persoa, un comentario que fai unha persoa nun COF concreto da Coruña. Pero agora vou dar información máis xeral de profesionais, que non están de acordo con iso. As pacientes son informadas por un médico, insítese en aspectos psicolóxicos que poidan estar ligados á interrupción da xestación e, unha vez no hospital, tanto no caso de interrupcións voluntarias de embarazo como os abortos espontáneos, cando chegan á planta reciben todas as instrucións, as recomendacións necesarias por parte de enfermería. O proceso realízase arredado da área de Obstetricia e Dilatación para evitar causas psicolóxicas en beneficio da paciente. Ingrésanse nunha habitación individual sempre que sexa posible, acompañadas por un familiar ou achegado, en todo momento, que así o desexen.

Convén sinalar tamén que a utilización de novos fármacos no proceso de dilatación cervical ten acurtado sensiblemente –como antes indicamos– o proceso de expulsión fetal. A analxesia máis empregada nestes casos é a convencional, con opiáceos ou derivados dos mesmos, con bos resultados. Se ben tamén está contemplada a analxesia epidural nos casos en que sexa precisa, pero esa indicación faina un profesional, non é unha elección do primeiro que pasa por alí; estamos preparados para facelo pero cando sexa necesario. Non é só que o digamos nós, señoría, pois en días pasados ten saído á prensa a Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecología, a Asociación Galega de Matronas, as matronas do CHUAC, o equipo de enfermería do Hospital Teresa Herrera afirmando tanto que os protocolos existen e se seguen como que a práctica clínica é correcta e que se respecta a dignidade e intimidade das mulleres. Creo que son colectivos suficientemente importantes como para poder dicir que o que se está facendo é correcto.

Hai un feito claro que sempre se ten presente neste tipo de intervencións. O obxectivo principal de todos os sanitarios que acompañan as pacientes que teñen que pasar por esta situación é o seu confort e benestar, tanto físico como emocional. En calquera caso, a nosa consellería, e co fin de garantir os dereitos recollidos pola lei, está a realizar unha investigación sobre as informacións relativas á falta de atención aos abortos euxeñésicos. ¿Quen fai esa investigación? A Inspección Médica, que é o colectivo, o colectivo formado e con ampla experiencia, que ten ese labor específico para a súa realización.

Están pendentes de conclusións, e dígolle que posiblemente nunha semana teñamos o informe definitivo para constatar a súa opinión, a súa opinión, co que ocorra realmente nas nosas instalacións. Pero si lle digo que a min me chama moito a atención cando, despois do seguimento que facemos co sistema Queres, que é o máis directo e onde todos os pacientes e familiares poden facer reclamacións directas, non houberse ningún rexistro de ningunha suxestión nin de ningunha queixa sobre este aspecto.

Nós seguiremos de todas formas, porque entendemos que, como digo, é un momento moi difícil que pasan moitas mulleres e imos estar con elas, non só no ámbito asistencial, que por suposto, senón tamén no ámbito do acompañamento e de estar guiando todo o proceso.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Pasamos ao turno de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución de orzamento destinado á xestión de servizos de internamento de menores**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente, boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Está na tribuna de invitados o persoal dos centros de internamento de menores; ou sexa, que hoxe lle piden que conteste aténdose á verdade e non como fixo meses atrás a instancias dunha pregunta formulada pola señora Gallego. Porque vostede coñece perfectamente a situación, aínda que xustamente chegara ao desempeño das súas funcións xa con este problema iniciado. É dicir, que, dos dous centros de internamento privados que existen e do centro CIEMA, de medio aberto, vostede se atopa cun concurso que queda deserto. Queda deserto porque ese concurso se fai case en baixa temeraria, é dicir, reducindo para os centros de internamento un 17 % dos orzamentos e para o de réxime aberto un 19 %, e non se presenta ningunha entidade sen ánimo de lucro, ningunha empresa, queda deserto. Vostede comprométese a sacalo de novo a concurso. Efectivamente, volve estar a concurso, pero segue estando cun orzamento absolutamente ridículo, porque se reduce nun 15 % –se se reduce máis, efectivamente, estaríamos falando dunha baixa temeraria–, auméntase a petición de persoal nun 10 %. E o compromiso que vostede adquiriu nesta Cámara, que é o seguinte –vouno ler porque está exactamente no Diario de Sesións–, é sobre o tema da eliminación dos postos. Mire, hai unha obriga a través dos convenios; polo tanto, existe unha obriga de subrogación. Polo tanto, tranquilidade ao persoal que está prestando estes servizos. Se ese persoal estaba correctamente contratado no momento do inicio da prestación do servizo tense que incluír obrigatoriamente no prego de condicións que regulará o novo concurso. Tres persoas do centro de Ourense están fóra do prego de condicións que regula o novo concurso. Vostede comprometeuse aquí –e tamén me consta personalmente que co persoal– a que estarían recollidos todos os postos de traballo. Por iso que hoxe lle preguntamos por que se segue mantendo este recorte nuns centros que prestan un servizo tan importante e que é unha obriga a de executar as medidas ditadas polos xulgados no referido a menores infractores por parte do Goberno galego. Exíxenlles máis persoal, redúcenlles orzamento, pasando de 210 euros/día a 180, e ademais eliminan tres prazas.

Vostede adquiriu uns compromisos hai exactamente, no mes de novembro, cinco meses. Cinco meses despois, co concurso xa aberto, cos traballadores aquí, coa súa preocupación a respecto de como van prestar ese servizo traballando máis, cobrando menos, con tres persoas que van ser despedidas, porque non están na subrogación dese contrato... Mire, consideramos moi importante saber –non nos conteste ao

Grupo Parlamentario do BNG, conteste a estes traballadores—por que seguen mantendo unha dotación tan pequena...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...para estes centros e por que eliminan estas tres prazas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Señor presidente.

Señora Adán, señorías, a verdade é que a esta pregunta, como ben sabe vostede, porque acaba de ler a miña resposta, contestei hai uns meses. O que podo dicir, iniciando esta contestación, é que manteño o que dixen naquel momento cando estaba recién chegado á Consellería de Política Social.

Pero, mire, cando estamos falando de menores, cando estamos falando da área de familia, da área da infancia, o que lle podo dicir é que non hai ningunha redución orzamentaria, máis ben todo o contrario. O incremento orzamentario da dirección xeral é dun 40 %. Sabe vostede que temos varios tipos de servizos, que ademais eses servizos nalgúns casos son complementarios. Temos 4.000 menores en Galicia que teñen expedientes de protección, dos que 1.464 están baixo a tutela pública; e, afortunadamente, aumentando o número de menores que están en situación de acollemento familiar, un 61 %, e dese 61 % que están en acollemento familiar o 87 % están en acollemento en familia extensa.

É verdade que temos a 400 mozos e mozas que están executando algunha medida xudicial. A Xunta de Galicia debe executar esas medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores daqueles que cometeron feitos tipificados no Código penal.

Señora Adán, non é o que din na súa pregunta. Falan de tres centros de internamento, e en Galicia existen catro centros de internamento, como estou seguro de que vostede coñece perfectamente: o Concepción Arenal, o Monte Ledo,

o Avelino Montero e o centro de atención específica Monte Cid, que cobren esas necesidades precisamente de internamento en casos con intervención xudicial. Pero tamén temos nas catro provincias centros de intervención educativa en medio aberto, os coñecidos como CIEMA.

Mire, as prazas de internamento incrementáronse nos últimos anos exactamente nun 33 %. Había 94 prazas de internamento no 2009 e agora contamos con 125. As prazas de educadores incrementáronse en catro persoas no centro Avelino Montero. E tamén se desenvolveron obras de mello-ra deses centros; no Avelino Montero e no Complexo Monte Alegre, aproximadamente un millón de euros.

Novos programas: o Programa Mento, cun investimento de máis de 1,5 millóns de euros; o Programa de avaliación e tratamento terapéutico; e o Programa de integración familiar. Polo tanto, toda unha serie de programas que o que demostran é o compromiso do Goberno de Galicia precisamente con eses menores que requiren procedementos de reinserción, que é o que estamos a facer.

E respecto do que está plantexando na súa pregunta, o que lle dicía ao principio: na Consellería mantemos que hai un dereito de subrogación dos traballadores que, desde logo, como Administración responsable, imos vixiar cando poidamos firmar os convenios de colaboración coa entidade social seleccionada por unha mesa de contratación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Mire, conselleiro, eu debín explicarme realmente mal. Hai un centro, que é o centro Concepción Arenal, e outro, que é o centro Monte Ledo, nos que se reduce o orzamento nun 15 %. A pregunta é: ¿redúcese o orzamento nun 15 %?, ¿si ou non? Vostede menea a cabeza, entendo que non. Pero, claro, se imos ao prego de contratación redúcese o orzamento nun 15 %; polo tanto, hai unha redución de orzamento, e hai unha petición de persoal que se incrementa un 10 %. Logo, menos orzamento e máis persoal, co cal a entidade terá que facer os seus axustes. ¿Mantense todo o persoal? Non, hai tres persoas, tres postos



–tres postos que responden, efectivamente, a tres persoas que veñen exercendo ese traballo dende o ano 1999– que non aparecen. Polo tanto, si que se reduce o persoal, aínda que vostede diga aquí que poden estar tranquilos –tranquilidade do persoal que está prestando estes servizos–.

Polo tanto, non é a pregunta sobre o ámbito de menores nin sobre o que se incrementa na súa consellería nin nada diso, senón que, se efectivamente hai dotación orzamentaria nun 40 % máis na súa consellería ¿por que aos centros, non aos centros públicos, senón aos centros que están en réxime privado, como son o Concepción Arenal e o Monte Ledo, se lles reduce nun 15 % o orzamento e hai maior exixencia de persoal? Creo que non o podo dicir máis despacio. ¿Por que? ¿E por que non se mantén todo o persoal?

Están aquí os traballadores. Xa se reuniron con vostede nunha ocasión. Vostede fixo unhas promesas diante deles. Se vén hoxe realmente a dicir que mantén o que dixo hai cinco meses, será que o novo concurso tiña que saír cunha dotación orzamentaria similar á que existía antes do concurso de xuño de 2015, e non é así. Vostede simplemente o reduciu, no canto do 17 %, nun 15 %. E deberían manterse todos os traballadores, e non é así.

Polo tanto, eu o que lle pido non é que fale de menores e da súa consellería, senón deste problema concreto: por que vostede segue mantendo esta redución orzamentaria e por que caeron as tres persoas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...os tres postos de traballo do centro de Ourense.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Pois moitas grazas, a ver se son capaz de explicarme ou de repetir un pouco mellor as miñas explicacións dos meses pasados e as explicacións que acabo de facer.

Mire, existen dous procesos que rematarán en convenios de colaboración da Administración por un importe de 4.128.000 euros e de 4.364.000 euros. Eu comprométeme aquí a revisar eses importes, revisáronse tecnicamente eses importes, e acadamos un incremento, un incremento de 86.118 euros/ano; en catro anos, 344.000 euros.

Polo tanto, o que se fixo foi ter unha maior dispoñibilidade orzamentaria, porque se volveron revisar, tal e como xa se revisaran estes contratos por parte da Intervención da Consellería, que é a que elabora os cadros económicos, como vostede sabe perfectamente, que regulan este tipo de convenios, este tipo de contratos.

Polo tanto, o que lle podo dicir é iso, e podo reiterarlle que, dende logo, a Consellería o que non vai facer é permitir que exista ningún tipo de redución de persoal respecto do persoal que vén desenvolvendo a súa función. Porque hai unha obriga legal que está por riba dos pregos, que é a subrogación do persoal que está nun determinado servizo público. Polo tanto, o que lle digo é que a previsión que ten a Consellería de Política Social é que se adxudique, porque esta vez non quedou deserto. Polo tanto, creo que esa é unha boa nova para os traballadores e unha boa tranquilidade para toda esta Cámara, iso en primeiro lugar. E unha vez que se adxudique, velar por que ningún persoal quede fóra. Ese é o compromiso que eu dixen no mes de novembro, que provocou unha revisión dos pregos. E o compromiso que lle digo é que, unha vez adxudicado, o que imos é a velar por que haxa unha subrogación legal de todo o persoal. Iso é o que lle podo contestar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación dalgunha medida para a devolución das cantidades debidas aos contribuíntes polo cobramento indebido do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Grazas, presidente.

Conselleiro, como ben sabe, o 1 de xaneiro de 2002 implantouse o imposto sobre vendas minoristas de determi-

nados hidrocarburos, o coñecido como “céntimo sanitario”, un imposto que tiña un tramo estatal de 0,024 céntimos/litro e un tramo autonómico –no caso galego, de 0,048 por litro–. Desde o minuto cero houbo un montón de xente que reclamaba e dicía que este imposto era ilegal. No ano 2008, o executivo comunitario declarou ilegal este imposto denominado “céntimo sanitario”, dándolle a razón a toda esta xente que dicía que era ilegal. O lóxico sería pensar que o executivo deixaría de cobrar por este imposto, pero a realidade é que seguiu cobrando ata o último minuto.

Ao longo dos anos de aplicación deste denominado “céntimo sanitario” as administracións públicas recadaron arredor de 13.000 millóns de euros, 13.000 millóns de euros cobrados ilegalmente. Non o digo eu, dío unha sentenza da Unión Europea.

Supoño que estará comigo en que, se o Estado recadou ilegalmente 13.000 millóns de euros, terá que devolvérllelos aos contribuíntes aos que llelos recadou. ¿Cal é a realidade? A realidade é que só se estima que se van devolver 2.000 millóns. ¿Por que? Primeiro, porque a maioría dos usuarios son particulares, e a verdade é que ninguén garda 14 anos o recibo dunha gasoleira. E, segundo, porque por parte do Ministerio de Hacienda, para devolver estas cantidades, exíxense unha serie de requisitos que son de moi difícil cumprimento.

Con esta restricións, as empresas acudiron aos tribunais, reclamando pola vía da responsabilidade patrimonial pois aquelas cantidades cobradas de forma indebida. Pensemos que no caso dun camión estaríamos a falar de arredor de 3.000 euros por ano e vehículo, e, segundo as estimacións dos sindicatos de transportes, falan de que cada camión serían uns 16.000 euros e un autobús serían 14.000 euros o que perderían.

Como a opción que lles daba o Goberno era de recuperar eses 2.000 millóns, o 15,3 % do recadado ilegalmente, pois as empresas foron aos tribunais. E a Sala 3ª do Tribunal Supremo votou recentemente os oito primeiros recursos dándolles a razón ás empresas.

¿Que é o relevante destes oito recursos? Que non son oito recursos collidos ao azar, senón que son escollidos como representativos dos máis de 4.000 recursos que hai

ante os tribunais, e que é previsible que todos eles sexan resoltos no mesmo sentido, xa que se basean nunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 27 de febreiro do 2014, que declara a lei que autoriza este imposto contraria á Normativa 92/12 da Comunidade Económica Europea.

Polo tanto, estas sentenzas poden implicar a devolución doutros 1.000 millóns de euros; é dicir, que estaríamos a falar de que dos 13.000 se poderán recuperar 3.000, é dicir, un 23 %, 1 de cada 4 euros.

A pregunta que lle fago, señor conselleiro, é: ¿vai o Goberno da Xunta habilitar algunha medida para devolver o imposto cobrado indebidamente ou terán os contribuíntes que seguir reclamando ante os tribunais? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Santín.

Resposta do conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas, señor presidente.

O imposto sobre vendas retalistas de determinados hidrocarburos foi un tributo –como vostede dixo bastante correctamente– vixente no noso ordenamento entre o primeiro de xaneiro do 2002 e o 31 de decembro de 2012, que gravaba en fase única as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

O tipo de gravame do dito imposto constaba de dous tramos, o estatal, vixente para todas as comunidades autónomas, e o autonómico, que podían regular ou non as comunidades autónomas.

Os rendementos derivados do imposto quedaban afectados na súa totalidade ao financiamento de gastos de natureza sanitaria e orientados por criterios obxectivos fixados no ámbito nacional. Trece comunidades autónomas aprobaron tipos autonómicos, entre elas Galicia, que exerceu a súa competencia normativa e estableceu o seu propio tipo no ano 2004.

É importante resaltar que, malia que inicialmente estaba previsto que da xestión deste imposto se fixeran cargo as

comunidades autónomas por delegación do Estado, pero en cada unha das leis de cesión de tributos ás ditas comunidades se prevía que a xestión continuase sendo exercida pola Axencia Española de Administración Tributaria, deberían ser as comunidades as que instasen para o traspaso dos servizos adscritos ao tributo. Teño que dicirlles que ningunha comunidade instou ese traspaso, e, polo tanto, foi o Estado quen xestionou o imposto durante toda a súa vixencia nas comunidades de réxime común.

No ano 2001, efectivamente, xa o sinalou vostede, a Comisión Europea informou ás autoridades españolas que a introdución do dito imposto podería ser contrario ao dereito comunitario. No ano 2003 iniciouse un procedemento de incumprimento contra España, e, efectivamente, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 27 de febreiro de 2014 declarou este tributo contrario á Directiva do Consello 92/2012 de impostos especiais.

Esta directiva establece a posibilidade de que os produtos que xa están suxeitos a impostos especiais poidan ser gravados ademais por outros impostos indirectos de finalidade específica e con determinadas condicións. O tribunal considerou que o imposto carecía desa finalidade específica, entendendo que, para que esta exista, non pode ser exclusivamente orzamentaria.

A sentenza sinala expresamente que, para poder aceptar a legalidade do mencionado imposto, a súa estrutura, o feito impositivo e o tipo de gravame debería de estar concibida de forma que disuada os contribuíntes de empregar hidrocarburos ou que fomente o emprego doutros produtos cuxos efectos sexan menos nocivos para o medio ambiente.

Como tamén sabe, o imposto que nos ocupa foi derrogado polo Estado en xaneiro do 2013 e integrado no imposto especial sobre hidrocarburos tras un proceso de negociación coa propia Comisión Europea, na que se permitía esa diferenciación por territorios, en concreto por comunidades autónomas, de tipos impositivos dentro dunha horquilla determinada.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Desta forma, na actualidade o imposto sobre hidrocarburos

ten un tipo xeral cedido no 58 %, e dous tipos especiais, estatal e autonómico –que queda na man da comunidade autónoma a súa aprobación–, cedidos ao 100 % no seu rendemento. É dicir, o imposto de hidrocarburos en vigor é plenamente compatible coa normativa europea.

Polo que se refire ás devolucións, gustárame deixar claro que a competencia reside exclusivamente no Estado, a través da súa Axencia Tributaria, aínda que Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor conselleiro. Aínda ten outro turno, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** ...como o resto de comunidades autónomas, non asumiu ningunha competencia xestora no ámbito do imposto

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno, aínda ten outro turno, señor conselleiro.

É que aínda ten outro turno, pero remate xa, remate a pregunta.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente. En resumidas contas, dúas cuestións: o imposto contrario está xa derogado, e as competencias que ten nestes momentos a Administración autonómica en materia de xestión non é ningunha. Polo tanto, é a Axencia Tributaria a que debe xestionar este tributo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Parece unha interpelación, case saíu unha interpelación.

Réplica, señor González Santín.

**O señor GONZÁLEZ SANTÍN:** Grazas, presidente.

Ben, se non entendín mal –vostede corríxame–, á pregunta que eu lle facía de se o Goberno da Xunta ía habilitar algo, o Goberno da Xunta non vai facer absolutamente nada para devolver este imposto. Non sei se o entendín mal.

Eu vólvolle recordar que estamos a falar de que se cobraron, por parte do Estado e das comunidades autónomas, 13.000 millóns de euros de forma ilegal, e que se van

devolver 3.000; 2.000 nun procedemento farragoso a través da Agencia Tributaria, polo que non fai máis que protestar todo o mundo que ten que acudir a ela, e outros 1.000 pola vía do xulgado do contencioso, por vía de responsabilidade patrimonial. Por certo, unha vía de responsabilidade patrimonial que o señor Montoro non quixo aceptar en vía administrativa e que obrigou a todos os que estaban nesa situación a ir ao xulgado para que lles devolvesen o diñeiro.

É dicir, van recuperar unha cuarta parte do recibido. E por iso eu lle pregunto, porque xa é cousa da súa consellería, señor conselleiro: ¿non hai un enriquecemento ilícito da Administración por ese tributo con respecto á Xunta de Galicia? Aí hai un enriquecemento ilícito ao que supoño que vostede lle terá que dar resposta.

¿Dáse conta de que este imposto se recadou de forma ilegal no momento de maior crise que tiñamos aquí no sector do transporte, cando estaban cerrando un día si e outro tamén empresas de transporte? Estamos a falar, como lle dixen antes, de 3.000 euros por camión e por ano. Se estamos a falar dunha empresa media, unha empresa pequena que teña 10 camións, estaríamos a falar dunha recadación ilegal de 160.000 euros, dos que lle van devolver 40.000 euros.

Eu preguntome e preguntolle, señor conselleiro: se ese transportista que está nese caso lle debera á Axencia Tributaria 160.000 euros e lle pagase 40.000, ¿que pasaría?

Voulle dicir eu o que pasaría: que irían ao embargo, e os seus responsables, os seus dirixentes, terían que responder desa barbaridade.

Eu o único que pido é que a Xunta de Galicia faga algo polos nosos transportistas, que no fondo son os únicos que van poder recuperar algo dese diñeiro, para axudalos a que esa perda que tiveron polo menos non a sigan mantendo no tempo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Santín.

Turno de peche, señor conselleiro, por tres minutos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):**

Espero non consumilos desta vez.

Reitero: a Comunidade Autónoma, como todas as de réxime común, non xestionou este imposto. A Xunta non pode habilitar de seu ningunha medida para a súa devolución.

O reintegro do coñecido céntimo sanitario é consecuencia da famosa sentenza da Unión Europea, efectivamente. Insisto en que a modificación do imposto nos está a permitir blindar o gasto social, porque é un imposto que a nosa comunidade si que decidiu voluntariamente destinalo á recadación da sanidade, plenamente vixente na actualidade, plenamente legal, e que supón esa blindaxe do gasto social que lle comentaba. E hai unha cuestión a maiores: que dende primeiro de xaneiro do 2014, o novo imposto contempla o que si é a nosa competencia, que é a devolución absoluta deste novo imposto respecto do soportado polos profesionais, sexan empresas grandes, empresas pequenas ou moitas das empresas que son malamente de un ou dous camións, como vostede dicía, ou incluso dentro do que pode ser o profesional da rama dos transportes de autobuses en xeral, que tamén temos bastantes en Galicia dun tamaño bastante menor do que vostede dixo.

Polo tanto, dúas cuestións. Respecto do anterior, as competencias de calquera comunidade autónoma de réxime común sobre el non é de responsabilidade directa. O noso apoio e a nosa colaboración poderán ter, se así nolo piden as distintas asociacións, para facilitarlles as cousas, pero non é competencia da propia Xunta. E respecto da situación actual, que si é da nosa competencia, está totalmente corrixida.

Agradezo moito a pregunta que me fai, pero o que si ten que recoñecer comigo é que estamos un pouco na tesitura, con todos os meus respectos, do efecto mariposa. A Xunta en determinadas cuestións sempre se atopa no medio, e levamos dun lado e do outro.

Neste caso, antes non tiñamos competencia, e si que podemos prestar o noso apoio cando así nos sexa requirido. E, por outra parte, estamos falando dunha situación que dende xaneiro do 2014 está totalmente corrixida, que si é a nosa competencia e por iso, actuando en consecuencia, esta-

mos devolvendo o famoso céntimo sanitario a todos os profesionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. José Antonio Sánchez Bugallo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia que vai ter a disposición derogatoria única da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos concellos que se rexen polas súas normas subsidiarias**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías, e especialmente á señora conselleira.

Xa temos falado nesta Cámara, xa o ten plantexado o noso grupo, e non é a única excepción, que a nova Lei do solo de Galicia ten máis buratos que un queixo de gruyère. Tamén sei que a señora conselleira, cando chegou ao cargo, atopouse cun prato xa precociñado, e tampouco tivo nin moitas posibilidades nin moito tempo para intervir neste tema. Pero o certo é que cada día aparece un problema novo.

Recentemente nesta mesma Cámara tivemos que tramitar por urxencia a modificación do artigo 147 para dar solución aos grandes proxectos de interese de iniciativa pública. Tamén me consta que a señora conselleira xa é coñecedora dun problema xurdido coa disposición transitoria cuarta pola desaparición da previsión que contiña a lei anterior en relación coas explotacións agrarias sitas en núcleos rurais, que quedan fóra de cobertura na nova lei.

Falaremos seguramente máis adiante deste tema, e nós estamos á espera de que por parte da Consellería se ofrezca algunha solución. De paso, aproveito para dicir que o noso grupo ten pedida a comparecencia da señora secretaria xeral na Comisión 2ª, e que espero que por unha vez o Partido Popular acepte esa comparecencia, co fin de que se poida falar con maior profundidade dos problemas e da posible solución destes problemas.

Hoxe o que lle traio aquí é outro que fai referencia ás normas subsidiarias. As normas subsidiarias é a normativa urbanística pola que se rexen 155 concellos de Galicia; polo tanto, a metade dos concellos de Galicia, e a maioría dos concellos de menos de 5.000 habitantes. En concreto, 105 dos 203 concellos menores de 5.000 habitantes réxense polas normas subsidiarias, e outros 50 concellos maiores de 5.000 tamén.

O que é certo é que na nova Lei do solo nin sequera aparecen mencionadas as normas subsidiarias, e o que si se entende é que estas serán substituídas por outras figuras, que serán o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais.

Pero ¿cando haberá Plan básico autonómico e plans básicos municipais? Non hai ningunha previsión temporal nin hai financiamento no ano 2016 para a súa elaboración.

Polo tanto, ¿que pasa co urbanismo destes concellos? Pois, señorías, destes 155, 97 réxense polas normas subsidiarias municipais, e 58 –51 deles menores de 5.000 habitantes– polas normas subsidiarias provinciais, que ao noso criterio están derogadas.

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** A min gustaríame que a señora conselleira nos explique como entenden eles que está a situación destes concellos e que solución se lles dá.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Señoría, sei que vostede, como alcalde que foi dunha cidade importante, da nosa capital de Galicia, coñece ben a normativa de urbanismo, e estou convencida de que das preguntas que vostede me formula xa sabe a súa resposta.

Non me parece axeitado que diga vostede que esta é unha lei que ten buratos. Os buratos dos que vostede fala, sabe vos-

tede coma min que foron provocados neste caso –por exemplo, do que primeiro puxo de exemplo– por unha sentenza absolutamente extemporánea no tempo de tramitación dunha lei, e que, evidentemente, dende o Goberno da Xunta de Galicia tiñamos o compromiso –por certo, apoiado pola súa formación política– para dar resposta a un problema que hoxe o ten a cidade de Vigo, pero que en calquera outro momento o pode ter calquera outra cidade. E que, efectivamente, son para proxectos de interese xeral e para proxectos urxentes.

Sabe vostede tan ben coma min que é a primeira vez na historia de toda a Comunidade Autónoma de que antes de que a lei entre en vigor xa está presentado o borrador do regulamento que vai desenvolver esta lei; isto non ocorreu nunca. É un borrador dun regulamento que é integral, é dicir, que integra, como vostede sabe, tres normativas que eran de carácter estatal e que teñen que ver co desenvolvemento dunha lei.

Isto non ocorreu en ningún momento, e sabe vostede moi ben que ese regulamento vai ser a ferramenta útil que nos permitirá a todos nós clarexar non só a disposición transitoria cuarta da que vostede falaba en canto ás explotacións agrarias, senón calquera outro tema dos que vostede chama –mal chamados desde a miña perspectiva– buratos. Porque eu non botaría por fóra o esforzo que despois de seis anos teñen desenvolvido técnicos da Xunta de Galicia en conxunto con moitas institucións e representantes da cidadanía, porque hai que ter en conta que esta lei chega a este Parlamento con oito de cada dez alegacións presentadas –e non vou falar do que vostede xa coñece, como pode ser o Colexio de Arquitectos e distintas institucións–.

Dito isto, moi ben dicía vostede que, efectivamente, hai dúas ferramentas das que fala agora a lei en canto á ordenación, que é o obxectivo delas, que son o PXOM, o planeamento, e mesmo o Plan básico. E di vostede: ¿que vai pasar entón coas normas subsidiarias ou as normas complementarias? Estou convencida de que sabe a resposta, e a resposta é: ¡nada!; no sentido de que, efectivamente, seguen en vigor absolutamente todas ata que consigamos entre todos nós que os 314 concellos da nosa comunidade teñan ou o PXOM ou o seu Plan básico municipal, que, como xa sabe, son para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

Polo tanto, sementar dúbidas; bueno, pois se vostede ten a dúbida, pretendo clarificala con esta resposta: as normas

subsidiarias e complementarias vanse manter, van seguir exactamente igual. Porque esta lei contempla unha transitoria ata o momento en que o concello –que é o competente– decida levar a adiante o seu PXOM, ou, en todo caso, se é menor de 5.000 habitantes, decida levar a adiante o Plan básico municipal.

Pola miña parte nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica. Señor Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Señora conselleira, síntoo, e pídolle desculpas se a ofendín, pero o tema das normas subsidiarias non é un burato, é un socavón inmenso, porque afecta a moitos concellos de Galicia. E non é exacto o que vostede acaba de dicir, mire, déalle ao buscador –porque eu probei, por se eu me despistaba– do regulamento. ¿Sabe o que di das normas subsidiarias? Nada, non as menciona. ¿Sabe o que di a lei das normas subsidiarias? Nada, non as menciona. ¿Sabe o que di a disposición transitoria primeira sobre as normas subsidiarias? Nada, non as menciona.

Di vostede que seguen en vigor. ¿Sabe o que di a Secretaría Xeral de Urbanismo, páxina 22 da documentación anexa á lei? Di: “Considérase que non contan con planeamento os que unicamente teñan delimitación de solo urbano e os que se rexan polas normas subsidiarias provinciais”. Isto di, e está no anexo da propia lei, páxina 22. Por certo, aí o que sería aplicable sería na disposición transitoria primeira o apartado cuarto. ¿Sabe o que di o apartado cuarto? Di: “Unicamente poderá edificarse nos terreos que merezan a condición de solo urbano consolidado”, e iso, xustamente, é o que practicamente non hai nos concellos rurais. ¿Sabe o que significa iso? Que non se podería abrir unha explotación agraria en ningún deses concellos, porque polas distancias non poden ir no núcleo nin no casco urbano, e non se lles pode dar licenza fóra diso.

Señora conselleira, aterrece do tema, dígalle á secretaria xeral que compareza na Comisión e abordemos esta cuestión. Porque 58 concellos de Galicia con máis de 250.000 habitantes –algúns pequeniños, como Sada e Viveiro, e outros non tan pequeniños como eles– quedan sen ningunha normativa urbanística aplicable. E non é só que o diga eu, é

que o di a propia Secretaría Xeral, e que ademais vostede sabe...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** ...que a través do regulamento non se pode modificar unha lei. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Turno de peche. Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Xa vexo, señoría, que ten vostede bastantes temas dos que falar máis alá do cumprimento das normas subsidiarias e complementarias, e que quere introducir outro tema, do cal estaremos encantados de falar en profundidade non só con tres minutos, como pode ser a disposición transitoria cuarta, vencellada ás explotacións agrarias, onde, por certo, no solo rústico, que é no que ten a Xunta de Galicia competencia absoluta para legislar, legisla e, polo tanto, non haberá problema. E tampouco haberá problema nos núcleos urbanos, nos núcleos rurais, porque, efectivamente, ten a capacidade de legislar agora o concello, que é o mesmo órgano que terá a oportunidade de darlles resposta.

Dito isto, e cinguíndome no que creo que é a pregunta que vostede trae a este Parlamento hoxe, hai 96 concellos hoxe en día que non contan con planeamento urbanístico. 96, señoría, 96 que non é que cumpran no adaptado, senón que non teñen planeamento urbanístico e que, polo tanto, se están a rexer agora mesmo coa Louga –porque aínda está en vigor a Louga ata o día 19–, polas normas subsidiarias e polas normas complementarias; que –como tamén sabe vostede– as subsidiarias son as que afectan a aqueles municipios que non teñen planeamentos, complementarias ás que o teñen, pero que, efectivamente, o complementan. Isto segue exactamente igual –e así o contempla a lei– coa nova Lei do solo que vai entrar en vigor.

E mire, señoría, o obxectivo do Goberno da Xunta de Galicia con esta nova Lei do solo non era outro que facer as cousas ben nunha materia tan vital e crucial como é o ordenamento da nosa Comunidade Autónoma. E non se pode poñer en cuestión que dende o principio da anterior legisla-

tura demos os pasos para que isto así fora. Creo que nestes preto de sete anos ter agora unhas directrices de ordenación do territorio, ter agora un Plan de ordenación do litoral, mesmo ter unha nova lei que ten un obxectivo claro, señoría, que é que todos os concellos –os 314– teñan o seu planeamento; que ten un obxectivo claro, que é dinamizar o rural da nosa comunidade; e que ten un obxectivo claro, que é protexer a nosa paisaxe, iso é algo que non se conseguiu na historia do Goberno da Xunta de Galicia e que, efectivamente, a día de hoxe tentaremos clarificalo –aínda máis se cabe– polo regulamento.

Confíe –que xa sei perfectamente que un regulamento non modifica unha lexislación, seino perfectamente– en que ese regulamento vai dar resposta a moitas das dúbidas que vostede probablemente me plantexe e que tentarei responder a través deste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valoración das ofertas presentadas no concurso eólico**

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe o señor Feijóo non contestou á sinxela pregunta de cantos megavatios se instalaron do seu concurso. E manifestou, sen poñerse colorado, que a causa foi que non se cobran primas e que non estaba solucionada a evacuación da enerxía producida. Mentiras e máis mentiras para non asumir as responsabilidades de causar un grave dano ao país.

Cando vostedes chegaron ao Goberno anulárono o concurso aprobado polo anterior Goberno e desenvolveron o seu propio concurso. O tempo demostrou que o seu proceder foi chafalleiro e acabou por ser sumamente prexudicial para a economía do país. Unha sentenza do Tribunal Supremo declarou ilegal a suspensión do concurso do Bipartito por ocorrer en desviación de poder.

É dicir, a súa resolución de suspensión é nula de pleno dereito, haxa 17, 18 ou 80 sentenzas no sentido contrario; é nula de pleno dereito. A sentenza abre a porta á reclamación de empresas polos gastos nos que incorreron no concurso e por lucro cesante –como xa está ocorrendo–. Xa hai varias empresas que teñen interpostas as ditas reclamacións patrimoniais e o tempo dirá o que nos custa a todos os galegos e as galegas as súas accións.

Por outra banda, e recentemente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditaba unha sentenza onde anulaba a resolución do seu concurso e na que ordenaba a retroacción das actuacións á fase de valoracións. É un novo golpe á política do Partido Popular no sector eólico e un novo golpe para o país.

O contido da sentenza é demoledor coas actuacións da comisión e, polo tanto, da consellería da que vostede forma parte. E considera que a resolución das valoracións resulta arbitraria e contraria ao principio de igualdade de trato, unha comisión que non atendeu ao seu cometido. E esta sentenza agrava moito máis a situación do sector, ao que aboca a un labirinto xurídico e de novo recursos das empresas, tanto as concesionarias coma non.

Temos un sector paralizado nun sector onde se podía estar creando emprego e riqueza como no resto de Europa. A súa aposta de modificación da Lei 8/2009 como solución para desatascar o concurso non serviu de nada, cero megavattios instalados do seu concurso.

Ante isto, o primeiro que pedimos é que dende o Goberno se asuman responsabilidades políticas polas súas accións, que se valore a situación. Con honestidade, ¿que lle parece a situación do sector eólico actualmente, señor conselleiro? ¿Que plans teñen de futuro para que neste país non se paralice a produción de enerxías renovables tan necesarias para este país, tan necesarias para reducir a dependencia enerxética, tan necesarias para crear emprego de calidade neste país? Isto é produto única e exclusivamente de decisións políticas administrativas dos gobernos do Partido Popular. Somos unha illa en Europa de parálise nas renovables,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...no resto de Europa hai un auténtico boom actualmente, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, o debate de ser un sector estratéxico para Galicia, como é, loxicamente, o sector eólico, eu creo que precisa un debate que debe ser ante todo rigoroso, tanto no que respecta á súa situación xurídica como á súa repercusión económica. E vostede sabe –e dígollo dende a máxima cordialidade– que non ten sido rigoroso na súa intervención. Porque se así fora, se fora rigoroso na súa intervención, reconecería seguramente que o concurso eólico deste Goberno é un exemplo de seguridade xurídica, de imparcialidade e de defensa dos intereses xerais.

E dígolle isto dende o punto de vista xurídico, porque ao longo dos últimos cinco anos os tribunais fóronnos dando a razón, sentenza tras sentenza, validando a legalidade e a constitucionalidade tanto da Lei eólica como do propio concurso. E, de feito, vostede sabe que non hai ningunha, señor Sánchez, sentenza firme en contra do concurso eólico deste Goberno. E esta seguridade xurídica –se fora rigoroso na súa intervención– tamén reconecería que se aplica ao canon eólico –que ten oito sentenzas favorables– e tamén –señor Sánchez, lamento a súa falta de rigorosidade– sobre a anulación do concurso do Bipartito, con outras vinte e unha sentenzas a favor da Xunta; e unha delas, señor Sánchez, do Tribunal Supremo, que validou a anulación do concurso do Bipartito. Polo tanto, señor Sánchez, un pouco de rigor cando fale de sentenzas xurídicas.

Pero se quere tamén entro no fondo da última sentenza, e vostede sabe que esta Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na última sentenza, tan só se pronunciou sobre que non se motivou correctamente un dos catorce criterios de valoración. E sabe tamén que hai outra sentenza –que non a quere trasladar nesta Cámara, porque vostedes sempre falan dunha parte do relato–, como vostede coñece perfectamente, do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que valida, señor Sánchez, a decisión de asignar a mesma valoración a



ese criterio. E nesa ocasión o Tribunal sinalou que a decisión foi adoptada, e cito textualmente a sentenza: “Para disipar toda dúbida de arbitrariedade nas valoracións dos proxectos”.

Polo tanto, a Xunta de Galicia, señor Sánchez, interpuxo xa o recurso de casación contra esta sentenza do ano 2016, porque a sentenza, en primeiro lugar, non é firme, e, en segundo lugar, porque hai fundamentos xurídicos suficientes como para facelo. Polo tanto, señoría, nin esta sentenza anula a asignación de megavatios, nin tampouco afecta o desenvolvemento do concurso do ano 2010.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, dende a cordialidade dígolle que vostede mente e intenta confundir. Mire, aquí teño a sentenza do Tribunal Supremo que declara nula a suspensión do concurso do Bipartito.

E voulle explicar –aínda que sei que vostede non o fai con boa intención que di– o porqué unha sentenza prospera ou non prospera non só dependendo dos feitos que se xulgan, senón do enfoque procedemental que se lle dea. E con que haxa unha sentenza que chegue ao Tribunal Supremo e que a declare nula de pleno dereito, esa resolución é nula de pleno dereito, aínda que haxa 17, 20 ou 30 no sentido contrario, señor conselleiro. Se cadra, non a enfocaron como había que enfocala, con unha é nula de pleno de dereito.

E teño aquí a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que aínda non lle deu tempo a ser firme, pero que di –esta é a do seu concurso, señor conselleiro–, e déixeme que lle explique que non é vostede o posuidor sumo do rigor aquí: “Acóllese o recurso neste punto, e concretamente a petición subsidiaria de anular o resultado do concurso eólico, con retroacción de actuacións á fase de valoración de ofertas presentadas por cada promotor para que a comisión siga os criterios indicados nesta sentenza”, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E isto, señor conselleiro, o que fan vostedes de recorrer ao Tribunal Supremo é simplemente para ganar tempo, por-

que é unha sentenza demoledora, a comisión cualificouna mal, deu mal a cualificación do coeficiente que vostede sinalaba, e non hai volta atrás. Eu aquí xa lle advertín de que o Tribunal Supremo ía ditar sentenza anulatoria da súa resolución do Bipartito, revise as actas, xa o advertín –a pesar de que non son moi rigoroso, segundo vostede– antes de que pasara, e pasou.

E dito iso, o efecto é o mesmo, señor conselleiro, o efecto é que as empresas non instalan ningún megavatio, o efecto é que polas súas actuacións nos últimos dous anos se instalaron cero megavatios; non dan solucións para un sector que segundo vostede é estratéxico para este país, ¡cero megavatios!, señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E vostede, ademais –remato xa, remato xa, señor presidente–, e a efectos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa. Remate xa, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...prácticos, sabe que xa hai numerosas empresas que están presentando reclamacións patrimoniais; as súas actuacións vannos custar moitos cartos, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Lamento que siga con esta ficción xurídica, señor Sánchez, e, sobre todo, con esta irresponsabilidade política. Claramente está mezclando con toda intencionalidade dúas sentenzas que non teñen nada que ver; eu aclárolle, loxicamente, todas as sentenzas que precise, pero, como xa lle dixen, esta sentenza do ano 16 –á que se refire a súa pregunta– nin anula o concurso, nin anula a asignación de megavatios, nin tampouco afecta o desenvolvemento do concurso.

Trasladeille, claramente, como hai outra sentenza do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que é contraditoria, e iso é o que motiva, loxicamente, que presentemos este recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

Pero, loxicamente, señor Sánchez, o concurso vai seguir coa súa tramitación administrativa con plena normalidade, e por dous motivos principais: xa lle aclarei os aspectos xurídicos, agora voulle aclarar, se mo permite, os aspectos económicos. En primeiro lugar, porque este Goberno está defendendo o desenvolvemento do sector eólico, temos autorizados xa 15 parques eólicos que suman 374 megavatios, e mañá –como tamén se trasladou hoxe mesmo no Parlamento– sumaranse outros dous parques na Baña e na Pastoriza para que se incrementen en 36 megavatios o número de autorizacións administrativas do concurso.

Pero, señoría, este concurso tamén é de interese para a sociedade galega, que vostede non quere recoñecer. Parece que vostede vén aquí defender os intereses das empresas, eu laméntoo profundamente. Nós estamos aquí para defender –xa llo dixen– o interese xeral, polo tanto, o interese da sociedade galega.

E, polo tanto, debería recoñecer como xa este concurso tivo impactos positivos para a sociedade galega, seguramente non para vostede, nin para as empresas que vostede quere defender, pero si para a sociedade galega. E sabe que hai plans industriais que xa mobilizaron máis de 1.000 millóns de euros e que xa xeraron en Galicia máis de 2.000 empregos. E tamén hai un canon eólico –do cal non quere falar– que (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) permitiu tamén a recadación de 137 millóns de euros para a Comunidade Autónoma. Un canon que, como sabe perfectamente, as empresas queren eliminar, parece que vostede tamén o quere eliminar, pero este Goberno, dende logo, non o vai eliminar.

Polo tanto, señoría, como xa lle dixen, a sentenza á que vostede fai referencia non é firme, e nós, loxicamente, seguiremos tramitando o concurso con toda normalidade. E, dende logo, sabe vostede que non é certo, señoría, non é certo, que o Tribunal Supremo declarase ilegal este concurso. Non é certo por moito que vostede diga o contrario. Nin tampouco é certo que se anulara o anterior concurso. Lamento o seu descoñecemento xurídico do concurso eólico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

### **Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro. Imos preguntarlle sobre violencia obstétrica. Vostede contestou a unha interpelación hoxe pola tarde e quedamos aínda con máis dúbidas. Eu teño aquí unha copia do que foi unha reclamación presentada, unha denuncia presentada en xullo de 2015 –o 20 de xullo, en concreto– dirixida á Consellería de Sanidade para poñer en coñecemento da consellería o que estaba ocorrendo coa atención integral ao aborto no segundo trimestre de xestación.

Está realizada pola Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña. Mulleres representantes desta plataforma están hoxe na tribuna para escoitar a súa contestación. Despois de sete meses non hai contestación diante desta denuncia, onde se alertaba a consellería de Sanidade do que estaba ocorrendo, e do que despois tivo coñecemento a consellería e tivemos coñecemento moitas máis persoas a través dos medios de comunicación, cando as propias mulleres tiveron que saír a relatar feitos que podemos cualificar de horrorosos, horribles as situacións que se estaban vivindo nos centros do Sergas.

E nesta denuncia dicíase claramente que se debe garantir que a muller estea atendida durante todo o proceso de indución do expulsivo e despois deste por unha matrona. Que se debe garantir o apoio emocional á muller e que se debe garantir a mesma atención que no parto, facendo referencia aos protocolos internacionais.

Aínda hoxe, marzo de 2016, sae na prensa como profesionais do COF da Coruña denuncian que un mes despois do coñecemento dos feitos a través da prensa é falso que se cumpran os protocolos internacionais. Vostede falou dende esa tribuna de que se están cumprindo os protocolos. O que queremos xa non é preguntarlle, senón pedirlle, reclamarlle,

que xa de xeito inmediato chegue á consellería hoxe pola tarde, mañá pola mañá –se quere as horas que son–, e dea orde estrita de que se cumpran todos os protocolos internacionais, que non teñan que saír as mulleres aos medios de comunicación a denunciar que non son atendidas en condicións no segundo trimestre de xestación cando practican un aborto; que non teñan que ir a Madrid; que non teñan que ir a unha clínica privada; porque na sanidade pública galega non se están cumprindo con todos os criterios ratificados polo Estado español. E mentres Galiza estea no Estado español, tamén entendo que ratificados por Galiza.

Por iso, señor conselleiro, aquí están as mulleres que presentaron esta denuncia hai sete meses, que vostede dixo que non tiña coñecemento do que estaba ocorrendo, e queren escoitar de vostede que a partir de xa se van cumprir todos os protocolos para que as mulleres teñan garantidos os seus dereitos á saúde sexual e reprodutiva.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
Boas tardes, presidente.

Boas tardes, señorías.

Boas tardes, señora Adán.

Loxicamente, debido a que hai o mesmo tema tanto en interpelación como en pregunta, vai haber temas repetidos, desculpen polo mesmo, pero creo que é importante remarcalo. Dende logo, rechazo profundamente a expresión utilizada por vostede de violencia obstétrica, recházoo profundamente.

Entendemos que, empregando a súa propia expresión, di: as autoridades da área sanitaria da Coruña. Penso que se refire ao equipo directivo da Estrutura Organizativa da Xestión Integrada da Coruña, que nin vulneran os dereitos reprodutivos das mulleres con necesidade de que se lles practique un aborto en máis de catorce semanas por causas médicas, nin evidente sexa a súa intención.

Reitero o argumento de que sempre poden producirse situacións nas que non se actuou da mellor maneira posible. Estamos a falar, fundamentalmente, de trata non dun tema asistencial. Agora ben, o que non se poden sacar é conclusións xerais de mala praxe e, menos aínda, xuízos de intencións, como o de que existe a vontade de vulneración dos dereitos das mulleres no que se refire á súa saúde sexual e reprodutiva. Nin os profesionais, nin o correspondente equipo directivo, merecen semellante cualificación.

No Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera, do Complexo Hospitalario da Coruña, como nos demais centros do servizo galego, o proceso de atención sanitaria destes episodios está debidamente protocolizado, tal e como sinala na interpelación á que antes me referín. E non só é que o digamos nós, os profesionais así o ratifican. Nun recente escrito da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía, relativo a esta cuestión, do que se fixo cumprido eco a prensa, pode vostede encontrar frases textuais como as seguintes: “Las interrupciones del embarazo de más de catorce semanas realizadas en el Hospital Materno Infantil de A Coruña han cumplido los protocolos mundiales. Los ginecólogos aceptamos y cumplimos las leyes que han sido aprobadas, respetamos y hacemos respetar la ley sobre las personas que desean interrumpir su gestación, independientemente de la causa.”

Sobre as denuncias de falta de atención e abortos eue-nésicos no Materno, sinalan que: “Las informaciones publicadas non han contado con la opinión profesional de la sociedad, por lo que adolecen de un desconocimiento absoluto del proceso y comportamiento de las medicaciones que se utilizan en este tipo de casos”.

Finalmente, señoría, quero que preste especial atención á seguinte expresión –tamén textual– da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía. Di: “Os xinecólogos galegos aseguran sentirse acosados por distintos movementos que nos sinalan como promotores de violencia.” Son palabras dos profesionais, señoría, dos xinecólogos. Por certo, tamén din: “Que en estos momentos las ginecólogas ocupan más del 70 % de la población profesional y son ellas las que se sienten más ofendidas.”

Prego, por unha vez máis, señoría, sensatez e mesura ao tratar un tema tan sensible,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
...tanto para as mulleres como para os profesionais encargados de coidalas.

Non teña dúbida de que a súa principal preocupación, como a desta Administración, é procurarles a mellor atención, tanto no físico como no emocional. Pretender o contrario resulta tremendamente ofensivo para eles, como teñen manifestado.

Insisto, tamén, que temos unha investigación en marcha, como dixen, feita pola Inspección Médica da consellería, e que nos próximos días teremos resultados das mesmas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Si, grazas, presidente.

Mire, señor conselleiro, co máximo respecto, de verdade debería estar máis preocupado por este tema. Se de verdade lle preocupa que falemos de violencia, debería estar máis preocupado por entender que é o que está ocorrendo, que mulleres que sufriron o que denominan elas algo “horroroso, un horror, violencia total, intolerable, deixáronme soa cinco minutos despois de que saíra o feto, non chegaron, e todo o proceso de expulsión soa.”

Despois de que isto saía á prensa que vostede veña aquí e me lea un papel como se tal cousa, e diga que estamos facendo xuízos... Nós aquí non xulgamos a ninguén. Dende logo non os profesionais, senón que pedimos explicacións á Administración, neste caso a vostede, conselleiro de Sanidade, a respecto do cumprimento ou non dos protocolos internacionais nos casos de aborto no segundo trimestre, así de claro.

Vostede coñecía isto dende xullo de 2015, non fixo nada, e agora vén aquí, lenos un papel e non nos di que vai facer. Se efectivamente hai mulleres que non están sendo acompañadas en todo o proceso de indución, en todo o proceso de

expulsión e, posteriormente, por os ou as profesionais correspondentes, vostede sería o primeiro que debería estar preocupado. Isto ten unha denominación, gústelle ou non lle guste, que é a violencia obstétrica, que é a que se dá cando as mulleres non están acompañadas nese proceso nin atendidas, segundo se recolle nos protocolos internacionais e segundo se recolle nas leis que defenden a saúde sexual e reprodutiva das mulleres.

Non lle facemos unha pregunta, senón que lle facemos unha demanda. Investigue, siga con esa investigación, pero, sobre todo, emita unha orde clara de que se cumpran os protocolos internacionais; se non volveremos a esta Cámara, e as mulleres que están aquí na tribuna volverán ao activismo e a saír á rúa a demandar que se cumpran os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres. E que as mulleres na sanidade pública galega teñan garantidos todos eses dereitos, tamén nos abortos no segundo trimestre de xestación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Adán.

Turno de peche. Señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
Moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que na interpelación comentei cal é o protocolo, vou volver lelo, porque creo que (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dende este punto de vista non quedou entendido pola parte da nosa deputada, que fai, evidentemente, utilización demagóxica dun grave problema que teñen que pasar unhas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) mulleres. Demagogia total, demagogia absoluta.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):**  
Mire o que di o protocolo, e se non lle vale o protocolo, pode criticar o protocolo, pero do protocolo non falou absolutamente nada. Eu vou ler o protocolo, para que quede claro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, en primeiro lugar: “Facilite á muller a información sobre as opcións recollidas dentro da lei. Durante todo o pro-

ceso o equipo de psicólogos está á disposición das necesidades que presenta a paciente. Cando é precisa a hospitalización a partir do ingreso na Unidade de Xinecoloxía en habitación individual, o xinecólogo informa do procedemento no que proceda, realiza a prescrición farmacolóxica correspondente, sexa profiláctica, analxésica, intervencionista ou calquera outra.” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) “O emprego da analxesia epidural tamén é obxecto das preguntas e individualizado en cada caso, tendo en conta as contraindicacións e efectos secundarios que pode ter no caso.”

“O persoal de enfermería, tanto enfermeiras como as técnicas de coidados e auxiliares de enfermería da planta, danlles ás mulleres as instrucións e recomendacións necesarias da unidade. A enfermeira establece o plan individualizado de coidados baseándose nas necesidades que presente a paciente.” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Sei que non lle gusta o que estou dicindo, porque é o protocolo, pero vouno contar, vou acabar de falar deste protocolo. “E habitualmente faise a indución farmacolóxica, que estará controlada polo equipo médico e de enfermería de planta.”

“Hai que sinalar que o emprego de fármacos no proceso de dilatación pode acurtar o proceso de expulsión. En caso de necesitarse legrado, actúase segundo o protocolo establecido por este procedemento.” Seica non lle gusta escoitar o protocolo, pero é o que hai, é o que hai. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) ¡É o que hai!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** “Realízase a evolución e o seguimento da paciente en planta, emítense informe de alta médica onde se indican as recomendacións.” Todo isto é o protocolo.

Loxicamente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o protocolo teñen que cumprilo todos os profesionais dos sistemas públicos de Galicia, e así o fan e así o van facer. E loxicamente cando haxa persoas dentro da organización que non cumpran co seu cometido, a consellería actuará en consecuencia. Non teñan ningunha dúbida, polo demais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O que si chama a atención...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...é o que dicía anteriormente, que non hai unha queixa individual de ningunha paciente no sistema Queres, que é o sistema que utilizamos en todas as EOXI de Galicia para mostrar as suxerencias ou as reclamacións de asistencia sanitaria. Non hai, pero, de todas formas, nós estamos actuando, non de agora, de sempre, vixiando que se cumpran os protocolos.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da tarxeta Benvida, de achega de cen euros ao mes para os nenos que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2016**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o programa de apoio á natalidade posto en marcha pola Xunta de Galicia ten tres eixes de actuación: axudas directas, programas de conciliación e servizos.

Dentro das axudas directas hoxe queremos facerlle unha pregunta relativa ás tarxetas *Benvida*, unha tarxeta que achega cen euros ao mes para os nenos e nenas que nazan a partir do 1 de xaneiro deste ano; unha tarxeta coa que os pais e as nais poderán custear parte dos gastos que ten un bebé nos seus primeiros momentos de vida. É dicir, gastos de alimentación, gastos de hixiene ou gastos en produtos farmacéuticos.

A tarxeta ten un financiamento plurianual de 18 millóns de euros, e ademais nós hoxe queriamos saber, primeiro, a axilización no proceso para que as familias puidesen solicitar esta tarxeta canto antes, o 1 de xaneiro deste ano, ese plantexamento máis ambicioso que o que tiñan vostedes

dende o principio, que é chegar ao 85 % das familias, e, sobre todo, o que queremos saber é como foi ese proceso, cantas familias solicitaron neste momento a tarxeta *Benvida* e cal é a perspectiva da Consellería de Política de Benestar en relación coa prestación desta tarxeta *Benvida*.

Polo de agora máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Arias, señorías, a día de hoxe, dende a posta en marcha desta medida o pasado 1 de xaneiro, recibimos na Consellería de Política Social máis de 2.000 solicitudes da tarxeta *Benvida*. E pódolle dicir, podo informar que 600 familias galegas xa dispoñen da mesma e que a están usando para as finalidades previstas: compra de alimentación, produtos de hixiene e produtos farmacéuticos para os seus bebés.

Neste sentido quero aproveitar para agradecer dende esta Cámara o traballo do persoal da Consellería de Política Social, a súa dilixencia e profesionalidade permitiu primeiro superar o reto que supuxo poñer en marcha por primeira vez unha medida destas características e, segundo, responder con axilidade, mesmo anticipándose aos prazos fixados na orde da súa convocatoria do 30 de decembro de 2015.

Cómpre lembrar que o prazo de presentación de solicitudes da tarxeta é de dous meses contados dende o día seguinte a aquel en que se produza o nacemento ou se constitúa a adopción, e que a Xunta resolverá esas solicitudes nun prazo de tres meses contado dende o día seguinte ao que se presenta a solicitude nun dos nosos rexistros.

Os pais e nais poden facer uso desta tarxeta en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación. O dispositivo estase cargando correctamente de forma automática cada mes cun importe de cen euros, a contía que quede sen gastar estase sumando á mensuralidade seguinte.

A nosa ambición, a ambición da Xunta de Galicia, é que Galicia sexa o lugar que máis se preocupe polas necesidades dos nenos e das nenas. Os fillos son unha prioridade para os seus pais, en primeiro lugar. Os fillos son unha prioridade para Galicia, en segundo lugar. Pero, sobre todo, se son unha prioridade para os seus pais e se son unha prioridade para Galicia, tamén teñen que ser unha prioridade para o Goberno de Galicia. Un reto que non basta con medidas illadas, senón que afrontamos, como sabe esta Cámara, dentro dun plan moito máis amplo.

Somos tamén a Comunidade con maiores deducións por natalidade. Este ano, como dixó esta mesma mañá o presidente, conseguiremos aumentar a ratio de cobertura de prazas de escolas infantís para situala no 37 %, 22.316 prazas. Creo que é o camiño e entre todos temos que conseguir que estes obxectivos teñan resultado a curto e medio prazo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Máis de 2.000 familias solicitaron esa tarxeta *Benvida*, polo que nos acaba vostede de facilitar ese dato. Máis de 2.000 familias en Galicia que seguramente non comparten as críticas que levamos escoitado aquí dende o anuncio da posta en marcha desa tarxeta *Benvida*, críticas e mesmo mofas a esa tarxeta de *Benvida* para os nenos e nenas que naceran a partir do 1 de xaneiro.

Nós estamos seguros de que esas máis de 2.000 familias que teñen xa solicitada a tarxeta *Benvida* non comparten esas críticas. Como tampouco comparten as críticas ao bono-conciliación para esas familias que non teñen unha praza nunha escola infantil da Xunta de Galicia, para o que Xunta de Galicia destina 3,4 millóns de euros. Seguramente que tampouco critican o bono-coidador no rural, que conta con 3 millóns de euros este ano. E tampouco critican que en Galicia, por primeira vez, se cumpra a ratio recomendada pola Unión Europea relativa ás prazas de escolas infantís.

Dende logo, nós consideramos que centrar a política da Xunta de Galicia e centrar a política da súa consellería nas familias e na infancia é acertado. Hai que apostar polas familias en Galicia, hai que apostar polos nenos e polas nenas. E dende o noso punto de vista non é nin a primeira nin a única medida a tarxeta *Benvida*, pero si unha medida importante. Dende logo, esperamos que máis adiante nos traia datos das familias que están facendo xa uso desa tarxeta e que nos traia datos tamén doutras familias que a solicitaron.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):**  
Moitas grazas.

Pois, efectivamente, estamos a falar de axudas directas ás familias. Son as familias un obxectivo fundamental da nosa política social, todas as familias de Galicia, e por iso medidas como esta, medidas que non se quedan en anuncios nunha Cámara, nun debate do estado de Autonomía, senón que son realidades.

Dende logo, moitas veces escoitamos aquí que ía ser imposible que dende o 1 de xaneiro, por razóns orzamentarias e por razóns organizativas, fose posible. Hoxe, xa digo, 2.000 solicitudes, 600 familias que teñen na súa casa esa tarxeta, que dende logo responde a axudas que están facendo outros países do noso contorno e que se relataron aquí noutros momentos. *(Aplausos.)*

E outras medidas, efectivamente, porque non só estamos a falar de axudas directas. Axudas directas que son a tarxeta, axudas directas que son as deducións fiscais. O que ten que ver coa política de conciliación, como dicíamos antes, é que temos que presumir das cousas que van ben en Galicia. Estamos catro puntos por encima da ratio europea recomendada de prazas de escolas infantís. Incrementamos tamén o número de escolas infantís, seguimos tendo a prestación de pago único por fillos menores de 3 anos.

E, efectivamente, este ano crearemos o bono Concilia, con 1.400 novas prazas para conseguir que non teñamos

lista de agarda, para que os pais e as nais que teñen fillos poidan conciliar a súa vida laboral ou a súa vida familiar, ou ambas as súas dúas vidas, porque é algo moi importante.

E tamén outra medida que tamén veremos neste ano é unha medida que tamén comprometemos aquí, que para algúns causa mofa e risa, pero Galicia débese ao seu medio rural *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e temos moitos concellos de menos de 5.000 habitantes sen recursos de conciliación, e este ano crearemos recursos de conciliación neses concellos que ata este momento non teñen *(Aplausos.)* escolas infantís.

E non se trata de nada novo. Temos mirado experiencias europeas no noso contorno, colaboración de expertos internacionais que nos aconsellan a creación das Casas Niño en Galicia, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que supoñen conciliación, para que non se nos encha a boca de falar da igualdade de oportunidades do urbano e do rural, senón que o demostramos.

E demostráremolo con políticas de conciliación sería como son as Casas Niño, que ademais permiten xerar emprego de calidade no noso ámbito rural, e permitirán tamén unha cousa moi importante: o retorno de moita xente titulada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):**  
...ao noso rural que se tivo que ir.

Polo tanto, creo que deses tres puntos de vista ben merece a pena seguir traballando pola conciliación, pola conciliación dos pais, pola conciliación das nais e polas familias de Galicia e polo seu futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

*Remata a sesión ás sete e trece minutos da tarde.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25